AMARIÑAXA

NOVEMBRO - 2026 Nº 95 WWW.AMARIÑAXA.COM EXEMPLAR GRATUÍTO

foz
O PP pregunta polo futuro do rueiro contratado por máis de 14.000 euros. **Páx. 6**

viveiro
Os socialistas levan ao Concello tres queixas sobre servizos e infraestruturas. **Páx. 8**

burela
Burela reclama fondos para colexios, vivenda e conexións por estrada. **Páx. 13**

cervo
O parque infantil de San Cibrao reabre con novos xogos e equipamentos. **Páx. 16**

a pontenova
O municipio reúne antigüidades, artesanía e vehículos clásicos en decembro. **Páx. 19**

Chega a rehabilitación

A catedral de Mondoñedo e o mosteiro de San Salvador de Lourenzá beneficiaranse de 4,09 millóns do 2 % Cultural do Goberno central



Como afectan as Eleccións do 29N en Galicia?

Os galegos escollerán os representantes do Congreso dos Deputados e do Senado. **Páx. 4-5**

Ampliado o orzamento do Plan Deputación

Nunhas contas históricas, o programa de colaboración cos concellos chega aos 25 millóns. **Páx. 27**

O skate gaña espazo en Xove cunha escola

A iniciativa busca fomentar unha disciplina con pouca presenza na comarca. **Páx. 29**

Dores Fernández



O Observatorio da Mariña pola Igualdade pide menos discursos e máis recursos. **Páx. 3**

Pico da Lebre



Seis afeccionados impulsan o xadrez en Foz cun novo club. **Páx. 7**

Mulleres Rurais



As mulleres de Lourenzá únense para impulsar unha nova etapa asociativa. **Páx. 24**



A MARIÑA

O pequeno comercio lucense sorteará un coche híbrido



A Federación de Comercio de Lugo e a Federación Galega de Comercio presentaron en Burela a campaña "O gran sorteo do pequeno comercio de Lugo", que terá como premio un vehículo híbrido. A iniciativa busca incentivar as compras nos establecementos de proximidade nun período entre a volta ao cole e o Nadal, dúas campañas comerciais importantes.

A proposta pretende dirixir o consumo das familias cara aos negocios locais e reforzar a actividade do sector. O presidente da Federación de Comercio, Seijas, destacou que o pequeno comercio achega vida, emprego e riqueza ás vilas, polo que considerou fundamental apoiar o seu tecido empresarial e impulsar a economía provincial.

Ademais, sinalou que a campaña chega nun contexto marcado polo aumento do custo da vida e as dificultades económicas das familias. Por iso, a organización aposta por un premio atractivo para animar os consumidores a mercar nos establecementos locais. O vehículo híbrido foi elixido tamén polo seu carácter sostible.

Os Premios Son Muller buscan novos proxectos empresariais

Mondoñedo acollerá o 11 de decembro, ás 19.00 horas no Auditorio Municipal Pascual Veiga, a gala da novena edición dos Premios Son Muller, promovidos pola Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo (AELU) para recoñecer o emprendemento feminino. O prazo para presentar candidaturas estará aberto ata o 24 de novembro e o xurado dará a coñecer o seu fallo o día 4 de decembro.

Os galardóns inclúen tres modalidades: Son Emprendedora, para proxectos con ata 42 meses de actividade; Son Empresaria, para negocios con máis traxectoria, e Son Empresaria Rural. Cada categoría repartirá premios de 1.500, 700 e 300 euros. A iniciativa conta co apoio da Xunta e da Deputación de Lugo, que achega 3.500 euros.



O Goberno mobiliza 4,08 millóns para rehabilitar dous símbolos

O palacio episcopal prepararase para ampliar o Museo Catedralicio e o claustro de San Salvador converterase nun espazo sociocultural





A catedral de Mondoñedo e o mosteiro de San Salvador de Lourenzá recibirán máis de catro millóns de euros para acometer importantes intervencións de conservación, rehabilitación e recuperación dos seus espazos. A resolución provisional do programa estatal do 2 % Cultural reserva un total de 4.091.721,31 euros para os dous inmobles da Mariña, que poderán avanzar así en proxectos destinados non só a mellorar o seu estado de conservación, senón tamén a ampliar os seus usos culturais e turísticos.

A maior achega, de 2.862.520,43 euros, corresponde ao mosteiro de San Salvador de Lourenzá. A actuación prevista inclúe a reparación completa das cubertas do conxunto e a adecuación do claustro principal, que se atopa cedido ao Concello para o seu aproveitamento público. A intención é recuperar este espazo histórico e convertelo nunha área sociocultural que poida acoller actividades e propostas abertas á cidadanía.

O proxecto busca tamén incorporar o claustro aos percorridos de visitas turísticas, de maneira que poida formar parte da oferta patrimonial da vila. Unha vez rehabilitado, o espazo terá capacidade para recibir actividades culturais e musicais, ampliando as posibilidades de uso dun dos edificios máis representativos de Lourenzá.

A alcaldesa, Rocío López, valorou a aprobación da axuda como un avance importante para o municipio, que levaba tempo agardando por unha solución que permitise afrontar a recuperación do mosteiro. A rexedora destacou que a intervención vai máis alá da conservación arquitectónica, xa que permitirá dotar o edificio de novas funcións e contribuír á dinamización da localidade e ao seu atractivo cultural e turístico.

O uso público do claustro está amparado por un convenio entre o Concello e o Bispado de Mondoñedo-Ferrol, cunha vixencia de 50 anos. O acordo facilita que as dependencias cedidas poidan manter unha función aberta á veciñanza unha vez completados os traballos.

MONDOÑEDO. En Mondoñedo, a intervención contará cunha achega de 1.229.200,88 euros e centrarase no palacio episcopal, integrado no complexo catedralicio. O obxectivo é recuperar e acondicionar este inmoble histórico para ampliar o Museo Catedralicio e Diocesano, incorporando novas dependencias aos espazos expositivos.

Nesta primeira fase abordaranse os traballos de preparación, consolidación e adecuación do edificio. O orzamento total da obra está fixado en 1.891.078,27 euros, polo que a subvención permitirá financiar unha parte destacada da intervención. A continuación será necesario desenvolver unha segunda etapa destinada á musealización dos espazos, que permitirá preparar o inmoble para o seu novo uso.

A recuperación do palacio episcopal supón unha actuación relevante para o conxunto catedralicio, que leva anos precisando investimentos para mellorar o seu estado e aproveitar todo o seu potencial patrimonial. A ampliación do museo permitirá dispoñer de máis superficie para a conservación e exposición dos seus fondos, ao tempo que contribuirá a reforzar a oferta cultural e turística de Mondoñedo.

As dúas actuacións suman 4,09 millóns de euros en axudas dentro dunha convocatoria estatal á que se presentaron 422 solicitudes. Finalmente, seleccionáronse 78 proxectos para repartir os 80 millóns de euros previstos. A resolución ten carácter provisional e abre un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións, antes de avanzar nos trámites técnicos necesarios para formalizar as intervencións.

Os proxectos contan co compromiso de participación económica da Xunta de Galicia e coa achega das entidades promotoras para completar o financiamento. A súa execución permitirá actuar sobre dous dos principais referentes arquitectónicos da Mariña, mellorar as condicións dos edificios e recuperar espazos que poderán ter unha maior presenza na vida cultural e social de ambas as localidades.

“Os dereitos das mulleres e a súa seguridade non teñen data”

A vicepresidenta do Observatorio da Mariña pola Igualdade alerta do repunte de comportamentos machistas entre a mocidade, denuncia a falta de recursos para atender as vítimas e reclama máis compromiso institucional



Por Ana Somoza.

A violencia machista continúa sendo unha realidade, malia os avances na concienciación social e os cambios experimentados nas últimas décadas. Así o considera Dores Fernández Abel, vicepresidenta do Observatorio da Mariña pola Igualdade, que ante a chegada dun novo 25N advirte de que non se pode considerar superado un problema que segue presente en todos os ámbitos. A súa análise combina a preocupación polas novas formas de control, especialmente entre a mocidade, coa denuncia das carencias dos servizos públicos e a necesidade dunha maior implicación colectiva.

Desde a entidade consideran que a violencia contra as mulleres non pode interpretarse como unha sucesión de casos illados. Fernández Abel lembra que se trata dun problema estrutural que tamén afecta á comarca e que moitas veces permanece oculto. “Normalmente estas violencias non son de dominio público, non se socializan”, explica. O machismo continúa manifestándose de múltiples maneiras, desde o control psicolóxico e a violencia económica ata as agresións físicas e sexuais. Por iso, considera que non se pode baixar a garda mentres exista unha soa muller que viva ameazada ou agredida.

PREVENCIÓN. A educación é unha das principais ferramentas para cambiar esta realidade, pero desde o Observatorio consideran que os esforzos realizados aínda non teñen a continuidade necesaria. Fernández Abel cuestiona que moitas campañas institucionais se concentren en períodos concretos ou en actividades puntuais, mentres que os modelos machistas se reproducen diariamente. “A socialización patriarcal funciona as 24 horas do día”, lembra. A vicepresidenta defende que a igualdade debe incorporarse de maneira transversal e permanente ao sistema educativo, desde infantil ata bacharelato, cunha formación afectivo-sexual integral. Na súa opinión,

> “Ningunha vítima debe sentirse culpable nin afrontar ese proceso soa”

a prevención non pode depender de actividades illadas nos centros escolares. “A prevención non pode limitarse a obradoiros puntuais de dous días no instituto”, advirte.

O traballo educativo tamén debe afrontar os estímulos que recibe a mocidade fóra das aulas. Fernández Abel cita determinadas industrias culturais, o acceso masivo á pornografía violenta a idades temperás e os discursos negacionistas como factores que favorecen a normalización da dominación e da submisión das mulleres.

MOCIDADE. A análise das novas xeracións ofrece unha realidade contraditoria. Por unha banda, o Observatorio percibe que hai moitas mozas cunha maior conciencia feminista, que xa non aceptan determinados comportamentos nas súas relacións e que teñen expectativas vitais máis xustas. Porén, tamén detecta unha repunta de actitudes relacionadas coa posesividade e o control. “Os celos volven ser idealizados como ‘probas de amor’”, alerta Fernández Abel.

A vicepresidenta observa unha polarización entre unha parte da mocidade que avanzou na conciencia igualitaria e outra na que se consolidan

> “A violencia dixital é unha das novas formas de control sobre as mulleres”

posicións reaccionarias. Tamén chama a atención sobre a negación da violencia de xénero entre os mozos, cunha presenza proporcionalmente moito maior que entre as mozas.

As redes sociais engaden outra dimensión ao problema. A entidade considera que estas plataformas non crean o machismo, pero si funcionan como amplificadoras e como novos espazos para exercer o control. Esixir a xeolocalización da parella, comprobar a última hora de conexión, fiscalizar as fotografías que publica ou cuestionar os “gústame” que recibe son exemplos de comportamentos que trasladan a violencia ao ámbito dixital. Segundo Fernández Abel, ideas que antes permanecían en espazos marxinais chegan agora directamente á mocidade da comarca.

COMPROMISO. Fronte a esta situación, o Observatorio defende a educación, a cultura e a mobilización social como ferramentas complementarias. A primeira permite desenvolver o pensamento crítico; a cultura axuda a romper estereotipos e construír referentes alternativos; e a mobilización fai visible o conflito e

> “Os celos volven ser idealizados como probas de amor pola mocidade”

reclama ás institucións que actúen.

Fernández Abel insiste en que o feminismo non pode quedar reducido ao debate teórico nin ás actividades organizadas arredor do 8M ou do 25N. “O feminismo non só se teoriza, senón que se habita nas rúas, nos espazos de lecer, no traballo e nos fogares”, defende. A vicepresidenta tamén reclama romper coa percepción de que a violencia machista acontece lonxe ou afecta exclusivamente a mulleres con determinadas circunstancias. “A violencia machista non acontece ‘noutro lugar’ nin lle pasa ‘a outro perfil de muller’”, afirma. Pode producirse no lugar de traballo, nun establecemento habitual ou dentro das propias casas. Por iso, considera necesario que a cidadanía deixe de mirar para outro lado cando coñece ou presencia unha situación de abuso. O agresor pode ser alguén considerado exemplar no seu contorno e a vítima, calquera muller próxima. Esta responsabilidade colectiva debe trasladarse tamén ás administracións. O Observatorio considera fundamental que os concellos manteñan políticas de igualdade durante todo o ano e non concentren os seus esforzos arredor das datas sinaladas. Fernández Abel critica as iniciativas que define como políticas de escaparate, centradas en fotografías, actos simbólicos ou lecturas de manifestos sen continuidade. “Os dereitos das mulleres e a súa seguridade non teñen data no calendario”, lembra.

RECURSOS. Fernández Abel reclama máis recursos para os CIM, persoal estable e orzamentos suficientes, así como unha maior implicación da Xunta e dos concellos. O Observatorio pide adaptar as políticas ás dificultades das mulleres do rural, afectadas polo illamento, a falta de transporte e a dependencia económica. Tamén defende descentralizar os servizos e dotar a comarca de medios xudiciais adecuados para evitar desprazamentos das vítimas. A súa demanda é clara: “Menos discursos e máis recursos públicos de calidade”.

Podes ler a reportaxe completa en: www.amariñaxa.com



ELECCIÓNS XERAIS

Galicia debuxa un mapa electoral con menos listas ao Senado e con novas siglas e pactos

As catro provincias suman 40 candidaturas ao Congreso e 26 á Cámara alta, oito menos que as proclamadas en 2023

Galicia volve situarse ante unha cita electoral na que cada provincia debuxará o seu propio mapa de opcións políticas. O próximo 29 de novembro, os electores galegos escollerán os representantes que ocuparán os escanos do Congreso dos Deputados e do Senado nun escenario que conserva boa parte das siglas habituais, pero que tamén incorpora novidades e acordos capaces de modificar a oferta nas papeletas.

A primeira fotografía desta convocatoria deixa un dato significativo: 40 candidaturas ao Congreso e 26 ao Senado nas catro circunscricións galegas.

Pero escoller aos nosos representantes implica tamén escoller a un presidente para o Goberno central neste duelo polarizado unha vez máis entre o PP de Alberto Núñez Feijoo e o PSOE de Pedro Sánchez. O socialista adiantou as eleccións confiando en que o movemento social pola situación da vivenda e o sentimento "antifascista" xogue ao seu favor. Na súa contra está unha lexislatura terriblemente convulsa que as análises políticas auguran traerá un cambio de era para calquera dos dous candidatos segundo o que acorden as urnas o último domingo de mes.

Para Feijoo chegou o momento decisivo, no que ten que amosar que ten apoios para liderar o partido e o Estado e reforzar ao PP noutras eleccións moito próximas, as locais, que terán lugar no mes de maio.

Mentres os partidos perfilan as súas estratexias polarizando o voto entre as dereitas e as esquerdas, a poboación tamén mostra a súa postura sobre o que lles preocupa. A xuventude, que nos últimos tempos se mantivo un pouco lonxe da política, volveu saír á rúa para reclamar vivenda e dereitos, sen comprender como as súas preocupacións volven quedar de novo á marxe, para ser utilizados como arma arroxadiza na rivalidade política.

Pero votar á dereita ou votar á esquerda non supón, agás sorpresa, que sexa o que decida quen gobernará os destinos do Estado os próximos catro anos. A previsible falta dunha maioría absoluta para as dúas grandes forzas podería implicar que os partidos de menos representatividade podan servir como peza fundamental para pactar o futuro goberno.

Se de algo saben os últimos gobernantes é de pactos. De feito, o PSOE



leva anos no poder, con menos votos que o PP, grazas ao apoio de partidos de menor representatividade na cámara. Por iso, nesta ocasión, os dous invocan o voto "útil" como a única forma de garantir a gobernabilidade.

O PP, pola súa banda, que só conta con VOX para sumar forzas, aspira a poder chegar entre os dous á prezada maioría, nun pacto xa de forma aberta.

Esta cita electoral será clave tamén para o BNG, xa que a formación necesita consolidarse en Madrid. Por iso, será un dos actores centrais da política galega, pero as eleccións xerais ofrecen unha medida diferente desa fortaleza. Segundo a media das enquisas para Galicia, o BNG situaríase arredor do 14 % dos votos e obtería dous deputados no Congreso. Nas xerais de 2023 conseguira o 9,4 % e un escano.

OITO SIGLAS EN TODA GALICIA

A oferta en Galicia volve ser ampla pero máis reducida que anos anteriores nestes comicios. Mentres que para o Congreso se mantén nunha dimensión semellante á das xerais de 2023, a Cámara alta experimenta unha redución máis acusada. Daquela proclamáranse 34 candidaturas ao Senado; agora son 26 as rexistradas.

O cambio responde, en boa medida, ao acordo entre o PSOE e Fronte Ampla, que concorren conxuntamente baixo a denominación Senado de Progreso, en lugar de presentar dúas opcións separadas.

O resultado é un panorama electoral no que a diversidade política segue presente, pero se distribúe de maneira desigual segundo a provincia e a cámara á que se aspire. En total, son 13 as formacións que concorren en Galicia. Oito delas estarán nas catro circunscricións, mentres que o resto limita a súa presenza a determinados territorios. Esta diferenza fai que a experiencia electoral non sexa exactamente a mesma para un votante de Lugo que para outro de Pontevedra ou Ourense.

A oferta ao Congreso apenas se afasta da rexistrada nos anteriores comicios. En 2023 presentáranse 42 candidaturas e finalmente proclamáranse 38. Nesta ocasión, as 40 listas distribúense entre as catro provincias, cunha concentración maior en Pontevedra e Ourense.

PP, PSdeG-PSOE, BNG, Fronte Ampla, Podemos, Se Acabó la Fiesta (SALF), Frente Obrero e Vox conforman o grupo de oito formacións que presentan listas ao Congreso nas catro provincias galegas. Son as siglas que permiten identificar unha oferta común para todo o territorio, aínda que a súa presenza non esgota as posibilidades que atoparán os electores en cada circunscrición.

Entre as novidades destaca Se Acabó la Fiesta. A súa presenza nas catro provincias galegas incorpora unha nova sigla ao escenario das xerais e amplía a oferta para os votantes que buscan alternativas ás formacións con maior tradición electoral.

Outro dos cambios é a presenza de Podemos por separado. A súa candidatura independente modifica a configuración do espazo político no que se sitúa a esquerda estatal e engade unha papeleta propia ás opcións dispoñibles. Ao mesmo tempo, o acordo entre o PSOE e Fronte Ampla ten un efecto especialmente visible no Senado, onde ambas as formacións se presentan baixo unha candidatura común.

Xunto ás oito formacións de ámbito galego, hai tres partidos ou organizacións que completan a oferta ao Congreso nalgunhas provincias: o Partido Comunista dos Traballadores da Galiza (PCTG), Escaños en Blanco, Por un mundo más justo e o Partido Animalista con el Medio Ambiente (Pacma). A súa distribución territorial explica parte das diferenzas no número de papeletas que haberá en cada circunscrición.



MENOS FRAGMENTACIÓN

A redución das candidaturas ao Senado é un dos elementos máis destacados destas eleccións en Galicia. Fronte ás 34 listas proclamadas en 2023, nesta convocatoria hai 26 rexistradas. O pacto entre o PSOE e Fronte Ampla explica boa parte deste descenso, ao unificar as dúas formacións nunha única opción electoral para a Cámara alta.

A oferta común en todas as provincias está formada por PP, BNG, Senado de Progreso, Vox e Podemos. Son as cinco papeletas que estarán dispoñibles para os electores de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. A partir dese núcleo compartido, cada circunscrición incorpora outras candidaturas, o que fai que as posibilidades de elección varíen dun territorio a outro.

Pontevedra presenta oito listas ao Senado, Ourense 7 e A Coruña 6, con PCTG, Escaños en Blanco e Por un mundo más justo. Lugo, pola súa banda, queda con cinco.

A PARIDADE

Máis alá das siglas e dos acordos electorais, estas xerais incorporan un cambio na elaboración das candidaturas: a aplicación do sistema de listas cremalleira, que obriga a alternar mulleres e homes na orde das listas ao Congreso. A medida deriva da reforma da lexislación electoral en materia de representación paritaria e supón unha diferenza respecto ao sistema aplicado nos comicios de 2023.

Así funciona o sistema de votación en España: como se elixen o Congreso e o Senado

Os deputados escóllense mediante listas pechadas dentro de cada circunscripción electoral utilizando o sistema D'Hondt, mentres que na Cámara Alta combínase a elección directa coa designación das comunidades autónomas

O sistema electoral español establece un modelo mixto para elixir os seus representantes. A cidadanía vota de forma universal, libre, igual, directa e secreta, pero a forma de repartir os escanos e os criterios de elección son distintos no Congreso dos Deputados e no Senado.

O CONGRESO

O Congreso, composto por 350 deputados, é a cámara baixa e a que ten o maior peso na formación do Goberno. Os seus membros elíxense en 52 circunscricións electorais, que corresponden ás 50 provincias e ás cidades autónomas de Ceuta e Melilla. Cada provincia ten garantidos dous escanos iniciais, mentres que as cidades autónomas elixen un cada unha. O resto de deputados repártese en función da poboación. Os partidos presentan listas pechadas, polo que o elector vota unha candidatura completa. Os escanos adxudícanse mediante o sistema D'Hondt, un método proporcional que busca repartir os postos segundo o número de votos obtidos por cada formación en cada circunscrición. Ademais, é necesario alcanzar polo menos o 3 % dos votos válidos para participar no reparto de escanos.

O SENADO

O Senado, pola súa banda, é a cámara de representación territorial e está formado por 266 senadores: 208 elixidos directamente pola cidadanía e 58 designados polos parlamentos das comunidades autónomas.
Os senadores de elección directa elíxense en 60 circunscricións. A diferenza do Congreso, aquí utilízanse listas abertas, polo que o elector pode escoller candidatos concretos, mesmo de partidos diferentes. O número de votos que se pode emitir varía segundo a circunscrición: ata tres nas provincias peninsulares, dous nas illas maiores e un nas restantes illas e en Ceuta e Melilla. Os candidatos máis votados son os que resultan elixidos.
Os 58 senadores designados elíxense nos parlamentos autonómicos. Cada comunidade ten un senador inicial e outro máis por cada millón de habitantes.

A REPRESENTACIÓN

En resumo, no Congreso os votos repártense entre os partidos e convértense en escanos mediante un sistema proporcional por provincias. No Senado, a cidadanía vota candidatos individuais e resultan elixidos os máis votados. Esta diferenza fai que o voto teña consecuencias distintas nas dúas cámaras e que o sistema electoral español combine a proporcionalidade coa representación territorial.

A IMPORTANCIA DA POBOACIÓN

O sistema D'Hondt e a barreira do 3 % poden ter un gran impacto no resultado final. Un partido pode obter unha porcentaxe importante de votos no conxunto do Estado e, con todo, conseguir menos escanos dos que se podería esperar se os seus apoios están moi repartidos.
No caso do Senado, o número de senadores non é fixo, senón que varía segundo a poboación de cada territorio. As eleccións ao Senado teñen un carácter máis territorial, mentres que o Congreso reflicte mellor a proporción de votos a nivel estatal.
O sistema electoral español, en definitiva, busca equilibrar a representación da cidadanía, o peso da poboación e a realidade territorial do país, aínda que non está exento de críticas e debates sobre a súa maior ou menor equidade.



CANDIDATOS CONGRESO LUGO 2026

PP

1. Francisco José Conde López.
2. María Cristina Abades Martínez.
3. Jaime de Olano Vela.
4. María Alicia López Rodríguez.

Suplentes:
1. Francisco Javier Vázquez Nodal.
2. María Elena Sierra Pulpeiro.
3. Ramón Carballo Páez.

FRENTE AMPLO

1. Reyes Rodríguez García.
2. Miguel Martínez Cabaleiro.
3. Rosa Estefanía Pérez Fernández.
4. José Carlos Vázquez González.

Suplentes:
1. Noa Estévez Casqueiro.
2. José Antonio Rodríguez Añón.

SE ACABÓ LA FIESTA

1. María Ferreiro Carreiras.
2. Eladio José Méndez Garrido.
3. Olga Roldán Fernández.
4. David Martín Santillana.

PSOE

1. Patricia Otero Rodríguez.
2. Jorge Bustos Atanasio.
3. Eva Blanco López.
4. Ismael Carcedo Gómez.

Suplentes:
1. María Loureiro García.
2. Carlos López López.
3. Silvia Rodríguez Díaz.
4. Martín Mejuto Sobrado.
5. María del Carmen Ozores Vigide.

PODEMOS

1. Ximena Cheda Tuya.
2. Francisco Farias Hernández.
3. María Dolores Julià Carrasco.
4. Orencio Orosa García.

Suplentes:
1. Noelia Herrera Bruzos.

FRENTE OBRERO

1. Víctor Contreras Céspedes.
2. Mª Remedios Ranchal Matellano.
3. Fernando Damata Fernández.
4. Ainhoa Sánchez Larrañaga.

VOX

1. Jesús Primitivo Rodríguez González.
2. Nair Trastoy Cupeiro.
3. Marco Aurelio Castro Trigueros.
4. Ana María Ignacio Merchán.

Suplentes:
1. José Manuel Fernández Vivero.
2. Aida Marcos Arias.

BNG

1. Olalla Rodil Fernández.
2. Iago Suárez Fernández.
3. Inmaculada Castro Besteiro.
4. Severino Salgueiro Rodríguez.

Suplentes:
1. Mª Montserrat Porteiro Sánchez.
2. Manuel Luaces Fernández.
3. Beatriz Álvarez Sixto.
4. Bernardo Valdês Paços.
5. Rosa Ana Prieto Florines.
6. Fco. Javier Fanego Bermúdez.
7. Elvira Lombao Vila.
8. Pedro Rodríguez Romero.
9. Raquel Ferreira Álvarez.
10. David Díaz López.

CANDIDATOS SENADO LUGO 2026

PP

1. José Manuel Barreiro Fernández.
Suplente 1: Karin Mago Marcano.
Suplente 2: José Manuel Blanco Vila.

2. Dolores Castro Ochoa.
Suplente 1: Pablo Figueiras Reguera.
Suplente 2: Encarnación Bernal Marín.

3. Juan Carlos Serrano López.
Suplente 1: Rosa Mª Arza Rodríguez.
Suplente 2: Daniel Orosa Pico.

SENADO DE PROGRESO

1. César Alejandro Mogo Zaro.
Suplente 1: Marina Ramudo Graña.
Suplente 2: Miguel A. Crende López.

2. Paula González Fernández.
Suplente 1: Plácido Lizancos Mora.
Suplente 2: Libertad Fraga Grueiro.

3. Roberto Castro González.
Suplente 1: Lucía Villamor Lagos.
Suplente 2: Sergio López Ramudo.

VOX

1. Manuel Menéndez Mato.
Suplente 1: Seidy Seijo Vergara.
Suplente 2: Adolfo Yáñez Río.

2. María Jesús Sánchez Suárez.
Suplente 1: Julio Pérez Loureiro.
Suplente 2: Tahis Cambeses Abeledo.

3. José Miguel González Lemos.
Suplente 1: Mª Cruz Pérez González.
Suplente 2: Giovanni Lodos López.

PODEMOS

1. Fernando Otero Bello.
Suplente 1: Esther Gómez Rivera.
Suplente 2: Carlos Martínez Martínez.

2. María Isabel Vázquez Pérez.
Suplente 1: Mario Argüeso Galván.
Suplente 2: Mª Ángeles Gayoso Fraga.

3. Arturo Pérez Gutiérrez.
Suplente 1: Andrea Farias Asegurado.
Suplente 2: Salvador García Cebral.

BNG

1. Brenda González Fernández.
Suplente 1: Manuel Diéguez Vázquez.
Suplente 2: Wanesa Gómez Lourido.

2. David Ángel Villares Sánchez.
Suplente 1: Mónica Roca Ares.
Suplente 2: Jorge Macía González.

3. Candela López Piñeiro.
Suplente 1: Martín Gómez Souto.
Suplente 2: Pilar Vázquez Sánchez.

Tres charlas abordarán o dó, as novas adiccións e a dor de costas

A saúde emocional, as novas formas de adicción e os problemas de costas centrarán o ciclo de charlas médicas que o Concello de Foz organizará durante o mes de novembro. A iniciativa, promovida a través da Concellería de Sanidade, busca achegar á cidadanía información sobre prevención, benestar e diferentes cuestións de interese sanitario da man de profesionais especializados. As sesións desenvolveranse na Casa da Cultura de Foz ás 20.00 horas.

Aínda que xa comezaron cun encontro dedicado ao proceso emocional que acompaña a perda dun ser querido, seguirán o martes 10 de novembro con 'Novas adiccións e tratamentos', unha conferencia a cargo de Maite Lanza Méndez, profesional da Unidade de Adiccións e Drogodependencia do Hospital Público da Mariña.

A relatora explicará o traballo que realiza este servizo sanitario e afondará especialmente nas adiccións sen substancias, como determinadas condutas que poden xerar dependencia sen estar vinculadas ao consumo de drogas. A sesión permitirá coñecer mellor esta problemática e os recursos de atención e tratamento dispoñibles.

O ciclo pecharase o mércores 18 de novembro cunha conferencia sobre as causas máis habituais da dor de costas e as posibilidades de tratamento. O encargado de impartila será Javier Antolín Suárez, traumatólogo do Hospital Público da Mariña.

A charla abordará as orixes máis frecuentes deste problema, moi estendido entre a poboación, así como as alternativas para tratalo e as recomendacións que poden axudar a previlo.

A concelleira de Sanidade, Kathy Navarro, destaca a importancia de manter este tipo de propostas para facilitar o acceso da veciñanza a información sanitaria rigorosa e promover hábitos que contribúan ao benestar físico e emocional.

Carmen Perales, da comparsa Sin Xeito, será a raíña do Entroido 2027



O Entroido de Foz 2027 xa ten raíña. Carmen Perales Barreiras, integrante da comparsa Sin Xeito, foi elixida este sábado para representar unha das celebracións máis destacadas do calendario festivo da localidade. Estará acompañada por Noa Castro e Olalla Rodríguez, que exercerán como damas de honra e compartirán con ela esta experiencia.

A elección de Carmen deuse a coñecer durante unha gala celebrada na Sala Bahía, nun acto que reuniu integrantes das comparsas e persoas vinculadas ao Entroido focense. A designación marca o inicio dunha nova etapa para a representante de Sin Xeito, que afrontará a responsabilidade de representar a festa e a todas as persoas que participan nela ano tras ano.

Carmen leva desfilando coa comparsa desde os cinco anos, unha traxectoria que lle permitiu medrar ligada ao Entroido e compartir esta afección con compañeiros e amizades que se mantiveron ao longo do tempo. Converterse en raíña era unha ilusión que a acompañaba desde a infancia, segundo explicou a propia agrupación nas súas publicacións nas redes sociais.

Desde Sin Xeito destacaron a importancia da amizade e dos lazos que se crean arredor do Entroido, unha celebración que permite compartir experiencias durante anos e que vai máis alá das xornadas dos desfiles. A comparsa trasladou publicamente a súa alegría pola elección e desexoulle á nova raíña e ás súas damas de honra unha etapa chea de momentos especiais.

Noa Castro e Olalla Rodríguez acompañarán a Carmen nesta experiencia como damas de honra. Ambas levan anos participando nos desfiles da comparsa, polo que a súa designación permite dar continuidade a unha relación coa festa que comparten desde hai tempo.

A UNED de Foz ofrece este mes formación, cultura e unha ruta

A Aula Universitaria da UNED de Foz presenta para este mes unha programación que reúne propostas formativas e culturais de diferentes ámbitos, desde o desenvolvemento persoal ata a creatividade, a natureza e a sustentabilidade.

A programación arrincou cunha iniciativa centradas no benestar e nas relacións persoais. Así, continuará coa cultura o mércores 11 coa presentación do libro "Entenderme", de Olalla Méndez Arias, na Biblioteca Municipal de Foz. O encontro estará conducido por Alicia Lage, psicóloga, directora da Clínica Sinapsis e colaboradora habitual da aula universitaria.

Ao día seguinte, o xoves 12, a proposta trasladarase á natureza coa ruta interpretativo "Outono na Ribeira do Ouro". A actividade permitirá coñecer a contorna natural da man de Pedro Rolle, especialista en biodiversidade.

A oferta continuará con dúas propostas de carácter diferente. Do 17 ao 23 de novembro impartirase o curso especializado "Responsabilidade Social Corporativa (RSC) e Sistemas de Xestión Ambiental (SGA) na Empresa Moderna", centrado na incorporación de criterios responsables á xestión das organizacións. Pola súa banda, a ilustradora Araceli Paz Temprano dirixirá o "Taller de Debuxo a través do recordo", que comezará o día 19 e se prolongará ata o 17 de decembro, cunha invitación a utilizar a memoria como punto de partida para a creación artística.

A programación concluirá cunha formación específica para persoas opositoras, prevista entre o 30 de novembro e o 3 de decembro. O curso abordará os contidos fundamentais da Constitución española de 1978 e da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, co propósito de facilitar a preparación dos procesos selectivos.

As inscricións poden formalizarse a través da páxina web da UNED, na propia Aula Universitaria, nos teléfonos 982 133 699 e 604 034 549 ou no correo electrónico foz@lugo.uned.es.

O PP pregunta polo cambio de nomes das rúas e do novo rueiro



O Partido Popular reclama ao alcalde, Fran Cajoto, que informe sobre o cambio de nome de varias rúas e as propostas veciñais na consulta. A formación considera que, malia os anuncios do goberno local, non se coñecen avances nin decisións sobre a iniciativa.

O voceiro do PP, Javier Castiñeira, critica a falta de información e asegura que o seu grupo non foi convocado a ningunha reunión ou comisión sobre o asunto. Ao seu xuízo, o executivo anuncia actuacións que despois non se concretan. "O que se anunciou a bombo e platillo nos medios foi unha consulta pública, pero é que non sabemos nada. Ao final é o de sempre: moito anunciar, pero despois pouca eficacia e poucos feitos", afirma.

Castiñeira lembra que o PP propuxera crear unha comisión específica para estudar os cambios no rueiro, con representantes políticos, asesores e persoas coñecedoras da historia local. O obxectivo sería analizar as alternativas e valorar os nomes que poderían incorporarse ás vías municipais.

O portavoz popular considera que hai persoas, lugares e acontecementos históricos que poderían recibir ese recoñecemento. Defende, por iso, un procedemento rigoroso e participado, que permita acadar un acordo antes de decidir. "É moi importante que neste caso haxa unanimidade, porque cremos que vai formar parte do pobo durante practicamente toda a vida e, polo tanto, cremos que deben facerse ben as cousas", sinala.

Os populares tamén piden explicacións sobre as achegas veciñais. Castiñeira quere saber que fará o Concello coas propostas recibidas e como as analizará, xa que, segundo denuncia, os participantes descoñecen que utilidade terán as súas contribucións. "Preguntámoslle ao señor Cajoto que pensa facer con todas esas propostas, porque vemos que parece que se meten no caixón, como se meten outras moitas cousas", manifesta.

A crítica abrangue igualmente o proxecto para elaborar un novo rueiro, anunciado polo alcalde. Segundo lembra Castiñeira, investíronse máis de 14.000 euros na contratación dunha empresa para preparar o documento, pero o traballo aínda non se materializou. O PP pregunta se o goberno local está desconforme co resultado, se decidiu non aplicalo ou que pasos pensa dar. "O novo rueiro tamén o anunciou no seu momento, no que gastou máis de 14.000 euros, e está metido no caixón. Non sabemos se o traballo da empresa non lle gusta, se non o quere poñer en marcha ou que pensa facer con el", afirma.

Para o PP, ambos asuntos evidencian a distancia entre os anuncios municipais e a súa execución. A formación reclama ao alcalde que explique con claridade e concrete os avances e o futuro das propostas da consulta, informe sobre o novo rueiro e detalle as medidas previstas. Defende que a modificación dos nomes das rúas se aborde con transparencia, participación e consenso.

Pico da Lebre, un novo club para facer medrar a paixón polo xadrez

A entidade naceu con seis socios e a ilusión de crear unha comunidade arredor dos taboleiros e achegar este deporte á mocidade e á veciñanza



Por Ana Somoza.
O xadrez comeza a buscar o seu propio espazo en Foz. O Club Xadrez Pico da Lebre deu os seus primeiros pasos en xuño deste ano impulsado por un pequeno grupo de afeccionados que compartían unha mesma inquietude: contar cun punto de encontro no que poder xogar, aprender e reunir a todas aquelas persoas da zona que sentisen curiosidade polos taboleiros. Poucos meses despois da súa constitución, a entidade aínda está nunha fase inicial, pero os seus integrantes teñen claro que queren ir máis alá das partidas que agora disputan entre eles.

OS INICIOS. Actualmente, Pico da Lebre conta con seis socios, que son tamén os integrantes da súa Xunta Directiva. É un núcleo reducido no que conviven diferentes xeracións, con membros que roldan os 50 anos e outros máis novos, de entre 20 e 25 aproximadamente. Unha diversidade de idades que encaixa precisamente cunha das ideas que queren transmitir: para sentarse diante dun taboleiro non hai unha idade determinada. O reducido número de integrantes non preocupa polo momento. O club acaba de nacer e os seus responsables confían en que a situación cambie cando dispoñan dun espazo no que reunirse de maneira estable. “Esperamos que cando teñamos un local axeitado o club poida ter un número importante de socios”, apuntan.

Mentres ese local non chega, as partidas buscan acomodo en distintos establecementos de hostalaría de Foz. Os membros do club intentan reunirse polo menos unha vez á semana, aínda que en función da dispoñibilidade poden facelo con maior frecuencia. Son encontros que non se limitan a colocar as pezas e buscar o xaque mate. Despois das partidas chega tamén o momento de analizar movementos, decisións e erros.
“Cando nos xuntamos botamos partidas e comentámolas para aprender dos erros. Non se trata tan só de competir, senón tamén de aprender”, explican. Esa filosofía resume boa parte do proxecto: Pico da Lebre quere competir, pero tamén converterse nun lugar no que mellorar colectivamente.

PORTAS ABERTAS. E para entrar non é necesario saber aperturas, dominar estratexias nin levar anos xogando. O club quere precisamente eliminar a idea de que o xadrez é unha actividade reservada para persoas cun determinado nivel. “Hai sitio para todo aquel interesado en aprender o xogo. O nivel é o de menos. Todos estamos aprendendo”, recalcan.
A mensaxe para quen mire un taboleiro con curiosidade pero aínda non se atreva a achegarse é clara: “Toda aquela persoa que sinta curiosidade polo xadrez é máis que benvida”.
A incorporación de novos socios será determinante para decidir ata onde pode chegar o proxecto. “Os obxectivos dependerán da xente que se una a nós”, recoñecen. A partir dese crecemento pretenden ir planificando clases, actividades formativas e propostas que permitan desenvolver o club.
Entre os colectivos aos que lles gustaría chegar ocupa un lugar especial a xuventude. Polo momento non contan cun programa específico para nenos e mozos, pero é unha das liñas nas que queren avanzar. Consideran que o xadrez pode ofrecer moito máis que unha alternativa de lecer e enumeran entre os seus beneficios o “pensamento crítico, capacidade de planificación e toma de decisións, respecto polo rival e polas regras, disciplina...”.

COMPETICIÓN. A vertente competitiva tamén comeza a asomar nestes primeiros meses de vida. Catro integrantes de Pico da Lebre participaron no Torneo Villa de Navia, unha das primeiras experiencias do novo club fóra de Foz. “Os resultados foron bos e estamos animados a seguir participando”, sinalan. O seguinte paso podería chegar xa o próximo ano. Federarse é un dos principais obxectivos da entidade e, aínda que o prazo correspondente aínda non está aberto, os responsables confían en poder estar federados en 2027. Incluso valoran a posibilidade de dar un salto máis e participar na Liga Galega de Xadrez.
Non obstante, competir non será a única finalidade. O club considera de “importancia capital” a divulgación deste deporte e quere mostrar todo o que pode achegar tanto no plano intelectual como no social. Tamén figura entre os seus plans organizar os seus propios torneos en Foz, aínda que recoñecen que necesitan tempo e preparación antes de asumir ese reto.

FACER CLUB. Neste momento, unha das necesidades para seguir avanzando pasa por conseguir un espazo apropiado. Dispoñer dun local permitiríalles establecer horarios, recibir novos socios con maior facilidade e desenvolver actividades que agora resultan máis difíciles de organizar.
A partir de aí, o crecemento dependerá tamén da resposta dos propios veciños. Non queren deseñar un proxecto pechado de antemán, senón que as persoas que se incorporen contribúan a decidir as actividades, clases e iniciativas que se poñan en marcha. A aspiración é construír unha entidade na que os socios non sexan simplemente xogadores, senón parte activa do seu desenvolvemento.

FUTURO. Se hai unha palabra que define estes primeiros meses é ilusión. Os responsables do club son conscientes de que queda practicamente todo por construír: ampliar a base social, atopar un local, federarse, achegarse aos máis novos, preparar actividades e valorar a entrada na competición autonómica.
Eles mesmos resumen o momento no que se atopan cunha frase: “Somos un club novo con máis futuro que presente. Pero estamos ilusionados e temos ganas de traballar”.
Ese futuro que imaxinan non está necesariamente medido en trofeos ou resultados deportivos. A primeira aspiración é moito máis sinxela e, ao mesmo tempo, imprescindible para que todo o demais sexa posible. Preguntados por como lles gustaría ver Pico da Lebre dentro duns anos, a resposta é clara: “Gustaríame velo con moitos socios e socias. Iso é o principal e traballaremos por iso”.
Por agora son seis, reúnense polo menos unha vez á semana e van dando forma ao proxecto partida a partida. O taboleiro do Club Xadrez Pico da Lebre acaba de abrirse e en Foz aínda quedan moitas xogadas por facer.

Podes ler a reportaxe completa en: www.amariñaxa.com

Foz remata a renovación do firme e da sinalización da rúa Uxío Novoneira





O Concello de Foz vén de rematar os traballos de mellora da rúa Uxío Novoneira, nos que se actuou sobre o firme e a sinalización horizontal para renovar as condicións de circulación e facilitar a mobilidade na zona.
As tarefas incluíron o aglomerado da vía e o pintado das marcas viarias. Ademais, habilitouse un espazo específico para as operacións de carga e descarga e sinalizouse un novo paso de peóns, co obxectivo de ordenar o tránsito e mellorar a seguridade dos usuarios.
Con todo, a intervención aínda non está completamente finalizada, xa que queda pendente a instalación dos sinais verticais que completarán a ordenación viaria.
O Goberno local deu por concluída esta fase dos traballos e pediu desculpas polas molestias ocasionadas durante a execución das obras a toda a veciñanza.



O Concello de Viveiro investirá na renovación das ventás do pavillón municipal



O Pavillón Polideportivo Municipal de Viveiro, situado no paseo Martín Ledesma, será sometido a traballos de renovación dunha parte da súa carpintería exterior, que presenta un estado de deterioración que fai necesaria a súa substitución.

A intervención ten como finalidade mellorar as condicións de seguridade do edificio e o seu comportamento enerxético, mediante a reposición dos elementos exteriores afectados polo desgaste. Os traballos centraranse unicamente nestes compoñentes, sen alterar o uso deportivo das instalacións nin os parámetros urbanísticos do inmoble.

O proxecto conta cun orzamento base de licitación de 48.215,68 euros, IVE incluído, e estará financiado pola Xunta de Galicia.

O investimento permitirá actuar sobre as partes da carpintería exterior que precisan ser renovadas para mellorar o estado de conservación do pavillón.

Deste xeito, a actuación busca adecuar as instalacións municipais e prolongar as condicións de uso do edificio, mantendo a súa función como espazo destinado á práctica deportiva.

O PSOE sinala tres asuntos pendentes en Celeiro e Vieiro



O Grupo Municipal Socialista de Viveiro trasladará ao goberno tres cuestións relacionadas cos servizos do CEIP de Celeiro, o asfaltado na zona do Río, en Vieiro, e a recollida de lixo no Campo das Douradas. A formación formulará os rogos para reclamar información e medidas ante situacións que, segundo expón, afectan á veciñanza e á comunidade educativa.

No primeiro deles, os socialistas alertan da falta de material básico de hixiene no colexio de Celeiro, como papel hixiénico, xabón, papel para secar as mans e produtos de limpeza. Tamén recollen deficiencias na limpeza do comedor escolar e do pavillón. Segundo a información que recibiu o grupo, a ANPA estaría asumindo gastos adicionais para cubrir algunhas destas necesidades. Por iso, pide ao Concello que garanta o abastecemento regular dos produtos e revise o servizo de limpeza.

A segunda petición céntrase nun tramo de entre 150 e 200 metros que quedou sen asfaltar na zona do Río, na parroquia de Vieiro, tras unhas obras. O PSOE sinala que hai dúas vivendas nese treito e que os seus propietarios trasladaron o malestar por non beneficiarse da mellora. A formación pregunta cando se completará o asfaltado, que previsión económica existe e cal é o prazo estimado. Tamén solicita que se aclare se a actuación quedou pendente por falta de orzamento ou por outro motivo.

O terceiro rogo refírese aos contedores situados preto dunha caseta de madeira, nas inmediacións do Campo das Douradas. Os socialistas aseguran que adoitan estar cheos e que se acumulan bolsas no chan. Atribúen a situación ao uso veciñal, ao depósito de residuos por persoas que pasan pola estrada en vehículos, á proximidade dun establecemento hostaleiro e a unha frecuencia de recollida de dous días por semana.

Ante este escenario, piden ao goberno que valore instalar contedores de maior capacidade ou aumentar as quendas de recollida para mellorar a limpeza e a salubridade. O grupo reclama respostas nos tres asuntos e solucións que eviten que as familias teñan que asumir custos ou que as deficiencias se prolonguen.

O Concurso de Tute e Xogos de Mesa contará con dúas novas citas

Viveiro dará continuidade ao I Concurso de Tute e Xogos de Mesa con dúas novas convocatorias previstas para o 14 de novembro e o 12 de decembro, despois da primeira xornada celebrada o 24 de outubro.

As actividades serán no salón de actos do Conservatorio de Música, que abrirá as súas portas ás 17:00 horas en ambas as datas. A programación combina un torneo de tute por parellas cun espazo de xogos de mesa de participación libre, no que as persoas asistentes poderán xogar ao tute, ao parchís e a outras propostas, sen necesidade de inscrición nesta última modalidade.

No torneo, os emparellamentos poderán consultarse nun cartel colocado na entrada do salón de actos. Nel indicarase que parellas deberán enfrontarse durante cada unha das dúas próximas sesións. A iniciativa está pensada especialmente para as persoas maiores, aínda que permanece aberta a veciños de todas as idades. O obxectivo é ofrecer un lugar de encontro e convivencia arredor dos xogos tradicionais.

O albergue xuvenil de Area renovará os baños, a calefacción e o saneamento



O Albergue Xuvenil de Area, en Viveiro, será sometido a unha renovación de varias das súas instalacións cun investimento superior aos 200.000 euros. A Xunta de Galicia acaba de adxudicar as obras, que permitirán actualizar os baños e vestiarios, mellorar o sistema de calefacción e intervir nas redes de abastecemento de auga e saneamento. O prazo previsto para executar os traballos é de seis meses, segundo figura no Portal de Contratación.

O proxecto contempla unha actuación nos baños e vestiarios, onde se renovarán os pavimentos, os revestimentos e os falsos teitos. Tamén se substituirán diferentes elementos do sistema de calefacción, concretamente os radiadores e as tubaxes, co propósito de mellorar as condicións das instalacións.

Outra parte das obras centrarase na rede de saneamento, que será renovada parcialmente, así como na conexión co pozo de bombeo. Ademais, actuarase sobre a acometida de abastecemento de auga ao edificio para actualizar este servizo.

A intervención busca modernizar e poñer ao día este equipamento xuvenil da Mariña, que forma parte da oferta de instalacións empregadas pola Xunta para desenvolver actividades de lecer e convivencia durante o verán.

Rematan as obras de renovación dos accesos e servizos do parque de Landrove



O Concello de Viveiro recibiu as obras de mellora do parque empresarial de Landrove, cun investimento subvencionable de 118.308,20 euros financiado pola Xunta. Os traballos centráronse na renovación de dous accesos ao recinto, cunha lonxitude conxunta de 332 metros, nos que se aplicou aglomerado asfáltico e pavimento de formigón.

A actuación incluíu tamén a actualización da sinalización horizontal e vertical, a reparación do pavimento podotáctil nos pasos de peóns e a ampliación da rede de sumidoiros para mellorar a evacuación das augas pluviais. Ademais, repuxéronse elementos de protección contra incendios e instaláronse sistemas de suxeición para os colectores de residuos.

As obras, desenvolvidas nas parroquias de Landrove e Galdo, teñen como finalidade reforzar a accesibilidade e a seguridade, así como mellorar o estado das infraestruturas comúns que utilizan as empresas instaladas neste espazo industrial.

O BNG pide incluír a beirarrúa na reforma da Misericordia



O BNG de Viveiro presentará alegacións ao proxecto da glorieta da Misericordia para solicitar a ampliación da beirarrúa da marxe esquerda da LU-862, entre o Ecce Homo e a Cruz Vermella. A formación considera necesaria esta actuación para reforzar a seguridade nunha zona moi transitada, próxima ao Centro de Formación Ocupacional, ao colexio Lois Tobío e á Cruz Vermella.

O concelleiro Seve Salgueiro advirte de que a beirarrúa é demasiado estreita e de que os vehículos pasan moi preto dos peóns. Cando coinciden persoas, algunhas teñen que baixar á calzada para cruzarse.

Segundo lembra o BNG, os técnicos propuxeran ampliar a beirarrúa e habilitar un paso de peóns no cruzamento co paseo marítimo. Porén, estas medidas quedaron fóra do proxecto da Axencia Galega de Infraestruturas, en exposición pública, porque a negociación das cesións dos terreos podería atrasar os prazos.

Os nacionalistas sosteñen que esa dificultade non debería xustificar a renuncia á mellora, que tamén permitiría renovar os servizos urbanos. A proposta inclúe actualizar as redes de abastecemento e saneamento, soterrar as telecomunicacións e mellorar a iluminación pública.

A portavoz municipal, Iria Cotelo, critica a falta de previsión do goberno local e afirma que a alcaldesa, Mariña Gueimunde, leva dous anos anunciando a obra sen tramitar as cesións necesarias. Considera que excluír a ampliación obrigaría a buscar financiamento máis adiante e podería provocar novas obras e cortes de tráfico.

O BNG lembra que o tramo figura no I Plan de Mellora da Accesibilidade de Viveiro como Área de Consideración Especial e cunha prioridade alta. Por iso, reclama ao Concello e á Xunta que aproveiten as obras da glorieta para acometer unha actuación que incorpore a ampliación da beirarrúa e a renovación dos servizos.

Mötley Crüe, Parkway Drive, Evanescence e Lorna Shore lideran o Resurrection 2027



O Resurrection Fest Estrella Galicia avanzou os nomes das 72 primeiras bandas da súa vixésimo segunda edición, que se celebrará en Viveiro do 30 de xuño ao 3 de xullo de 2027. Mötley Crüe, Parkway Drive, Evanescence e Lorna Shore serán os cabezas de cartel dunha convocatoria que reunirá lendas do rock e referentes do metal internacional.

O festival destaca a presenza de doce grupos que ofrecerán en Viveiro os seus únicos concertos en España durante 2027: Parkway Drive, Lorna Shore, Enter Shikari, Cradle of Filth, Fever 333, Leprous, Blood For Blood, Speed, King Buffalo, Daughtry, Coldrain e Kylesa. As actuacións de Parkway Drive e Lorna Shore serán tamén exclusivas en Portugal.

Entre os nomes máis destacados figuran Mötley Crüe, referente histórico do hard rock; Parkway Drive, unha das bandas máis vinculadas á historia do Resurrection; e Evanescence, que debutará en Viveiro coa voz de Amy Lee. Lorna Shore completa o grupo de cabezas de cartel como unha das formacións destacadas do deathcore actual.

O avance inclúe tamén a Helloween, que celebrará o seu 40.º aniversario cun espectáculo especial; Dropkick Murphys, Motionless In White, Kreator, Steve Harris British Lion, Danko Jones, Gwar, Beartooth, Fit For A King, Crisix e Richie Kotzen. A programación abrangue estilos como o post-hardcore, o punk, o rock psicodélico e o metal progresivo e extremo, con grupos como Maruja, Twin Temple, Blue Medusa, Currents, Calva Louise, Paledusk, Novelists, Persefone, Master Boot Record, Conjurer, Escuela Grind, Nocturnal Bloodlust e Plebeians Grandstand.

Tamén haberá actuacións especiais: Enter Shikari presentará o seu 'Final Show', único concerto en España en 2027, mentres Cradle of Filth conmemorará o 30.º aniversario de 'Dusk and Her Embrace'. A organización avanzou que aínda quedan artistas por confirmar.

A expectación xa se reflectira en setembro, cando se venderon 10.000 abonos en 24 horas, antes de coñecerse o cartel.

Francisco Fernández Dávila gaña o Premio de Novela Vilar Ponte con 'Mario non existe'

A novela 'Mario non existe', de Francisco Fernández Dávila, gañou por unanimidade a oitava edición do Premio de Novela Vilar Ponte, convocado polo Concello de Viveiro. 'O diario do sangue', de Óscar Martínez Rey, foi escollida como finalista.

O xurado valorou da obra a capacidade para levar o lector desde Galicia ata Nepal nunha viaxe que combina o desprazamento xeográfico cunha transformación espiritual do protagonista. A narración afonda na súa identidade e na maneira de comprender o mundo, ademais de abordar cuestións como o destino, o azar e a memoria. Os integrantes do tribunal salientaron a riqueza simbólica do relato e o tratamento das relacións familiares, a amizade, a exploración do descoñecido e o poder das palabras e dos silencios. Pola súa banda, 'O diario do sangue' foi recoñecida pola súa trama de intriga e investigación policial, coa que constrúe un retrato da sociedade actual e das súas contradicións. A novela aborda a violencia estrutural, a marxinación e as consecuencias que afrontan as persoas que non se axustan ás convencións sociais. O xurado destacou a fluidez da escrita e a axilidade dos diálogos, así como os xiros narrativos dunha historia na que nada resulta ser o que parece.



Viveiro: Mariña Gueimunde

“Non se trata de pensar todos igual, senón de ser capaces de traballar polo interese xeral”





“Quero un Viveiro que medre, que xere emprego e que ofreza oportunidades para que a xente nova non teña que marchar”

DATOS

HABITANTES: 15.120.
PARROQUIAS: 12.
EXTENSIÓN: 109,3 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Viveiro.
CORPORACIÓN: 7 concelleiros do PP, 5 do PSOE, 3 do BNG e 2 de XV.
ALCALDE: Mariña Gueimunde do Partido Popular.
VOCEIRA PSOE: María Loureiro.
VOCEIRA BNG: Iria Cotelo.
VOCEIRO POR VIVEIRO: Bernardo Fraga.

“Hai algo que debe estar por riba de calquera diferenza política: Viveiro e o benestar dos seus veciños”

A rexedora quere dar continuidade ao proxecto de goberno, avanzar no PXOM e impulsar servizos para garantir o futuro do municipio, apostando polo diálogo e a proximidade coa veciñanza

Como deu o paso a alcaldesa?
Creo que ese paso non se dá dun día para outro, senón que é froito dunha traxectoria, dunha experiencia e dun compromiso coa xente e co lugar no que vives. Entrei en política no ano 2007 e fun asumindo diferentes responsabilidades que me permitiron coñecer de preto a Administración e as necesidades da cidadanía. Chegar a ser alcaldesa de Viveiro tiña, ademais, un significado especial, porque é o meu pobo, onde nacín e teño as miñas raíces. Cando xurdiu a oportunidade decidín asumir o reto, coa responsabilidade que implica e co apoio da miña familia, do equipo e de moitas persoas.

Que sacrificios persoais supón formar parte do goberno municipal?
Ten un custo importante, porque a responsabilidade non remata cando pechas a porta do Concello. Hai xornadas longas, reunións, actos e situacións que requiren atención inmediata. O primeiro que sacrificas é tempo propio e, ás veces, tempo coa familia, ademais de renunciar a actividades da túa rutina. No meu caso, boto de menos dedicar máis tempo a afeccións como a pintura ou gozar con tranquilidade da cultura e das tradicións de Viveiro.

E cales son os beneficios?
O máis gratificante é sentir que podes ser útil á túa xente, escoitar os veciños, coñecer as súas preocupacións e buscar solucións. Tamén é enriquecedor compartir proxectos e comprobar que unha demanda veciñal se resolve ou que unha iniciativa sae adiante.

Cales son os seus obxectivos políticos?
O meu principal obxectivo é contribuír a que Viveiro teña futuro, que medre, xere emprego, atraia investimentos e ofreza oportunidades para que a mocidade poida desenvolver aquí o seu proxecto de vida. Necesitamos avanzar no urbanismo, mellorar as comunicacións e as infraestruturas, impulsar a economía e garantir servizos públicos de calidade. Tamén quero un concello que coide as parroquias, o patrimonio, a cultura e a súa identidade.

Como afronta a vindeira lexislatura?
A miña intención é continuar gobernando e dar continuidade ao proxecto iniciado. Quero avanzar en infraestruturas como a variante, mellorar os servizos básicos nas parroquias, atender o saneamento e o abastecemento, impulsar a vivenda e recuperar espazos públicos e instalacións municipais. Tamén considero fundamental contar cun Concello próximo, accesible e transparente.

Está a favor dos pactos para conformar un goberno estable?
Si, cando se fan desde a responsabilidade e o diálogo, cun obxectivo claro: garantir a estabilidade e poder gobernar. É necesario saber escoitar, ceder e buscar puntos de encontro, pero os acordos deben ter compromisos claros e unha folla de ruta. Pactar non pode significar renunciar aos principios nin buscar unicamente ocupar cargos, senón facilitar a xestión e ofrecer solucións.

Cales son as principais liñas do programa?
O noso programa busca que Viveiro avance con máis oportunidades, mellores servizos e calidade de vida. Unha prioridade é o Plan Xeral de Ordenación Municipal, necesario para planificar o crecemento, facilitar vivenda e atraer empresas. Tamén queremos dinamizar o comercio, a hostalaría, o turismo e o tecido empresarial, así como desenvolver o polígono industrial. A isto súmanse as melloras nas infraestruturas, estradas, comunicacións e servizos básicos, sen esquecer as parroquias. A cultura, o patrimonio, o deporte e o turismo son tamén piares do proxecto. Queremos que a mocidade poida quedar e que as persoas maiores se sintan atendidas.

Cales son as necesidades actuais?
Son precisamente os obxectivos que nos marcamos como goberno: mellorar infraestruturas e servizos, avanzar na planificación urbanística, impulsar a economía e o emprego, facilitar o acceso á vivenda, atender as parroquias e poñer en valor o patrimonio. As necesidades dos veciños son a nosa folla de ruta.

De que proxectos se sente máis orgullosa?
Destacaría o PXOM, fundamental para o futuro do municipio, a recuperación do peirao vello para abrir Viveiro ao mar e a actuación en Xunqueira, que busca reducir o risco de inundacións. Tamén as melloras nas infraestruturas, na praia de Covas e no paseo do Landro, así como os investimentos en instalacións deportivas e culturais, na Praza de Abastos, no Teatro Pastor Díaz e nos servizos das parroquias. Síntome orgullosa de que se vaian desbloqueando proxectos e recuperando a capacidade de xestión municipal.

Como é a relación coa oposición?
Debe estar baseada no respecto, no diálogo e na responsabilidade institucional. A oposición representa unha parte da cidadanía e a crítica construtiva pode axudar a mellorar a xestión. Podemos ter discrepancias, pero Viveiro e o benestar dos seus veciños deben estar por riba das diferenzas políticas. Sempre estarei disposta a escoitar propostas e chegar a acordos cando sexa posible.

EN CLAVE PERSOAL

Idade, estado civil e familiar.
58 anos, casada e con dous fillos.
Profesión e formación.
PES, Profesora de Ensino Secundario pola especialidade de Debuxo, con destino no IES María Sarmiento de Viveiro. Licenciada en Belas Artes e diplomada en Maxisterio.
Que quería ser de cativa?
Quería ser o que son. Amo a miña profesión.
Que fai para desconectar?
Practico sendeirismo e xogo ao pádel.
Unha virtude e un defecto.
Son moi traballadora; e demasiado insistente.
Un consello para compartir.
Non desviarnos da senda do respecto e da tolerancia.
Un libro.
Xogo de Tronos.
Unha película.
Gladiator.
Un grupo de música.
Revolver.
Unha afección.
A pintura.
Un lugar que visitar.
Roma.
Unha comida e unha bebida.
Grelos con patacas e a auga.
Unha personaxe admirada.
Admiro as persoas, non os personaxes.
Unha posesión prezada.
Os meus fillos.
Un desexo.
Ser feliz.
Algo para esquecer.
Os momentos de morte e enfermidade.
Que é o que máis valora nunha persoa?
A lealdade.
Equilibra ben a vida pública e a privada?
Si, pero con dificultade.
Usa redes sociais e WhatsApp?
Si, son unha ferramenta moi útil hoxe en día.
Un desafío pendente.
Facer o Camiño de Santiago.
Onde se ve en cinco anos?
En Viveiro. Na Alcaldía ou no instituto... pero en Viveiro.



CIRCUÍTO DE TEATRO PROFESIONAL 2026

CALENDARIO DE REPRESENTACIÓNS

SETEMBRO

Xoves 3 (Palas de Rei) · **LOIA PRODUCCIÓNS:** ***A boneca de trapo***
Venres 11 (Begonte) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Sábado 12 (Mondoñedo) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Sábado 19 (Meira) · **ÍTACA TEATRO:** ***Achifánfanos***
Domingo 20 (Navia de Suarna) · **ÍTACA TEATRO:** ***Achifánfanos***
Venres 25 (Sarria) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Estremonías da Silva***
Sábado 26 (Lugo) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***

OUTUBRO

Venres 2 (Bóveda) · **MIRCROMINA TÍTERES:** ***Raio the Loubican***
Domingo 4 (Sarria) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Abra da cabra***
Xoves 8 (Cuitiriz) · **TRÉCOLA PRODUCIÓNS:** ***Gaela quere ser druida***
Venres 9 (Portomarín) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A boneca de trapo***
Venres 16 (A Fonsagrada) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Sábado 17 (Cuitiriz) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***Cantaruxa Catuxa!***
Luns 19 (Guntín) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Estremonías da Silva***
Martes 20 (Palas de Rei) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A fada do saco verde***
Xoves 22 (Lugo) · **TRÉCOLA PRODUCIÓNS:** ***Pituquito literal***
Venres 23 (Lugo) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***
Domingo 25 (Pantón) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Estremonías da Silva***
Luns 26 (Monterroso) · **MIRCROMINA TÍTERES:** ***Raio the Loubican***
Martes 27 (Lugo) · **COMPAÑÍA SATORI:** ***Cores do camiño***
Xoves 29 (Ribas de Sil) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A fada do saco verde***
Venres 30 (Palas de Rei) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Estremonías da Silva***
Sábado 31 (A Pastoriza) · **TRÉCOLA PRODUCIÓNS:** ***Gaela quere ser druida***

NOVEMBRO

Venres 6 (Vilalba) · **ÍTACA TEATRO:** ***Instrucións para tomar café***
Sábado 7 (Friol) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***Cantaruxa Catuxa!***
Sábado 7 (As Nogais) · **MIRCROMINA TÍTERES:** ***Raio the Loubican***
Sábado 7 (Cervo) · **ÍTACA TEATRO:** ***Instrucións para tomar café***
Sábado 7 (Guitiriz) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***
Domingo 8 (Pantón) · **SEÑOR LÓPEZ PRODUCIÓNS:** ***A vida é un soño (ou case)***
Luns 9 (Taboada) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A fada do saco verde***
Martes 10 (Sober) · **ÍTACA TEATRO:** ***Instrucións para tomar café***
Mércores 11 (Lugo) · **SEÑOR LÓPEZ PRODUCIÓNS:** ***A vida é un soño (ou case)***
Venres 13 (Lugo) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A fada do saco verde***
Sábado 14 (O Saviñao) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Abra da cabra***
Sábado 14 (Bóveda) · **ÍTACA TEATRO:** ***Achifánfanos***
Domingo 15 (Bóveda) · **SEÑOR LÓPEZ PRODUCIÓNS:** ***A vida é un soño (ou case)***
Domingo 15 (O Vicedo) · **TEATRO DO MIOLO:** ***A redención de Abel***
Venres 20 (Castroverde) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Venres 20 (Castro de Rei) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A boneca de trapo***
Venres 20 (Foz) · **BENGALA TEATRO FÍSICO:** ***Alicia wants to***
Sábado 21 (O Corgo) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Estremonías da Silva***
Luns 23 (Vilalba) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Mércores 25 (Friol) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A fada do saco verde***
Sábado 28 (O Saviñao) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Sábado 28 (Castroverde) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Estremonías da Silva***
Sábado 28 (Meira) · **SEÑOR LÓPEZ PRODUCIÓNS:** ***A vida é un soño (ou case)***
Domingo 29 (Antas de Ulla) · **TRÉCOLA PRODUCIÓNS:** ***Gaela quere ser druida***

DECEMBRO

Xoves 3 (Monforte) · **BENGALA TEATRO FÍSICO:** ***Alicia wants to***
Sábado 5 (O Saviñao) · **COMPAÑÍA SATORI:** ***Cores do camiño***
Domingo 6 (A Fonsagrada) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***Cantaruxa Catuxa!***
Domingo 6 (Antas de Ulla) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***
Venres 11 (Lugo) · **MIRCROMINA TÍTERES:** ***Raio the Loubican***
Venres 11 (Vilalba) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Sábado 12 (O Saviñao) · **SEÑOR LÓPEZ PRODUCIÓNS:** ***A vida é un soño (ou case)***
Sábado 12 (Castroverde) · **TRÉCOLA PRODUCIÓNS:** ***Gaela quere ser druida***
Sábado 12 (Viveiro) · **ÍTACA TEATRO:** ***Profetas***
Domingo 13 (Monterroso) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***Cantaruxa Catuxa!***
Domingo 13 (Ribadeo) · **ÍTACA TEATRO:** ***Profetas***
Xoves 17 (Ribas de Sil) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A boneca de trapo***
Venres 18 (Monterroso) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***
Sábado 19 (Láncara) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A fada do saco verde***
Sábado 19 (O Saviñao) · **MIRCROMINA TÍTERES:** ***Raio the Loubican***
Sábado 19 (Lourenzá) · **SEÑOR LÓPEZ PRODUCIÓNS:** ***A vida é un soño (ou case)***
Domingo 20 (Foz) · **TARABELA CREATIVA:** ***A tarabela ambulante: idea***
Domingo 20 (Begonte) · **MIRCROMINA TÍTERES:** ***Raio the Loubican***
Luns 21 (Guitiriz) · **TARABELA CREATIVA:** ***A tarabela ambulante: idea***
Mércores 23 (O Valadouro) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Mércores 23 (Burela) · **TRÉCOLA PRODUCIÓNS:** ***Gaela quere ser druida***
Sábado 26 (Bóveda) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A boneca de trapo***
Sábado 26 (A Pontenova) · **TARABELA CREATIVA:** ***A tarabela ambulante: idea***
Sábado 26 (O Saviñao) · **TRÉCOLA PRODUCIÓNS:** ***Pituquito literal***
Sábado 26 (O Corgo) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***
Domingo 27 (Foz) · **MIRCROMINA TÍTERES:** ***Peixe fresco***
Domingo 27 (Láncara) · **TARABELA CREATIVA:** ***A tarabela ambulante: idea***
Luns 28 (Quiroga) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***
Martes 29 (Barreiros) · **TARABELA CREATIVA:** ***A tarabela ambulante: idea***
Mércores 30 (Burela) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***

DEPUTACIÓN DE LUGO Cultura
VICEPRESIDENCIA

Circuíto de Teatro Profesional

En marcha o Mercado e Rastro de Nadal, que será o 28 e 29 de novembro



O Concello de Burela abriu o prazo de inscrición para participar no Mercado e Rastro de Nadal 2026, que se celebrará os días 28 e 29 de novembro na carpa da praza da Mariña, en horario de 10:30 a 20:30 horas.

A iniciativa busca impulsar o comercio de proximidade, dar visibilidade á artesanía e á creación local e favorecer a reutilización de produtos.

O mercado contará con dúas zonas diferenciadas. Unha estará dedicada á artesanía e aos produtos de elaboración propia, como decoración e artigos de Nadal, xoguetes e produtos alimentarios. A outra reservarase para o rastro de segunda man, no que se poderán ofrecer artigos usados en bo estado, entre eles roupa, complementos, libros e xogos.

Poderán solicitar un posto persoas artesás e creadoras, asociacións culturais ou veciñais, persoas autónomas e particulares maiores de idade que dispoñan de produtos propios ou artigos para o rastro.

A participación será gratuíta e os postos asignaranse por orde de inscrición, en función do espazo dispoñible. O Concello poderá dar prioridade ás propostas artesanais e de elaboración propia para favorecer a creación local e o comercio de proximidade.

A concelleira de Cultura, Lina Gómez, sinala que "o Mercado e Rastro de Nadal é unha oportunidade para que artesáns, creadores e particulares conten cun espazo no que amosar os seus produtos, ao tempo que se contribúe á actividade comercial de Burela durante o Nadal".

As persoas interesadas deberán cubrir o formulario dispoñible na web do Concello de Burela ou solicitalo por correo electrónico e envialo ao enderezo cultura@burela.org antes do 15 de novembro, incluído.

Reforzan a protección dos gatos comunitarios con novos refuxios



Burela conta cun novo refuxio para os gatos dunha das colonias felinas do municipio, unha medida coa que o Concello busca mellorar as condicións de vida destes animais e facilitar o traballo das persoas que se encargan do seu coidado. A iniciativa forma parte do Plan de Control e Xestión Ética de Colonias Felinas Urbanas, aprobado o pasado 27 de xullo e publicado no Boletín Oficial da Provincia o 3 de agosto de 2026.

O traballo conxunto do Concello, a Protectora Bigotes e as persoas alimentadoras voluntarias permitiu esterilizar 34 gatas no que vai de ano, recoller 26 gatos e lograr 28 adopcións. Ademais, rexistráronse 23 mortes de felinos, a maioría deles recollidos na rúa.

O plan municipal establece un marco de actuación para organizar a atención ás colonias e aplicar o método CER (captura, esterilización e retorno), destinado a controlar a reprodución dos gatos comunitarios e mellorar o seu benestar.

Entre as medidas incorporadas figura a creación dun carné identificativo para as persoas alimentadoras autorizadas, co que se pretende recoñecer o seu labor e mellorar a coordinación dos coidados. A acreditación irá acompañada dun compromiso de actuación que inclúe proporcionar auga limpa e fresca, utilizar preferentemente penso seco, manter en boas condicións hixiénicas os puntos de alimentación e comunicar a aparición de novos gatos ou de animais enfermos e feridos.

As persoas colaboradoras tamén recibirán un kit con penso, luvas, xel hidroalcohólico, unha pinza para retirar carrachas e unha libreta con bolígrafo para rexistrar incidencias e facer un seguimento das necesidades de cada colonia.

O Concello agradece a implicación da Protectora Bigotes e do voluntariado e pide á veciñanza que respecte os refuxios e os puntos de alimentación habilitados, ademais de seguir as indicacións municipais para favorecer unha convivencia responsable cos animais.

O Osa do Mar recibe o PALCO ao mellor evento cultural

O festival Osa do Mar, organizado pola Asociación Cultural Fanto Fantini de Burela, foi elixido mellor evento cultural ou musical na segunda edición dos Premios PALCO, celebrada o 3 de novembro na Sala Capitol de Santiago. O certame burelao impúxose a dous dos grandes referentes musicais galegos, o PortAmérica e o Resurrection Fest, cos que compartía candidatura.

O galardón recoñece o traballo desenvolvido pola asociación e a súa aposta por consolidar en Burela unha cita musical e cultural con identidade propia. Os Premios PALCO distinguen os profesionais, artistas, empresas e espazos vinculados á industria musical galega e contaron nesta edición con 14 categorías e 42 finalistas.

A entrega do premio ao Osa do Mar enmárcase nunha convocatoria na que tamén foron recoñecidos The Rapants como artista do ano e a Fundación Paideia como persoa do ano. A gala abriu o encontro PALCO, que continúa os días 4 e 5 de novembro no Museo Gaiás de Santiago, coa participación prevista duns 500 profesionais do sector.

A Casa da Cultura rende tributo a Mecano, La Oreja e Amaral



A Casa da Cultura de Burela acollerá o venres 20 de novembro o espectáculo "Noches encendidas", un concerto tributo a tres dos grandes referentes do pop español: Mecano, La Oreja de Van Gogh e Amaral. A actuación, prevista para as 20.00 horas, ofrecerá unha viaxe musical por cancións que marcaron diferentes xeracións.

O repertorio homenaxeará a pegada de Mecano, unha das bandas máis influentes do pop español dos anos 80 e 90, coñecida por temas que se converteron en clásicos. Tamén haberá espazo para La Oreja de Van Gogh, grupo que conquistou ao público coas súas melodías pop e letras emotivas, e para Amaral, o dúo zaragozano que destacou pola súa personalidade musical e cancións de gran éxito.

"Noches encendidas" propón así unha noite para lembrar e cantar algúns dos temas máis recoñecibles destas formacións, nun espectáculo dirixido tanto a quen medrou coa súa música como a novas xeracións de oíntes.

A proposta permitirá recuperar cancións que seguen formando parte da memoria musical colectiva e gozar dunha velada marcada pola nostalxia e os grandes éxitos.

O Espazo Zero busca previr a soidade e favorecer o benestar adolescente

A Casa da Xuventude de Burela acollerá ata o 17 de decembro o Espazo Zero, unha proposta dirixida a adolescentes que busca ofrecerlles un lugar seguro no que compartir experiencias, conversar sobre como se senten e apoiarse mutuamente.

A actividade celebrarase todos os xoves, en horario de 16.00 a 17.30 horas. O obxectivo é crear un punto de encontro no que a mocidade poida relacionarse, pasar tempo en compañía e contar cun espazo para falar e compartir as súas vivencias sen a presión das obrigas cotiás.

O Espazo Zero está organizado pola asociación Arraianas e enmárcase no programa Candea, centrado na prevención da soidade non desexada e do suicidio. Esta iniciativa tamén contempla o apoio ás familias e ás persoas achegadas de vítimas falecidas.

As persoas interesadas en participar ou en recibir máis información poden contactar coa organización no teléfono 698 183 167 ou escribir ao enderezo electrónico candea@arraianas.org.

PSOE e BNG poñen o foco nas necesidades educativas locais



O investimento educativo e as necesidades de infraestruturas de Burela centran as últimas reivindicacións dos grupos que forman parte do goberno municipal. O PSdeG-PSOE prepara cinco emendas aos Orzamentos da Xunta para 2027 por un importe global de 6,1 millóns de euros, mentres o BNG cuestiona as cifras difundidas pola Consellería de Educación sobre as actuacións realizadas nos centros da localidade e reclama solucións para mellorar a accesibilidade do IES O Perdouro.

As propostas socialistas, que serán trasladadas ao Grupo Parlamentario do PSdeG, buscan conseguir financiamento autonómico para actuacións educativas, de vivenda, estradas e transporte público. No ámbito educativo, a formación solicita 500.000 euros como primeira anualidade para a rehabilitación integral do CEIP Vista Alegre, con obras nas cubertas, eliminación de humidades, mellora das instalacións, accesibilidade e acondicionamento dos exteriores.

Ademais, reclama outros 150.000 euros para eliminar barreiras arquitectónicas no IES O Perdouro mediante a instalación dun ascensor ou doutros sistemas de elevación e a adaptación dos itinerarios entre os edificios. Precisamente este centro está no centro das críticas do BNG á Xunta. O tenente de alcaldesa e responsable municipal de Educación, Mario Pillado, cuestiona os datos publicados pola Consellería sobre o investimento realizado na ampliación do instituto.

Segundo explica, o Goberno galego atribúe a esa actuación un custo de 770.000 euros, mentres que, de acordo coa información publicada pola prensa local naquel momento, a licitación fora de 420.000 euros e o importe final quedara en 360.000. Pillado relaciona esta redución coa eliminación do ascensor que figuraba no proxecto inicial e considera que a súa ausencia continúa sendo unha deficiencia que debe corrixirse para garantir a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida.

O representante nacionalista tamén reprocha á Consellería a falta de diálogo co Concello. Afirma que solicitaron unha reunión coa Dirección Territorial de Educación en Lugo en decembro de 2023 sen recibir resposta e que posteriormente pediron ser recibidos pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Fóra do ámbito educativo, as emendas socialistas inclúen 250.000 euros para os estudos e a redacción do proxecto dunha promoción pública de vivendas nos terreos cedidos polo Concello ao IGVS na zona de Torrentes. A maior partida, de cinco millóns, destinaríase á VAC Costa Norte. Os 200.000 euros restantes servirían para mellorar as frecuencias e os horarios do transporte interurbano na comarca, especialmente nas conexións co Hospital Público da Mariña e durante as fins de semana.

Ambas as formacións reclaman actuacións á Administración autonómica e consideran necesario atender as demandas pendentes de Burela, tanto nas infraestruturas educativas como nos servizos e equipamentos municipais.

O PP critica o atraso de nove meses no pagamento dunha factura de 70.000 euros

O Partido Popular de Burela censurou a xestión económica do goberno local, formado polo PSOE e o BNG, tras a celebración do último Pleno extraordinario urxente, no que se aprobou un novo recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 70.000 euros para facer fronte a unha factura rexistrada en xaneiro e que seguía sen aboarse nove meses despois.

Os concelleiros populares consideran que este caso evidencia a «improvisación» da alcaldesa, López Moreno, na xestión municipal, e denuncian a existencia de supostas irregularidades na tramitación do gasto. Segundo explican, o Concello non tiña prevista a correspondente consignación orzamentaria e, ademais, arredor de 14.000 euros do importe total non se axustarían ao contratado nin contarían coa documentación necesaria para comprobar que o servizo se prestou, segundo a versión do PP.

A formación popular sinala que a convocatoria do Pleno tiña como obxectivo aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos necesario para pagar a factura, que, segundo indica, presentaba irregularidades recollidas nun informe do departamento de Intervención.

O PP lembra que as facturas rexistradas nas administracións públicas deben aboarse dentro dos prazos establecidos e critica que a empresa tivese que agardar nove meses para cobrar polos seus servizos. A pesar das cuestións que denuncia, os populares sosteñen que o pagamento debe efectuarse, xa que as empresas que traballan para o Concello teñen dereito a cobrar polo traballo realizado, pero reclaman que se faga «en tempo e forma».

A formación conclúe que este episodio se suma, ao seu xuízo, a outros problemas na xestión económica e contable do goberno municipal e reclama unha maior previsión na planificación dos gastos e no cumprimento dos procedementos administrativos.

A defensa persoal protagoniza unha das actividades do 25N

Burela incorporará á programación do 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, un obradoiro gratuíto de defensa persoal feminina. A iniciativa será o sábado 14 na Aula de Familia da Casa da Cultura e estará organizada en dúas quendas para facilitar a participación. A primeira sesión terá lugar en horario de mañá, de 10.00 a 14.00 horas, mentres que a segunda se desenvolverá pola tarde, entre as 16.00 e as 20.00 horas. As mulleres interesadas poderán anotarse ata o 13 de novembro a través do teléfono 982 580 609 ou do correo electrónico cim@burela.org.

A concelleira de Igualdade, Sandra Fernández, sinala que a proposta busca achegar ás mulleres recursos prácticos que poidan contribuír á súa protección.

Os ritmos e os bailes de Uganda chegarán Burela en decembro

A música, a danza e os ritmos africanos serán protagonistas en Burela o día 6 de decembro coa chegada de Aba Taano e Ugandan Sticks, dous proxectos artísticos de Uganda que achegarán ao público a forza da percusión e o talento dos seus intérpretes.

A actuación terá lugar o 6, tamén ás 20.00 horas, o espectáculo trasladarase á Casa da Cultura. Aba Taano é un grupo ugandés de gospel africano cunha ampla traxectoria internacional, coñecido pola forza das súas interpretacións vocais e pola combinación de ritmos tradicionais e música gospel. Pola súa banda, Ugandan Sticks achegará a enerxía dos seus bailes e a percusión, cunha proposta protagonizada polo talento dos intérpretes máis novos de Uganda.

Os espectáculos están pensados para ofrecer unha experiencia musical e visual na que os tambores africanos, as voces e as coreografías se combinan para achegar ao público a riqueza cultural do país.

Os danos nas raíces obrigan a retirar doce árbores en Arcadio Pardiñas

O Concello de Burela retirará e substituirá as doce árbores que inicialmente estaba previsto conservar nas obras de remodelación da avenida Arcadio Pardiñas, entre a rúa das Flores e Celso Emilio Ferreiro. A decisión adoptouse tras detectar danos nas raíces durante a retirada dos parterres.



Baixo a superficie apareceron restos de materiais de construción que impediron que as raíces medrasen en profundidade, polo que se desenvolveron principalmente en sentido lateral. Os traballos afectaron parte delas e comprometeron a estabilidade e a viabilidade dos exemplares.

Os doce exemplares serán substituídos por novas árbores, que se plantarán na época máis axeitada para favorecer o seu arraigamento.

A selección das especies terá en conta a exposición ao nordés, o espazo para as raíces, a proximidade das fachadas e a presenza de beirarrúas e servizos soterrados. Escolleranse exemplares cun porte adecuado ao espazo urbano, para evitar que o seu tamaño limite a entrada de luz natural nas vivendas. O Concello agradece a paciencia e colaboración da veciñanza e dos comercios durante as obras.



Máis de 80 negocios participan na nova campaña da Pancha



A moeda local de Ribadeo, A Pancha, volverá funcionar o 1 de novembro coa súa oitava campaña de promoción do consumo nos negocios do municipio. A iniciativa conta coa adhesión de máis de 80 establecementos dos sectores do comercio, a hostalaría, o turismo e os servizos.

O Concello destina 65.000 euros a subvencionar o 25 % das compras realizadas polas persoas participantes. Por cada 30 euros achegados, recibirán outros 10 en Panchas, cunha axuda máxima de 100 euros por beneficiario. As persoas maiores de 18 anos poderán adquirir a moeda a través da plataforma www.pancharibadeo.gal e utilizala nos negocios adheridos ata o 28 de decembro de 2026.

A campaña, promovida pola Área de Promoción Económica, busca que o gasto permaneza no municipio e contribúa á actividade dos establecementos locais, ao emprego e ao mantemento do tecido económico.

A presidenta de Acisa, Carmen Cruzado, valorou a continuidade dunha iniciativa xa consolidada no calendario comercial, especialmente nun período marcado polos agasallos e as celebracións de Nadal.

Cruzado sinalou que o 75 % dos establecementos participantes son socios de Acisa, entidade que colabora un ano máis co Concello na organización da campaña. Ambas as representantes destacaron a oportunidade que ofrece A Pancha para apoiar o comercio e a hostalaría local, ao tempo que as persoas consumidoras poden beneficiarse dos descontos nas súas compras.

Nace Pagasalgo, unha asociación para activar o ocio todo o ano



Un grupo de mozos e mozas de Ribadeo puxo en marcha a Asociación Cultural Pagasalgo co propósito de dinamizar a vida social e cultural da vila durante todo o ano e ofrecer alternativas de ocio máis alá da tempada estival. A iniciativa busca implicar a mocidade na vida local, reforzar os vínculos coa veciñanza e crear novos espazos de encontro e convivencia.

A asociación prepara unha programación diversa que incluirá torneos de petanca, proxeccións audiovisuais, obradoiros gastronómicos e concertos, entre outras actividades abertas á participación cidadá. A intención é contribuír a desestacionalizar o ocio en Ribadeo e favorecer tanto a participación social como o encontro entre xeracións.

A primeira actividade oficial tivo lugar o pasado 24 de outubro cun torneo de petanca organizado en colaboración co Clube de Petanca de Ribadeo.

Pagasalgo tamén abre a porta a todas as persoas que queiran colaborar coa iniciativa a través dunha cota anual de 25 euros. As persoas socias poderán coñecer a programación con antelación, participar activamente na organización das actividades e acceder a descontos nelas.

Desde a asociación agradecen a boa acollida recibida e animan a veciñanza a sumarse ao proxecto para construír un Ribadeo máis activo durante os doce meses do ano.

Ribadeo regulará o estacionamento de caravanas e autocaravanas

O Goberno local prepara unha nova ordenanza para regular o estacionamento e a acampada de caravanas, autocaravanas e vehículos camperizados no municipio. A normativa busca ordenar o uso das vías e espazos públicos e establecer zonas permitidas.

O alcalde explicou que a regulación diferenciará entre pernoctar e acampar, ademais de definir os vehículos de grandes dimensións. Tamén abordará cuestións como a xestión dos residuos, os ruídos e os tempos máximos de permanencia nos espazos públicos.

Trátase da primeira ordenanza municipal especificamente dedicada a esta actividade. Permitirá organizar os aparcadoiros e establecer regras comúns, con especial atención á protección dos espazos naturais sensibles, como a praia das Catedrais. Vega advertiu de que non estará permitido estacionar ou acampar en calquera lugar.

O incumprimento da normativa poderá supoñer sancións económicas en función da gravidade das infraccións. As leves estarán castigadas con multas de entre 200 e 750 euros; as graves, de 751 a 1.500 euros, e as moi graves poderán alcanzar os 3.000 euros.

Ribadeo amplía a súa rede de cardioprotección e renova os medios de xardinería

Ribadeo reforza a prevención de emerxencias cardíacas e mellora os medios municipais de xardinería con dúas actuacións impulsadas polo Concello. Por unha banda, instalou dous desfibriladores externos semiautomáticos (DESA) en plena vía pública; pola outra, incorporou un camión novo para o servizo de Medio Ambiente.

Os dispositivos de cardioprotección están situados nas rúas San Francisco e Rosalía de Castro, dous puntos de gran afluencia, para facilitar unha resposta rápida ante posibles paradas cardíacas. O alcalde, Dani Vega, asegurou que Ribadeo é o primeiro concello galego en promover unha iniciativa destas características. Os equipos súmanse aos dez desfibriladores que xa estaban dispoñibles en distintos espazos públicos do municipio.

A actuación non se limita á instalación dos aparellos, xa que tamén contempla accións formativas abertas á cidadanía. O obxectivo é que a poboación adquira coñecementos básicos para saber como actuar ante unha emerxencia cardíaca, cando os primeiros minutos poden resultar determinantes. Vega incidiu na importancia de implicar a veciñanza na protección da saúde e na creación de espazos máis seguros.

A segunda medida é a adquisición dun camión destinado ao servizo municipal de xardinería, que ata agora non dispoñía dun vehículo destas características. O concelleiro de Medio Ambiente, Diego dos Santos, explicou que a compra se realizou a través do Fondo de Compensación Ambiental e que permitirá renovar progresivamente o parque móbil e atender os traballos pendentes.

Segundo detallou, trátase dun camión con distintivo ambiental cero emisións ou eco. O custo é asumido pola Xunta de Galicia e polo Concello de Ribadeo. Dos Santos sinalou que a incorporación forma parte da renovación gradual dos vehículos municipais, necesaria para desenvolver as tarefas do servizo. A compra reforza os medios para atender as tarefas de xardinería.

Nove charlas para aprender a coidar o corazón e previr infartos



O Concello puxo unha nova actividade do programa municipal Preto de ti, cun ciclo de charlas sociosanitarias centradas na prevención das enfermidades cardiovasculares. Baixo o título “Coidando ao corazón”, a iniciativa pretende achegar á veciñanza recomendacións e ferramentas prácticas para adoptar hábitos saudables e reducir os riscos asociados a este tipo de problemas de saúde.

As sesións permitirán coñecer mellor os principais factores de risco cardiovascular, entre eles a diabetes, o colesterol elevado e a hipertensión arterial. Tamén se abordará como identificar os síntomas de alarma dun infarto e cales son as principais diferenzas entre esta patoloxía e un ictus.

A proposta desenvolverase cun formato dinámico e participativo, pensado para facilitar a comprensión dos contidos e resolver as dúbidas das persoas asistentes. A finalidade é que a información se traduza en pequenos cambios nas rutinas diarias que contribúan ao coidado persoal e á prevención.

A primeira terá lugar o día 10 ás 18.00 horas en Vilaselán. Ao día seguinte, ás 16.45 horas, celebrarase en Rinlo. A programación continuará o 16 de novembro en Cinxe, ás 16.15 horas, e o día 17 haberá dúas sesións: ás 10.00 horas na Devesa e ás 16.15 en Vilaframil. Cedofeita acollerá a seguinte cita o día 19, ás 16.15 horas, mentres que Couxela terá a súa quenda o 20, ás 11.30. O calendario rematará o 24 de novembro en Arante, ás 16.30 horas, e o día 25 en Ribadeo, ás 18.30.

O atraso do Hospital-Asilo prolonga a espera dos usuarios



O BNG de Ribadeo volve situar o Hospital-Asilo no centro das críticas ao goberno local pola demora das obras de remodelación, que permaneceron paralizadas durante aproximadamente un ano. A formación nacionalista denuncia que as persoas usuarias levan máis de tres anos desprazadas e que, ata agora, non había unha data concreta para completar a reforma. Porén, o Concello comunicou que os traballos se retomaron a finais de outubro, coa incorporación dunha nova empresa para executar a parte que quedaba pendente.

A empresa Jelu será a encargada de rematar o 13 % da actuación que aínda falta, cun orzamento de 320.000 euros achegados integramente pola Xunta de Galicia. A obra inicial quedara bloqueada pola entrada en concurso de acredores de Construcciones J. Naray, a adxudicataria orixinal. Segundo a información municipal, os traballos xa perderan ritmo antes da saída definitiva da empresa, o que obrigou a abrir un proceso complexo e levou o Concello a presentar unha denuncia contra a construtora focense.

O portavoz do BNG, Martín Graña, considera que a reforma acumula atrasos e incumprimentos, xa que debería estar rematada hai ano e medio. O nacionalista reclama explicacións sobre as actuacións que faltan, a correspondencia entre a porcentaxe certificada e o estado real da obra e a posible existencia de partidas pagadas que non se executaron. Tamén cuestiona que o alcalde non seguise, segundo afirma, as recomendacións técnicas para rescindir o contrato en abril de 2024. Graña pide que se facilite toda a documentación e que se concrete un calendario para rematar os traballos. Ademais, considera necesario abordar a futura xestión do centro para ofrecer unha solución ás persoas afectadas.

Durante o período de bloqueo, o Concello tramitou en paralelo a contratación da lavandería e da cociña. Tamén promoveu un proxecto adicional para converter a antiga capela nun espazo multifuncional e transformar a antiga residencia das relixiosas que atendían o Hospital-Asilo nunha residencia interna. A demora mantén a incerteza sobre o regreso das persoas usuarias e sobre a organización dos servizos do centro. O BNG pide que a nova fase permita aclarar os prazos e evitar máis atrasos na súa finalización definitiva.

COLECTORES. O BNG trasladou tamén outras dúas denuncias sobre asuntos municipais. Por unha banda, reclama resolver os problemas dos colectores soterrados da rúa Clemente Martínez Pasarón, que, segundo a formación, levaban máis dun mes sen baleirarse. A 31 de outubro, asegura, só se retiraran os residuos de aproximadamente a metade dos depósitos e outros continuaban precintados, sen que se puidese comprobar o seu estado.

Ribadeo prepara dous meses de música, teatro e unha exposición sobre Calvo-Sotelo



Ribadeo pechará 2026 cunha programación cultural que reúne música, teatro e exposicións. A axenda de novembro e decembro inclúe actuacións da Coral Polifónica e da Banda de Música Municipal, representacións teatrais, festivais da Escola Municipal de Música e Danza e unha mostra dedicada á biblioteca do expresidente Leopoldo Calvo-Sotelo.

A concelleira de Cultura, Begoña Sanjurjo, salientou a diversidade das propostas. Novembro terá un marcado carácter musical pola celebración de Santa Cilla, patroa dos músicos, con actividades da Coral Polifónica e da Banda Municipal. O teatro tamén ocupará un lugar na programación: o día 15 representarase o espectáculo familiar 'A Alquimista' e o 22 chegará ao auditorio 'Sobria e Serena: o chou'. Ademais, arredor do 25 de novembro desenvolveranse actos polo Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

En decembro, a Biblioteca Municipal acollerá a exposición 'A biblioteca do noso presidente', vinculada á conmemoración dedicada a Calvo-Sotelo. A oferta teatral completarase o día 13 con 'Profetas', da compañía Ítaca Teatro. A Escola Municipal de Música e Danza celebrará os festivais de Nadal os días 12 e 19, mentres que a Coral Polifónica cantará panxoliñas na igrexa parroquial o 22.

A Banda de Música Municipal ofrecerá o concerto 'Aquí como en Viena' o 29 de decembro no pavillón municipal, un cambio de espazo que, segundo avanzou Sanjurjo, incluirá sorpresas. A programación rematará o día 26 co prefin de ano organizado coa asociación Os Catro Caños.

A Casa Maseda abrirase ao turismo e veciños trala súa rehabilitación

A Casa Maseda será rehabilitada para converterse na nova oficina turística do municipio, nun proxecto financiado pola Xunta de Galicia con preto de 900.000 euros. O Concello prevé que os traballos estean rematados ao longo de 2027.

A actuación permitirá recuperar un inmoble construído en 1880, conservando os elementos arquitectónicos de interese, entre eles o escudo da fachada. A intervención incluirá a renovación estrutural e funcional do edificio, que se distribuirá en dúas plantas. A baixa acollerá o servizo de información e atención aos visitantes, mentres que a primeira funcionará como espazo polivalente para exposicións, charlas e actividades culturais e divulgativas. Así, a Casa Maseda combinará o servizo turístico coa dinamización cultural.

O convenio para desenvolver o proxecto foi asinado polo director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, e o alcalde, Daniel Vega. Merelles salientou a recuperación patrimonial e a mellora da atención aos visitantes. A iniciativa intégrase na Estratexia de Turismo de Galicia 2030 e responde tamén á relevancia do Camiño do Norte ao seu paso polo municipio, que superou os 20.000 peregrinos no que vai de ano.

O Concello sancionará aos propietarios de animais que deixan os excrementos na rúa

O Concello sancionará a quen deixa abandonados os excrementos do seus animais na vía pública. A concelleira de Seguridade, Montse Seijo, explicou que "dende o Concello de Ribadeo seguimos vixiando certos comportamentos de donos de cans, que non recollen os excrementos dos seus animais. Seguimos sancionando a esas persoas que non respectan a ordenanza municipal".

E fai unha chamada ao respecto e ao civismo das persoas: "apelamos ao civismo e ao respecto. Recoller os excrementos non é só unha cuestión de limpeza, que tamén. É unha forma de respectar aos nosos nenos, aos nosos maiores, aos veciños e veciñas e ás persoas que nos visitan, que cada vez son máis os que veñen vernos".t

Seijo subliñou: "dende aquí pedimos máis compromiso individual para velar por un interese común, responsabilidade compartida para manter un Ribadeo limpo e maior, entre todos podemos conseguilo".



O Concello de Cervo ofrecerá clases de xadrez para a infancia na Casa do Mar

O Concello de Cervo, en colaboración co Club Xadrez San Roque de Viveiro, pon en marcha unha actividade para achegar o xadrez á infancia do municipio. As clases desenvolveranse os mércores, de 16.45 a 18.00 horas, na Casa do Mar, e permitirán ás nenas e nenos iniciarse nesta disciplina ou avanzar nos seus coñecementos.

A iniciativa busca ofrecer unha alternativa deportiva e educativa que contribúa ao desenvolvemento de diferentes capacidades. A práctica do xadrez favorece a concentración, a memoria, a paciencia e o razoamento lóxico, ademais de axudar a traballar a toma de decisións.

A rexedora lembrou a boa resposta que tivo esta disciplina durante o programa municipal Enredando no verán. A experiencia permitiu comprobar o interese das crianzas polo xadrez e serviu de antecedente para impulsar esta nova proposta no municipio. As familias interesadas en participar poden formalizar a inscrición na Casa da Cultura de Cervo ou solicitar información a través do teléfono 672 77 25 08.

Destinan 33.000 euros a renovar o alumeado da avenida da Mariña



O Goberno local renovará a iluminación pública da avenida da Mariña, en San Cibrao, cun investimento de 32.932,69 euros procedentes do Fondo de Compensación Ambiental. A intervención contempla a instalación de 26 luminarias LED de 75 vatios, que permitirán reducir nun 49 % a potencia instalada, pasando de 3.800 a 1.950 vatios, e acadar unha cualificación enerxética A. Os traballos abranguerán o tramo entre a ponte e a praia do Torno, así como as conexións coas rúas Farillón e Asturias.

Por outra banda, o Concello reclama á Deputación de Lugo que reactive e finalice as obras de acceso ao polígono industrial de Cuiña. A Corporación aprobou por unanimidade unha moción para solicitar avances e un calendario concreto, que inclúa o estado do proxecto, os trámites pendentes, os prazos e o financiamento previsto.

A alcaldesa, Dolores García Caramés, considera que o acceso actual desde a N-642 non reúne as condicións necesarias para o tráfico pesado e reclama unha solución que mellore a circulación e a seguridade.

O goberno local lembra que xa investiu máis de 160.000 euros na renovación das beirarrúas do polígono, cunha achega da Xunta que cobre case o 75 % do custo. Ademais, aplica unha bonificación do 50 % no ICIO para favorecer a implantación e ampliación de empresas. García Caramés pide que a Deputación concrete cando e como executará a obra pendente.

Sanci Tapeando regresa con tapas en sete locais de San Cibrao

A hostalería de San Cibrao recupera a iniciativa Sanci Tapeando, na que participan sete establecementos que ofrecerán cada xoves tapas variadas ao prezo único de tres euros. A proposta, coa colaboración do Concello de Cervo, busca dinamizar os negocios locais e promover a gastronomía da vila.

Os locais participantes son A Penúltima, Las Titas, Maruxaina, O Faro, O Noso Lar, Bodega De Ana e La Habana, que prepararán diferentes elaboracións, entre elas unha hamburguesa de tenreira con cebola caramelizada e queixo San Simón, albóndegas mariñeiras e un tambor de plátano con carne.

As persoas que participen na ruta tamén poderán entrar nun sorteo mensual presencial, que irá cambiando de establecemento entre os negocios adheridos.

As propostas gastronómicas de cada semana e as novidades da campaña anunciaranse no perfil de Facebook de Sanci Tapeando. O Concello anima a veciñanza e aos visitantes a sumarse á iniciativa.

Reparten material promocional para animar a recorrer o Camiño do Litoral

O Concello pon á disposición da veciñanza e das persoas interesadas en descubrir a costa galega diferentes materiais promocionais do Camiño do Litoral. A iniciativa busca dar maior visibilidade a este itinerario e fomentar o turismo activo vinculado á natureza.

Entre os elementos distribuídos figuran cadernos de bitácora, pensados para que as persoas camiñantes poidan rexistrar as súas experiencias e conservar os recordos de cada etapa. A campaña inclúe tamén lapis e chaveiros.

O Camiño do Litoral percorre 1.373 quilómetros da costa galega, divididos en 52 etapas que atravesan un total de 78 concellos. Cervo forma parte destacada deste itinerario, xa que a terceira etapa chega ao municipio desde Foz, mentres que a cuarta conecta o territorio cervense con Viveiro.

Desde o Concello animan a veciñanza e ás persoas que teñan previsto realizar este percorrido a achegarse á Casa da Cultura para recoller o material dispoñible e coñecer mellor esta proposta de turismo ao aire libre.

O programa Xantar na Casa chega a Cervo para apoiar a conciliación e os coidados

O programa Xantar na Casa ampliará os recursos de atención social de Cervo cun servizo de entrega de comidas a domicilio destinado a persoas maiores, dependentes ou en situación de vulnerabilidade que teñen dificultades para garantir unha alimentación adecuada. A adhesión foi aprobada polo Pleno municipal, xunto coa integración no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o convenio necesario para implantar o servizo.

A iniciativa permitirá levar comidas equilibradas aos domicilios dos beneficiarios, favorecendo que poidan permanecer nas súas vivendas e evitar, cando sexa posible, o ingreso en centros asistenciais. A capacidade inicial será de 15 usuarios e o Concello achegará 1,95 euros por persoa e día. O custo máximo anual estimado ascende a 10.676,25 euros.

A alcaldesa, Dolores García Caramés, destacou que este recurso complementará os servizos municipais e ofrecerá unha resposta ás necesidades detectadas polos profesionais de Servizos Sociais e pola veciñanza. Ademais da atención alimentaria, considera que o programa contribuirá á autonomía persoal, ao acompañamento e á calidade de vida das persoas beneficiarias e das súas familias.

A rexedora subliñou que o obxectivo é facilitar que as persoas maiores e dependentes continúen vivindo na súa contorna habitual, preto dos seus familiares e co apoio necesario.

Unha vez que o convenio estea plenamente vixente, os Servizos Sociais municipais encargaranse de tramitar as solicitudes das persoas interesadas, segundo as condicións establecidas para a posta en marcha do programa.

Reabre o parque infantil da Praza dos Campos de San Cibrao



O parque infantil da Praza dos Campos de San Cibrao xa está novamente a disposición das familias tras completarse as obras de renovación integral. A reapertura tivo lugar esta tarde cunha xornada de actividades para os máis pequenos, que puideron gozar de música, pintacaras e globoflexia.

A intervención permitiu substituír por completo os antigos elementos de xogo, o pavimento de caucho e o peche que delimitaba o recinto. No seu lugar instaláronse novos equipamentos homologados e adaptados a diferentes idades, con propostas variadas para o lecer e a actividade infantil.

Entre as incorporacións figuran xogos combinados e temáticos, randeeiras, elementos de resorte, un trampolín e outras estruturas que amplían as posibilidades de entretemento. O espazo dispón tamén dun novo chan continuo de seguridade, elaborado con caucho reciclado e EPDM, deseñado para amortecer posibles caídas e axustarse á normativa vixente.

Outra das melloras afecta ao perímetro do parque, que conta agora cun novo cerramento fabricado en polímero reciclado. Deste xeito, a actuación renovou tanto as zonas de xogo como os elementos de protección do recinto.

Os traballos supuxeron un investimento de 320.845 euros, financiado integramente con fondos propios municipais.

Actividades para cada etapa da vida

Arruguiñas, as escolas deportivas, os cursos de piscina e os programas infantís enchen a axenda de Cervo









O Concello de Cervo ten en marcha unha programación que combina aprendizaxe, actividade física, ocio educativo e conciliación. Arruguiñas, as escolas deportivas e os cursos de piscina xa forman parte da oferta, á que se suman Brincos de Lecer e Playing in English, dúas propostas de conciliación con boa acollida. As iniciativas buscan favorecer o benestar dos maiores e apoiar a conciliación familiar.

ARRUGUIÑAS

Dirixido a maiores de 60 anos, Arruguiñas desenvolve desde outubro unha nova edición gratuíta. O programa mantén actividades consolidadas e incorpora novidades, ademais de ampliar a súa presenza no Centro de Día Residencia. Inclúe talleres de memoria, Móvete, inglés, Actívate, lingua de signos, talleres terapéuticos e Charlando.

A novidade é a terapia con maiores e a iniciación á lingua de signos en Cervo. Esta actividade impártese os mércores, de 17.00 a 18.00 horas, na biblioteca, da man de EMotiVavet. En San Cibrao celébrase os xoves, no mesmo horario, na Casa do Mar.

Actívate funciona os martes e xoves, de 11.30 a 12.30 horas, na Casa do Mar. Inclúe Conectámonos, sobre o manexo das novas tecnoloxías; A miña voz interior, centrada nos recordos e nas emocións; A miña mente, para estimular as capacidades sociocognitivas; e Envellecemento activo, con exercicios manipulativos e de psicomotricidade fina.

O taller de memoria continúa en Cervo os martes e xoves pola tarde e en San Cibrao os luns e mércores, con dous grupos. Móvete, pensado para incorporar o exercicio físico á rutina e favorecer a socialización, desenvólvese os martes e xoves en Cervo e os luns e mércores en San Cibrao. Tamén hai clases de inglés para o día a día, coa colaboración da English School, e talleres terapéuticos xunto a Saúde Mental A Mariña.

A alcaldesa, Dolores García Caramés, define Arruguiñas como "moito máis ca un programa de actividades: é un espazo para compartir, aprender, manterse activos e, sobre todo, para que as nosas persoas maiores continúen tendo un papel protagonista na vida do municipio". Engade que pretende que cada participante atope propostas que contribúan ao seu "benestar físico, mental e social".

Dentro do programa de envellecemento activo están os guateques itinerantes polas distintas parroquias, en colaboración coas asociacións veciñais, para achegar música en directo e fomentar a convivencia. Tamén está Charlando, unha serie de encontros informais e didácticos nos que participan profesionais de diferentes sectores para abordar temas de interese e utilidade.

> **"Poñemos á disposición das familias recursos que lles faciliten a conciliación"**

VIDA COMPARTIDA

O programa tamén chega ao Centro de Día Residencia, onde se incorpora terapia asistida con cans, da man de EMotiVavet, e unha monitora todas as tardes. Para a infancia, Brincos de Lecer coa Ra Ramira mantén a actividade na Casa da Cultura de San Cibrao. O programa mantén unha alternativa educativa nas tardes lectivas. A proposta combina aprendizaxe, creatividade e socialización, ao tempo que ofrece ás familias un recurso para a conciliación.

DEPORTE E AUGA

As escolas deportivas de Cervo e os cursos de piscina, xa en marcha, completan a programación municipal. Amplían así as opcións de formación, exercicio e tempo libre para diferentes idades.

CONCILIACIÓN

A principal novidade é Brinquiños, destinado a nenos e nenas de dous e tres anos, que se celebra os martes e xoves de 16.30 a 17.30 horas. Mantense Brincos, para idades de tres a cinco anos, e Croacbooking, obradoiro de manualidades para alumnado de seis a doce anos. A oferta inclúe tamén Aprender a Aprender, centrado na memoria, a atención e as técnicas de estudo, e Findes Anfibios, con obradoiros temáticos en fins de semana alternas.

A alcaldesa asegura que están "moi satisfeitos de poder dar continuidade a un programa que tivo unha moi boa acollida". Quere que "esta aposta polo ocio educativo non quede limitada ao verán, senón que poida continuar ao longo de todo o curso escolar".

O Concello tamén conta co Cervo Madruga, o programa de atención temperá que busca facilitar a conciliación da vida familiar e laboral durante o curso escolar. A iniciativa, desenvolvida coa colaboración das ANPAs dos CEIP Península da Paz e de Cervo, ofrece un espazo seguro e adaptado para que os nenos poidan permanecer antes do comezo das clases.

> **"Que as crianzas poidan divertirse, aprender, relacionarse e desenvolver a súa creatividade"**

APRENDER XOGANDO

Playing in English regresa en colaboración coa English School de San Cibrao. O obradoiro está dirixido ao alumnado de Infantil, Primaria e primeiro e segundo da ESO, con grupos adaptados ás idades e aos niveis. As sesións celébranse os luns, martes e xoves pola tarde e permiten practicar o idioma mediante xogos e actividades dinámicas.

A rexedora quere ofrecer recursos para a conciliación e espazos seguros nos que as crianzas poidan "divertirse, aprender, relacionarse e desenvolver a súa creatividade". Sobre Brinquiños, sinala que permite ampliar a oferta aos máis pequenos; sobre Playing in English, subliña que é unha actividade que "funcionou moi ben" e que achega o inglés dunha maneira lúdica e participativa.

EN DATOS

-PROGRAMA ARRUGUIÑAS-
Para maiores de 60 anos
Inclúe: Móvete, Actívate, Talleres terapéuticos, Memoria, Inglés para o día a día, Terapia para maiores e Iniciación a lingua de signos.
Arruguiñas no CDR, con monitora todas as tardes, asistencia con cans, Actívate e taller de manualidades.
Charlando, sesións mensuais.
Guateques, encontros con música en directo e baile nas parroquias.

-ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN-
Brincos de lecer
- Brinquiños, crianzas de 2 a 3 anos.
- Brincos, crianzas de 3 a 5 anos.

Aprender a aprender, crianzas de 11 a 14 anos.
Croackbooking, crianzas de 6 a 12 anos.
Findes anfibios, talleres temáticos durante fins de semana alternos.
Playing In English para infantil, primaria e 1º e 2º ESO.
Cervo Madruga servizo de apoio ás familias na organización dos seus horarios laborais.

-DEPORTE-
Escolas deportivas municipais
Para adultos: Pilates, ioga, Fitdance e corpo activo.
Para nenos: Patinaxe artística, volei, ximnasia rítmica e multideporte.
Cursos de natación infantís e de adultos.
Aguagym para adultos.

Eloi Cabanas será o candidato do BNG á Alcaldía de Mondoñedo

Eloi Cabanas encabezará a candidatura do BNG á Alcaldía de Mondoñedo nas municipais de 2027 coa intención de ofrecer unha alternativa ao actual goberno do PP, que considera que "vai sen rumbo". O nacionalista defende un proxecto para mellorar a mobilidade e a accesibilidade, rehabilitar o casco urbano e os barrios periféricos e apoiar o comercio local. Tamén propón poñer en valor os sectores agrario e forestal para impulsar a economía e recuperar o dinamismo do municipio.

Entre as súas prioridades figura reforzar os contactos coa veciñanza e co tecido asociativo e produtivo, co obxectivo de coñecer as súas necesidades e incorporar as súas achegas ao programa electoral. Cabanas reivindica o seu coñecemento da realidade local e aposta por formar un equipo sólido para mellorar os servizos públicos, os espazos urbanos e as oportunidades económicas e sociais. "Queremos darlle un futuro mellor a Mondoñedo", afirma.

Unha tertulia sobre diabetes promoverá hábitos saudables

O Centro de Saúde acollerá o xoves 12 de novembro unha tertulia baixo o título 'Hablemos de diabetes', unha iniciativa destinada a aprender, reflexionar e compartir experiencias arredor desta enfermidade e dos hábitos que poden contribuír ao coidado da saúde.

A actividade comezará ás 17:00 horas e prolongarase durante unha hora e media. A proposta abordará cuestións relacionadas coa alimentación equilibrada, a actividade física e outras prácticas saudables, así como as dificultades que poden xurdir á hora de incorporalas á rutina diaria.

A iniciativa tamén pretende abrir un espazo de conversa sobre os hábitos cotiáns e a súa relación coa saúde, poñendo sobre a mesa a diferenza entre as recomendacións saudables e determinadas prácticas normalizadas, como recorrer con frecuencia á comida rápida, tomar doces ou picar entre horas.

As persoas interesadas en participar deberán poñerse en contacto co persoal de Medicina ou Enfermaría do Centro de Saúde de Mondoñedo para formalizar a inscrición. As prazas serán limitadas, cun máximo de 15 participantes, polo que a actividade contará cun aforo reducido.

A tertulia busca achegar cuestións relacionadas co coidado da saúde á vida cotiá e favorecer a participación das persoas asistentes nun espazo de intercambio e reflexión sobre os hábitos saudables.

Rematado o asfaltado do aparcadoiro do camposanto



O Concello de Mondoñedo vén de rematar os traballos de asfaltado da explanada do aparcadoiro do cemiterio municipal, que estará dispoñible para o seu uso durante a celebración do día de Todos os Santos.

A actuación permite acondicionar este espazo para facilitar o acceso e o estacionamento das persoas que se acheguen ao camposanto nestas datas, nas que se rexistra unha maior afluencia de visitantes.

O goberno local destaca así a importancia de ter completado as obras antes desta xornada, co obxectivo de evitar as restricións de acceso que poderían producirse durante a execución dos traballos e ofrecer máis comodidade á veciñanza.

Un estudo recupera o papel das mulleres na historia do rural



O traballo das mulleres foi esencial para manter vivas as comunidades rurais, tanto polas súas achegas ás actividades económicas como pola responsabilidade nos coidados e na organización cotiá. Así o conclúe unha investigación desenvolvida en San Vicente de Trigás que busca recuperar a contribución feminina á historia do rural galego.

O estudo combina as escavacións arqueolóxicas no xacemento do Combarro, onde se documentou unha ocupación rural altomedieval, coa etnografía e coa memoria oral das mulleres da parroquia. Esta perspectiva permite analizar a evolución das formas de traballar, coidar e habitar o territorio, relacionando os restos materiais coas experiencias lembradas polas veciñas.

A investigación conta coa participación de investigadoras das tres universidades galegas e sitúa os coidados no centro da análise histórica. Celtia Rodríguez, da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), explica que as mulleres soportaron unha dobre carga de traballo. "Participaban activamente nos labores agrícolas, gandeiros e noutras actividades económicas, ao tempo que asumían de maneira maioritaria os coidados, a crianza, a alimentación, a xestión doméstica e outras tarefas indispensables para a reprodución da vida", sinala.

O estudo destaca tamén o papel feminino na transmisión de coñecementos entre xeracións. Eses saberes estaban relacionados co traballo, o territorio, os recursos naturais, a alimentación, os coidados e as prácticas comunitarias. Segundo Rodríguez González, as mulleres tiveron "un papel central na transmisión de coñecementos e saberes entre xeracións".

As escavacións achegan información sobre os espazos e as actividades domésticas e produtivas do asentamento. Ao cruzar eses datos cos testemuños orais, a investigación identifica continuidades e cambios nas formas de vida e na relación co medio. Tamén permite comprender mellor quen sostivo materialmente a vida comunitaria.

A iniciativa pretende visibilizar tarefas que os relatos históricos tradicionais deixaron en segundo plano. "Moitas das actividades que sostiveron o rural quedaron infrarrepresentadas", conclúe a investigadora, malia seren fundamentais para a supervivencia das comunidades.

Mondoñedo busca os seus recunchos máis especiais para ilustrar o calendario de 2027

O Concello de Mondoñedo pon en marcha unha nova edición do concurso fotográfico "O Mellor Recuncho de Mondoñedo", que chega á súa undécima convocatoria co obxectivo de seleccionar as imaxes que darán forma ao calendario municipal de 2027. Baixo o lema "Elixe o lugar de Mondoñedo que máis che gusta", a iniciativa busca descubrir e poñer en valor os espazos máis singulares da localidade a través da mirada da veciñanza e das persoas participantes.

O prazo para presentar os traballos xa está aberto e permanecerá así ata o sábado 28 de novembro. Cada participante poderá enviar unha única fotografía, que deberá remitirse en formato dixital ao enderezo recunchosdemondonedo@gmail.com. No asunto do correo haberá que indicar "Concurso Fotografía 2026", mentres que no corpo da mensaxe deberán figurar o nome da persoa autora e un teléfono de contacto.

As imaxes terán que presentarse en formato JPG, TIF ou BMP e cun tamaño superior aos 750 KB. Desde o Concello recomendan enviar os arquivos orixinais, xa que as fotografías descargadas das redes sociais ou compartidas a través de WhatsApp poden perder calidade e non contar coa resolución necesaria para a súa posterior impresión no calendario.

Como en edicións anteriores, o certame contará con tres fotografías premiadas. As bases completas poden consultarse na páxina web municipal, www.concellomondonedo.es, e tamén nas redes sociais do Concello.

O IES San Rosendo pon en marcha un club de lectura para adultos e familias

A Biblioteca do IES San Rosendo promoveu a creación dun club de lectura dirixido a persoas adultas e familias, unha iniciativa que comezou en outubro. O encontro tivo lugar na Vinoteca Segundo, situada na praza do Concello. Esta primeira cita serviu para poñer en marcha a proposta e reunir as persoas interesadas en participar neste espazo arredor da lectura.

Os clubs de lectura ofreceron a oportunidade de compartir o interese polos libros, intercambiar opinións e descubrir diferentes interpretacións das obras. Ademais de fomentar o hábito lector, estes encontros permitiron conversar sobre as lecturas nun ambiente participativo e coñecer outros puntos de vista a partir das experiencias de cada persoa.

A iniciativa estivo impulsada pola Biblioteca do centro educativo e estaba aberta tanto a adultos como a familias. Tamén pretende crear vínculos entre persoas con intereses comúns e lectores.

a pontenova

Do récord da troita ao da cana de pescar: A Pontenova busca outro fito mundial

A Pontenova quere volver situarse no mapa internacional co anuncio dun novo elemento monumental vinculado á pesca e á riqueza natural do río Eo. O presidente do Centro de Iniciativas Turísticas (CIT), Francisco Javier Rois, comunicou que a localidade construirá a que aspira a converterse na cana de pescar máis grande do mundo, cunha lonxitude de 24 metros.

A iniciativa permitirá incorporar un novo atractivo turístico ao municipio, estreitamente ligado á tradición pesqueira e ao patrimonio natural da contorna. A futura escultura estará fabricada en madeira de bambú e reproducirá os elementos característicos dunha cana de pescar, xa que contará con carrete, fío e un anzol de aceiro equipado cunha mosca para a pesca.

Con estas dimensións, a estrutura superará a cana de pescar de 22,4 metros que se atopa na cidade suíza de Liestal, que constitúe a referencia que se



pretende superar. Os 24 metros previstos para a peza de A Pontenova permitiríanlle situarse por diante da instalación helvética en tamaño.

O novo proxecto dá continuidade á aposta da localidade por crear elementos singulares relacionados coa pesca e co ecosistema fluvial, aproveitando estes recursos como sinais de identidade e como reclamo para as persoas que visitan o municipio. De feito, A Pontenova xa conta cunha escultura da troita máis grande do mundo, unha peza que reforza a relación da vila co río Eo e coas especies que habitan as súas augas. A obra, que se converteu nun dos elementos destacados do patrimonio escultórico local.

A futura cana de pescar encaixa tamén na liña de traballo que combina a creación artística coa promoción dos recursos naturais do territorio. Nesta aposta ten presenza o traballo de Eugenio Linares, autor de diferentes esculturas en madeira inspiradas nas especies que poboan o río Eo.

Na pasada edición, Linares rematou unha nova peza escultórica en madeira dedicada precisamente á fauna deste curso fluvial. O resultado volveu destacar polo seu carácter espectacular e pola capacidade de transformar elementos vinculados á natureza nunha proposta artística que contribúe a singularizar A Pontenova.

A iniciativa anunciada por Francisco Javier Rois supón así un novo paso na vontade de consolidar o municipio como un destino diferenciado arredor da pesca, da arte e do patrimonio natural. A construción dunha cana de 24 metros, xunto coa presenza da gran escultura da troita e doutras creacións inspiradas no río Eo, reforza unha proposta turística que busca poñer en valor os elementos que identifican a localidade.

A unidade móbil da ITV estará do 20 ao 25 de novembro no municipio

A unidade móbil 01 de inspección técnica de vehículos (ITV) para turismos desprazarase a A Pontenova entre o 20 e o 25 de novembro para prestar este servizo no municipio. A estación móbil estará situada na Chousa da Veiga durante estas datas, co obxectivo de facilitar aos propietarios de turismos a realización das inspeccións técnicas sen necesidade de desprazarse a outras localidades.

O servizo contará con atención tanto pola mañá como pola tarde durante a maior parte dos días previstos. O horario establecido será de 9:00 a 13:30 horas pola mañá e de 15:15 a 18:00 horas pola tarde. Non obstante, haberá dúas excepcións: o venres 20 e o mércores 25 de novembro, cando a unidade móbil atenderá unicamente en horario de mañá, de 9:00 a 13:30 horas.

Para acceder ao servizo será necesario solicitar cita previa. As persoas interesadas poden facelo por teléfono, chamando ao número 981 92 80 80, ou a través da páxina web de SyC ITV, onde está habilitada a opción de reserva.

A artesanía e os vehículos clásicos volverán tomar a Praza dos Fornos

A Pontenova volverá converter a Praza dos Fornos nun punto de encontro para os amantes das antigüidades, a artesanía e os vehículos históricos coa celebración da XIX Feira de Antigüidades e Artesanía, que terá lugar os días 4, 5 e 6 de decembro. A cita coincidirá coa décima Xuntanza de Vespas, Motos e Coches Clásicos, nunha fin de semana que combinará exposición e venda, demostracións de oficios e actividades arredor do motor.

O recinto reunirá arredor de 28 anticuarios, aos que se sumarán unha vintena de postos dedicados á alimentación. A entrada será gratuíta e poderá visitarse o venres e o sábado de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 21.00 horas. O domingo manterá os mesmos horarios, pero pechará unha hora antes, ás 20.00.

Un dos atractivos será a posibilidade de observar en directo diferentes técnicas artesanais. O programa contempla demostracións de forxa de ferro, pintura, cestaría de vimbio, traballos en coiro, torno de madeira, xoiería



e elaboración de lámpadas de cabaza. A estas propostas engadirase unha exposición de pezas de tornearía tradicional, coa que se amosarán obxectos e procedementos vinculados ao traballo artesanal da madeira.

O motor clásico terá tamén o seu protagonismo. A xuntanza desenvolverase en dúas xornadas: o sábado 5 estará reservado ás Vespas e ás motos, mentres que o domingo 6 será a quenda dos coches clásicos. A concentración e as inscricións realizaranse na Praza dos Fornos a partir das 11.00 horas.

A participación custará 20 euros por vehículo e incluirá un vale de desconto de seis euros. Ademais, está prevista unha comida de irmandade na sidrería A Mina e a entrega de trofeos en distintas categorías. As persoas interesadas en inscribirse ou recibir máis información poden chamar ao 689 00 80 73.

A cita reafirma así a súa presenza no calendario de eventos locais.

O Concello destina 10.200 euros á adquisición dunha parcela para ampliar o cemiterio



O Concello da Pontenova iniciou o procedemento para adquirir unha parcela de 510 metros cadrados coa que pretende ampliar o cemiterio municipal. A operación conta cun orzamento de 10.200 euros, IVE incluído, e tramítase mediante adxudicación directa, segundo recolle o expediente publicado no portal de contratación.

A resolución da Alcaldía, asinada por Darío Campos Conde o 2 de novembro de 2026, aproba o expediente de contratación e o prego de condicións que rexerán a compra.

A adquisición xustifícase pola necesidade de aumentar a capacidade do cemiterio ante a demanda crecente de unidades de enterramento e o elevado nivel de ocupación das instalacións actuais. O Goberno local considera que a ampliación permitirá garantir a prestación adecuada do servizo funerario e responder tanto ás necesidades presentes como ás que poidan xurdir nos vindeiros anos.

Segundo recolle o decreto, os informes técnicos incorporados ao expediente conclúen que non existe outro terreo igualmente idóneo para o obxectivo municipal. Tamén se avaliaron as características e a localización da finca, así como o seu valor aproximado para determinar o prezo da operación.

O Concello sinala que a actuación permitirá mellorar as condicións funcionais, sanitarias e de accesibilidade do recinto, ademais de facilitar o cumprimento da normativa urbanística, sanitaria e ambiental. A ampliación tamén busca optimizar as infraestruturas existentes e favorecer unha mellor integración paisaxística do conxunto.

“A enfermidade non ten cura e vivir con ela é unha incerteza”

Olivia Canoura, paciente de fibromialxia, é a nova delegada da Asociación Galega de Fibromialxia na Mariña e con sede en Barreiros



A nova delegada de AGAFI na Mariña coñece de primeira man a realidade da fibromialxia e aposta por crear unha rede de apoio.

Como xurdiu a oportunidade de converterse en delegada de AGAFI na Mariña?

Foi una casualidade. Buscaba una asociación de fibromialxia coa que colaborar a raíz da saída do meu último libro, que trata precisamente da vida de unha persoa con fibromialxia. Eles puxéronse en contacto comigo, e despois de falar varios días e expoñer ideas e opinións, fixéronme a proposta. aceptei por suposto, porque sei de primeira man o que fai falta na zona una boa asesoramento tanto os pacientes como a familiares e persoas en xeral.

Que significa para vostede asumir esta responsabilidade?

É unha responsabilidade moi grande. Non teño experiencia nestas labores pero o que si teño son ganas de traballar pola visibilidade da enfermidade e tratar de axudar a quen o precise.

Como foi a súa experiencia coa enfermidade?

Como foi non, como é. A día de hoxe a enfermidade non ten cura, e non a ten porque nin sequera están claros os motivos polos que se produce. Así que vivir día a día coa enfermidade é cando menos unha incerteza, porque nunca sabes o que vas a poder facer, ou si o feito de ir a comprar ou simplemente a tomar un café, me vai facer estar o día seguinte na cama.

Que é o máis difícil de convivir coa fibromialxia no día a día?

Aquí entra o da pregunta anterior, difícil e todo, a vida diaria e difícil, ver como se perden amizades porque non lles podes seguir o ritmo, que nin a familia próxima te crean...e moi duro.

Cre que aínda existe moito descoñecemento sobre esta enfermidade?

Por suposto, e a todos os niveis. Descoñecemento dos propios enfermos porque se recibe moi pouca información por parte de sanidade, e en xeral de todas as persoas porque incluso hoxe en día hai médicos que non creen na existencia da enfermidade e tratan as pacientes, que na maioría somos mulleres, como histéricas que non saben xestionar o estrés.

Que necesidades teñen actualmente as persoas con fibromialxia?

Necesitase sobre todo, alguén que sirva de ponte entre as inquedanzas das enfermas e as altas esferas. Necesítase tamén unha implicación de concellos e sistema sanitario que dean visibilidade a esta doenza, así como lugares nos que se poidan reunir nun espazo seguro as enfermas para compartir experiencias, asistir a charlar informativas, e participativas, e obradoiros que axuden a vivir mellor aínda estando enfermas.

Botan en falta máis recursos ou unha maior implicación por parte da Administración e do sistema sanitario?

Si, por suposto, vanse facendo cousas, pero hai moito desinterese e por iso necesitamos facernos ver.

Esperan contar coa colaboración dos Concellos? De que maneira poderían axudar?

De momento o concello de Barreiros está moi pola labor, de feito prometeron poñer a disposición da asociación un local no que poder ter as reunións. En xeral, deberían ser participativos, e axudar as enfermas para que non tivesen que esconder a enfermidade como facemos habitualmente. Poderían subvencionar charlas, obradoiros...toda axuda en benvida.

Cales son os seus primeiros obxectivos como delegada de AGAFI?

O primeiro e mais importante e conseguir que as pacientes dean un paso adiante, así como as súas familias, e formemos entre todas un grupo de apoio e crecemento. E por suposto axudar nas súas dúbidas legais ou de prestacións que poidamos aclarar desde a asociación.

Por que era importante contar cunha delegación na comarca?

Por todo o dito anteriormente; moitos enfermos perdidos, sen axuda, e sen saber a onde acudir.

Que apoio poderá atopar unha persoa que se achegue á delegación?

Unha persoa afectada de fibromialxia que se achegue a asociación, vai encontrar unha ponte de conexión efectiva para tratar temas médicos e legais, proporcionándolle a información precisa. En AGAFI estúdase cada caso individualmente, xa que aínda que é a mesma enfermidade poden darse circunstancias moi diversas, e situacións persoais distintas, e así pódese enfocar a solución de maneira que se poida mellorar a situación.

Ademais de paciente, vostede é escritora e artista plástica. Axudáronlle a escritura e a arte a convivir coa enfermidade?

Mais que a convivir axudáronme a expresar sentimentos gardados, ocultos. Moitas veces non hai cerca uns oídos prestos a escoitar con empatía, e tanto escribir como debuxar axúdame a solta lastre, a concentrarme. A verdade e que é moi terapéutico.

Que lle diría a unha persoa con fibromialxia que se sente soa ou incomprendida?

Que non o pense mais e se poña en contacto coa asociación, todas estamos sufrindo a mesma enfermidade de modo que sabemos escoitar sen xulgar.

Aberta a inscrición para participar no segundo certame de teatro afeccionado

O Concello convoca o Certame de Teatro Afeccionado, organizado pola área de Dinamización e Participación Veciñal coa colaboración de Ollomao. Seleccionaranse sete obras, que se representarán entre xaneiro e marzo de 2027. As tres mellores recibirán os premios Ollomao de ouro, prata e bronce. Tamén se distinguirán a mellor actriz e o mellor actor, nas categorías principal e secundaria, e concederase un premio do público á obra mellor valorada.

Na primeira edición gañou ‘O Lazarillo de Tormes’, de El Duende de Lerma, seguido de ‘A pena do cu do mundo’, do grupo O Aturuxo de Melpómene, de Narón.

As compañías poden presentar solicitudes ata o 15 de novembro. As bases están na web municipal. Despois seleccionaranse as obras e elaborarase o calendario. O certame conta co apoio da área de Cultura da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

Os propietarios dos chalés aseguran que existen cinco vías para legalizar

Os propietarios dos seis chalés de Lóngara consideran que existen alternativas para legalizar as vivendas e evitar a súa demolición. Así o asegura César Abelleira, un dos afectados, que explica que contrataron un informe urbanístico elaborado por un equipo técnico de solvencia incuestionable, cuxas conclusións e propostas concretas se darán a coñecer proximamente.

Segundo Abelleira, o documento identifica cinco vías de legalización. Practicamente todas dependerían do Concello, aínda que unha delas podería corresponder á Xunta. Os propietarios están á espera de que a Administración autonómica os convoque para abordar esa posibilidade.

O representante das familias sostén que o informe acredita alternativas para resolver a situación e atribúe a falta de avances á ausencia de vontade do Goberno do BNG. Abelleira aclara que o malestar co BNG e o PSOE non é partidista: son as formacións que gobernan en Barreiros e coñecen o problema a nivel autonómico. Por iso, reprocha que non impulsen unha solución. Afirma que lles produce vergoña perder as súas casas mentres se debate sobre o acceso á vivenda.

Os propietarios anuncian que aproveitarán a convocatoria da folga xeral do día 11, que inclúe reivindicacións sobre a vivenda, para organizar unha protesta diante do Concello de Barreiros. A mobilización pretende dar visibilidade á súa situación e reclamar unha saída que permita conservar os seis chalés.

O Concello instala sistemas de depuración en dous núcleos



O Goberno local rematou as primeiras obras para dotar de sistemas de depuración de augas residuais núcleos rurais do municipio. Os traballos permitiron instalar equipos autónomos na Pedreira e na Insua, na parroquia de Cabarcos, cunha axuda de 40.000 euros concedida por Augas de Galicia.

A subvención estaba dirixida á renovación ou colocación de sistemas de depuración en localidades con menos de 15 vivendas. A elección dos emprazamentos tivo en conta criterios técnicos, a dispoñibilidade de terreos e a colaboración da veciñanza.

Tras completar a instalación, o Concello prepara os proxectos das redes de saneamento que conectarán os dous núcleos. Estas obras contarán con preto de 180.000 euros da área de Rural da Deputación de Lugo.

Son as primeiras actuacións deste tipo en Barreiros fóra das parroquias costeiras e buscan adaptar o saneamento ás necesidades das localidades menos poboadas.

xove

Punta da Mansa e Vilachá estrean melloras para a veciñanza



O Concello completou tres actuacións destinadas a mellorar as infraestruturas, os espazos de lecer e os recursos turísticos do municipio, cun investimento conxunto que supera os 128.000 euros. Os traballos abrangueron a recuperación da senda entre Vilachá e o miradoiro de Punta da Mansa, a renovación da área recreativa da localidade e a modernización da rede de saneamento da rúa Acceso Campo de Fútbol.

A intervención na senda permitiu acondicionar preto de dous quilómetros dun itinerario que presentaba un importante deterioro. As tarefas incluíron a limpeza das cunetas, a retirada de sedimentos e vexetación das marxes e a reparación do firme nos puntos máis danados. O obxectivo é facilitar o acceso ao miradoiro de Punta da Mansa, tanto a pé como en vehículo. A obra custou 21.525,78 euros e recibiu unha subvención do 80 %, por importe de 17.220,62 euros, destinada a impulsar solucións baseadas na natureza e previr riscos asociados ao cambio climático.

Tamén se renovou a área recreativa de Vilachá, situada xunto á entrada do vial cara ao faro Roncadoiro. Substituíronse o antigo valado de madeira e as mesas deterioradas por un peche de madeira plástica reciclada, mobiliario e papeleiras. Os materiais escollidos buscan ofrecer maior durabilidade e reducir o mantemento. A actuación, executada por Saiju Instalaciones S.L., supuxo 18.062,88 euros e foi financiada integramente por Turismo de Galicia.

A terceira obra desenvolveuse na rúa Acceso Campo de Fútbol, cun investimento de 89.341,11 euros. Os traballos renovaron as redes de saneamento e recollida de augas pluviais para solucionar as deficiencias do antigo colector, que provocaba filtracións e verteduras ás parcelas próximas, malos cheiros e problemas de salubridade. A intervención mellora a capacidade hidráulica e reduce o risco de acumulación de sedimentos.

O financiamento combinou 32.000 euros do Fondo de Compensación Ambiental cun convenio coa Consellería de Industria para cubrir o resto do custo. Segundo o Concello, esta fórmula permitiu executar a obra sen recorrer a fondos propios. As tres actuacións buscan mellorar os servizos, facilitar o uso dos espazos públicos e reforzar o atractivo natural e turístico de Xove.

As familias de Xove piden reforzar a atención infantil na sanidade pública



Arredor dun cento de familias concentráronse diante do Centro de Saúde de Xove para reclamar a recuperación do servizo de pediatría, sen profesional desde hai case un mes. A veciñanza alerta de que esta ausencia dificulta os controis de saúde infantil, a detección temperá de problemas e a atención das doenzas habituais das crianzas.

As familias critican que a alternativa ofrecida pola Consellería de Sanidade sexa acudir ao centro de saúde de Burela, que tamén ten unha cobertura reducida, ou ao PAC. Ademais, denuncian que a situación obriga a realizar desprazamentos e aumenta a presión sobre outros servizos sanitarios.

Pola súa banda, a Área Sanitaria asegura que a asistencia está garantida. Explica que a praza de Xove está cuberta, pero que a titular permanece de baixa e non foi posible contratar unha substituta pola falta de especialistas. Mentres tanto, o Hospital Público da Mariña asume o seguimento dos menores e as urxencias poden ser atendidas por médicos de familia e servizos hospitalarios.

As familias reclaman cubrir de inmediato a ausencia de pediatría en Xove e San Cibrao e reforzar establemente a atención primaria. Anuncian que continuarán mobilizándose baixo o lema 'Nin un só día sen pediatría'.

O PSOE reclama un novo pavillón e reivindica avances na mellora das estradas



O PSdeG de Xove reclama ao goberno local do PP que comece a planificar un novo pavillón multiúsos. A formación trasladou esta petición ao último pleno mediante un rogo, no que cuestionou as limitacións do edificio actual, construído nos anos oitenta como praza de abastos e reformado posteriormente sen resolver, segundo os socialistas, as súas deficiencias.

A proposta contempla como posible emprazamento a zona norte do parque actual, aínda que sería necesario adquirir terreos. O grupo considera que unha nova instalación permitiría recuperar a proxección que Xove tivo no ámbito deportivo e cultural. Tamén propón buscar financiamento doutras administracións e que as achegas externas cubran polo menos o 70 % do investimento. Os socialistas criticaron a resposta do alcalde, Salgueiro, durante o debate, e cuestionaron que aludise a un custo de catro millóns de euros sen presentar alternativas.

En paralelo, o PSOE destaca o avance das melloras da rede viaria tras o acordo entre o Concello e a Deputación de Lugo, que permitirá reparar a maioría das estradas. A formación lembra que esta actuación figuraba entre os compromisos do seu programa para as eleccións de 2023 e reivindica a súa contribución para impulsar o convenio. "Seguimos traballando polas veciñas e veciños!", sinala o grupo, que sitúa as infraestruturas e o novo pavillón entre as súas prioridades.

Aspanane abre un centro residencial con atención integral



A Asociación Aspanane inaugurou en Xove unha residencia para persoas adultas con discapacidade intelectual, con capacidade para 50 usuarios. O edificio ten catro plantas e preto de 4.000 metros cadrados, nunha parcela de 6.000 que inclúe zonas exteriores axardinadas.

O complexo dispón de espazos residenciais e servizos de administración, enfermaría e rehabilitación. A entidade prevé organizar a atención en unidades de convivencia, co propósito de crear un ambiente de fogar e ofrecer asistencia adaptada ás necesidades de cada persoa.

A parcela foi cedida gratuitamente polo Concello de Xove en 2023, por tempo indefinido. A construción e o equipamento financiáronse coa achega da Fundación Amancio Ortega, que destinou 14 millóns de euros ao proxecto.

Na inauguración, a conselleira de Política Social salientou que a infraestrutura reforzará a capacidade asistencial de Aspanane e ampliará os recursos para persoas con discapacidade intelectual. Destacou o labor da asociación como apoio para familias da Mariña.

O Grupo de Sendeirismo organiza unha ruta por Fragavella o día 15

O Grupo de Sendeirismo de Xove propón unha nova cita coa natureza para o domingo 15 de novembro, cunha ruta por Fragavella, entre os concellos de Mondoñedo e Abadín. A actividade permitirá aos participantes gozar dunha xornada de sendeirismo nun percorrido de 10 quilómetros, cunha dificultade baixa e unha duración estimada de tres horas.

A saída está prevista para as 10.30 horas. Os desprazamentos ata o punto de inicio realizaranse en vehículos particulares, segundo a organización.

As persoas interesadas en participar deberán formalizar a súa inscrición a través do formulario habilitado no grupo de WhatsApp do colectivo. O prezo da actividade, que inclúe seguro, será de tres euros para os socios e de cinco euros para as persoas que non pertenzan ao grupo. Os menores de 16 anos que sexan socios poderán participar de balde.

alfoz do castrodouro

Unha achega permitirá contratar unha persoa moza

O Concello de Alfoz recibiu unha subvención de 16.902,64 euros da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta para contratar unha persoa moza inscrita no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. A axuda enmárcase nun programa cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Social Europeo Plus (FSE+) Galicia 2021-2027.

A contratación terá unha duración de nove meses, a xornada completa, e permitirá incorporar unha persoa para desenvolver tarefas de animación sociocultural e turística, contribuíndo á dinamización do municipio.

A iniciativa pretende facilitar á mocidade unha oportunidade para adquirir experiencia laboral, desenvolver competencias profesionais e mellorar as posibilidades de acceso ao mercado de traballo. Ao mesmo tempo, permitirá reforzar os servizos municipais.

A alcaldesa, Efigenia Maseda, destacou que estes programas ofrecen á mocidade a posibilidade de formarse nun contorno laboral e mellorar as súas oportunidades de emprego, especialmente no ámbito rural. Tamén sinalou que a incorporación servirá para impulsar a dinamización sociocultural e turística e poñer en valor os recursos locais.

NADAL. A Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo organiza unha nova edición do Mercado de Nadal e que se celebrará o domingo 6 de decembro. Polo momento, a entidade non ofreceu máis información sobre o programa ou as actividades previstas, aínda que anuncia que dará a coñecer novos detalles proximamente.

O mercado volverá situar Alfoz no calendario das propostas relacionadas co Nadal, nunha cita organizada pola Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo.

Máis de 5,6 quilómetros de vías rurais serán renovados en Alfoz



O Goberno local está a desenvolver actuacións para mellorar os equipamentos públicos e a rede viaria, cun investimento global próximo aos 240.000 euros. As intervencións inclúen a renovación da fachada da Casa da Cultura, o acondicionamento do aparcadoiro da antiga escola da Pinguela e a reparación de dez camiños en seis parroquias.

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou un convenio co Concello por valor de case 59.000 euros para financiar as dúas primeiras obras. Deles, 37.266,43 euros destinaranse á fachada da Casa da Cultura, na Seara, parroquia de San Pedro de Mor. A actuación centrarase na segunda planta, onde está a biblioteca, e permitirá substituír o peche exterior por unha estrutura con carpintería de aluminio e acristalamento con control solar e cámara de aire, para mellorar o illamento térmico.

Os 21.462,20 euros restantes servirán para acondicionar o aparcadoiro detrás da antiga escola da Pinguela, na parroquia da Lagoa. Os traballos incluirán a preparación do terreo, unha base de saburra artificial e pavimentación con formigón na zona de estacionamento e na rampla de acceso.

Paralelamente, o Concello iniciou a mellora de dez camiños municipais, cun orzamento de 181.437,91 euros e actuacións en máis de 5,6 quilómetros. Sete vías de Adelán, Carballido, O Castrodouro e Lagoa recibirán obras financiadas polo Plan de Cooperación da Deputación, por importe de 97.621,06 euros. Outros tres camiños de Carballido, Bacoi e Mor serán acondicionados co plan de Agader, cun investimento de 83.816,85 euros.

As obras contemplan reparar os firmes e mellorar a drenaxe para facilitar a circulación. A alcaldesa, Efigenia Maseda, destacou que conservar estas vías é prioritario e manter boas comunicacións no rural.

o valadouro

O PP saca adiante os investimentos municipais pese ao voto en contra do BNG

O equipo de goberno do Valadouro critica o voto en contra do BNG á modificación de crédito presentada nun pleno extraordinario para financiar diversas actuacións municipais, entre elas melloras nos camiños, obras na escola infantil e gastos do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

A proposta permitía redistribuír fondos entre distintas partidas para executar intervencións consideradas necesarias, como contratar un operario que remate os traballos de roza, mellorar a rede viaria, acondicionar as instalacións da escola infantil e cubrir o incremento dos custos do SAF.

O Goberno local agradece a abstención do PSOE, pero considera difícil comprender a postura do BNG, ao entender que as actuacións afectan directamente ao benestar da veciñanza, especialmente das persoas maiores e dos máis pequenos. Acusa a formación nacionalista de antepoñer a confrontación política á colaboración necesaria para sacar adiante iniciativas de interese municipal.

Sobre a petición do BNG de votar por separado as distintas modificacións, o equipo de goberno asegura que a formación non concretou en cales estaría disposta a apoiar a proposta. Tamén cuestiona que reclame agora unha fórmula de tramitación que, segundo afirma, non utilizou cando gobernaba o Concello.

A pesar do voto contrario dos nacionalistas, as actuacións poderán realizarse cos votos favorables do PP. O Executivo reafirma así o seu compromiso de mellorar os servizos públicos, manter as infraestruturas e atender as necesidades da poboación. "O Valadouro necesita compromiso, responsabilidade e traballo", conclúe o comunicado.

A Deputación investirá máis na mellora da estrada LU-P-6305



A Deputación de Lugo adxudicou por máis de 250.000 euros as obras de mellora integral da estrada LU-P-6305, situada no municipio do Valadouro. O acordo foi aprobado pola Xunta de Goberno do organismo provincial e permitirá actuar ao longo de todo o percorrido desta vía, que conecta a estrada LU-P-0101, á altura da capela de Santa Filomena do Cadramón, co repetidor de RTVE situado na mesma parroquia.

Os traballos serán executados pola empresa Mantenimiento Forestal MG e contan cun prazo previsto de catro meses. A intervención inclúe distintas actuacións destinadas a mellorar o estado da estrada e as condicións de circulación.

Entre as tarefas previstas figura a limpeza e reapertura das cunetas, así como a reparación dos danos existentes no firme. O proxecto contempla tamén a repavimentación da vía e a renovación da sinalización vertical, co propósito de acondicionar o conxunto do trazado.

A actuación permitirá intervir na totalidade da LU-P-6305, unha estrada que comunica a LU-P-0101 coa zona na que se atopa o repetidor de RTVE do Cadramón. O investimento supera os 250.000 euros e forma parte dos acordos adoptados polo órgano provincial na súa última reunión.

Alfoz dedicará novembro ao teatro cunha programación de catro comedias

O Concello de Alfoz volverá converter novembro no mes do teatro cunha programación que inclúe catro representacións teatrais dirixidas a todos os públicos. As funcións terán lugar todos os sábados do mes, ás 20.00 horas, no salón de actos da Casa da Cultura, e a entrada será gratuíta.

A programación comezou o 7 de novembro coa obra Paixón de Bulevares, a cargo de Quemaistén Teatro, de As Pontes. A seguinte cita será o 14 de novembro, cando Metrátase Teatro, de Palas de Rei, representará Terra, voz e… acción!.

O 21 de novembro será a quenda de A Adala, de Fazouro, coa obra Ai! Señor, señor. O ciclo pecharase o 28 de novembro coa actuación de O Centiño, de Foz, que levará ao escenario a peza O autobús.

As catro funcións forman parte do Circuíto de Teatro Afeccionado 2026 e están centradas na comedia, cunha proposta para compartir risas, historias e momentos de lecer arredor das artes escénicas.

Trabada mellora o firme de dúas estradas municipais e provinciais



O Concello de Trabada está a executar dúas actuacións de mellora da rede viaria do municipio, que permitirán renovar arredor de sete quilómetros de estradas e facilitar os desprazamentos da veciñanza. Os traballos afectan tanto á vía municipal que comunica Fórnea con Vidal e Valboa como á estrada provincial LU-P-6101, ao seu paso polo núcleo de Trabadela.

A primeira intervención céntrase na estrada municipal que conecta a parroquia de Fórnea cos lugares de Vidal e Valboa, que sufriu importantes danos como consecuencia dos traballos realizados para o parque eólico Mondigo. A reforma abrangue aproximadamente seis quilómetros e conta cun investimento superior aos 300.000 euros.

As obras comezan tras un longo proceso administrativo que permitiu avanzar ata a fase de execución dun proxecto considerado necesario para recuperar as condicións desta vía. A actuación permitirá acondicionar o trazado afectado e mellorar a circulación nunha estrada que comunica diferentes núcleos e que ten importancia para os desprazamentos habituais.

LU-P-6101. Pola súa banda, a estrada provincial LU-P-6101 está a ser obxecto de traballos de rehabilitación do firme nun tramo duns 1,3 quilómetros, ao seu paso por Trabadela. Esta vía conecta a parroquia de Ría de Abres con ese lugar e a intervención permitirá completar a súa reforma.

Os traballos inclúen inicialmente a limpeza das cunetas, a aplicación dunha nova capa de aglomerado en quente e a renovación da sinalización horizontal mediante o pintado das marcas viarias.

Con estas actuacións, Trabada busca mellorar o estado dos pavimentos, facilitar as comunicacións entre os distintos núcleos e ofrecer condicións máis adecuadas de circulación e seguridade para os usuarios das dúas estradas.



O Concello inviste 35.000 euros na renovación do alumeado público con tecnoloxía LED

O Concello de Trabada completou a renovación do alumeado público en varios puntos do municipio cun investimento aproximado de 35.000 euros. Os traballos consistiron na substitución das antigas luminarias por novos equipos LED, que permiten reducir o consumo eléctrico e mellorar a eficiencia enerxética das instalacións.

A intervención desenvolveuse en Vilapena, O Outeiro, Vilasusá de Vilaformán, Leirado e na praza do Concello. A incorporación desta tecnoloxía busca modernizar o sistema de iluminación e adaptalo ás necesidades dos distintos espazos públicos nos que se actuou.

A renovación terá continuidade nas próximas semanas cun novo proxecto para substituír luminarias en diferentes lugares da parroquia de Trabada. Esta actuación permitirá estender as melloras a outras zonas do municipio.

Con estas intervencións, o Concello pretende avanzar na modernización progresiva do alumeado público, diminuír o gasto eléctrico e favorecer un uso máis eficiente dos recursos enerxéticos municipais.

A Deputación achega case 40.000 euros para reabrir o PAI



A Deputación de Lugo aprobou un convenio de case 40.000 euros co Concello de Trabada para contribuír ao funcionamento do Punto de Atención á Infancia (PAI), que reabriu a mediados de setembro tras dous anos pechado pola falta de inscricións.

A achega permitirá financiar a contratación dun mestre e dun técnico de Educación Infantil, dous profesionais necesarios para garantir a actividade do servizo municipal, destinado á atención dos máis pequenos e a facilitar a conciliación das familias.

Segundo explicou García Porto, o centro atende actualmente cinco nenos e nenas e ofrece o servizo de maneira totalmente gratuíta. A responsable provincial destacou que este recurso público axuda a compatibilizar as responsabilidades persoais, familiares e laborais dos fogares do municipio.

As previsións apuntan a que nos próximos meses poidan incorporarse outros tres menores, o que permitiría ampliar o número de familias beneficiarias e reforzar a actividade do PAI.

O convenio busca asegurar a continuidade deste servizo, recuperado en setembro despois de dous anos sen funcionamento. A contratación do persoal facilitará a atención dos menores que xa utilizan o centro e permitirá manter aberto un recurso público gratuíto para as familias locais de Trabada, que podería aumentar a súa capacidade nos vindeiros meses.

O teatro toma a Casa da Cultura de Trabada cunha nova programación ata xuño 2027

A Casa da Cultura de Trabada volverá converterse nun espazo de encontro coas artes escénicas a partir de novembro, coa posta en marcha dunha nova edición dos ciclos teatrais. A programación incluirá oito representacións, cunha función mensual ata xuño de 2027, e incorpora como principal novidade o adianto do horario, que pasa das 21.00 ás 20.00 horas.

O Concello de Trabada, organizador da iniciativa en colaboración coa Deputación de Lugo e a Área de Cultura da Vicepresidencia da institución provincial, busca así facilitar que a veciñanza poida asistir ás obras, especialmente durante os meses de inverno.

A primeira cita foi o 7 de novembro, coa representación de "Dona Clara", a cargo do Colectivo Cultural Ollomao. O calendario continuará o 5 de decembro con "Infidelidades", de Ardora, e o 2 de xaneiro con "Trato a cegas", da compañía Pico do Castro.

Xa en febreiro, o día 6, será a quenda de 57 Palabras con "La madre que la parió". O 6 de marzo, A Adala presentará "Roubo con destino ó Caribe", mentres que o 3 de abril o grupo San Tirso del Eo levará á Casa da Cultura a obra "Dinero negro".

As dúas últimas funcións terán lugar en maio e xuño. O día 8 de maio, Lume Escénico representará "Inouisítame outra vez", e o ciclo pecharase o 5 de xuño con "Vaia co pronóstico", a cargo de Aturuxeiros de Bravos.

Coa participación de oito agrupacións, o ciclo ofrecerá unha oportunidade para coñecer diferentes propostas escénicas e achegarse ao traballo dos colectivos culturais. A programación manterá así unha presenza continuada do teatro na vida cultural do municipio.

Todas as sesións terán lugar na Casa da Cultura e comezarán ás 20.00 horas. A proposta permitirá manter unha cita mensual co teatro durante oito meses, cunha programación na que participarán diferentes colectivos e compañías.

Os Cabaleiros de Trabada prepara a segunda Ruta Caballar para o 17 de abril

A asociación Os Cabaleiros de Trabada organizará o próximo 17 de abril a segunda edición da súa Ruta Caballar, unha convocatoria coa que pretende volver reunir en Trabada a afeccionados ao mundo ecuestre e persoas interesadas en participar nunha xornada de convivencia arredor dos cabalos.

A entidade aínda non deu a coñecer o programa desta nova edición, polo que os horarios e as actividades que se desenvolverán durante a xornada están pendentes de concretar. A primeira Ruta Caballar, celebrada o ano pasado, combinou unha saída a cabalo con propostas gastronómicas e musicais, nunha programación aberta tanto ás persoas participantes na ruta como ao público en xeral.

A segunda convocatoria manterá o carácter de encontro arredor do mundo ecuestre, aínda que Os Cabaleiros de Trabada terá que concretar nos próximos meses o contido da programación e os horarios desta nova edición. A celebración está prevista para o 17 de abril.

Un lugar para compartir, aprender e facer comunidade en Lourenzá

A Asociación de Mulleres Rurais de Lourenzá arranca unha nova etapa con preto de 70 socias e unha programación que busca reunir xeracións, combater a soidade e crear oportunidades de lecer, formación e convivencia no rural



Por Ana Somoza.

A idea non apareceu dun día para outro. Foi tomando forma nas conversas cotiás, nas necesidades compartidas e, sobre todo, na constatación de que en Lourenzá había mulleres que botaban en falta máis oportunidades para encontrarse, relacionarse e facer actividades xuntas. Desa demanda naceu a nova etapa da Asociación de Mulleres Rurais de Lourenzá, un proxecto que comeza cunha resposta que mesmo sorprendeu ás súas impulsoras: xa roldan as 130 socias.

Á fronte desta iniciativa están seis mulleres. Reyes González exerce como presidenta; Malena, como secretaria; Noelia, como tesoureira; e Eva, Alba e Carmela completan a directiva como vogais. Son de diferentes idades, teñen experiencias distintas e tamén formas diversas de entender as cousas, pero, como explica Reyes, comparten "as ganas de facer, de sumar e de traballar polo noso pobo e polas súas mulleres".

A primeira asemblea informativa xa serviu para medir o interese que existía. A asistencia foi tan elevada que a directiva non conseguiu atender todas as persoas interesadas antes de que algunhas tivesen que marchar. Unha resposta que, recoñecen, "superou todas as expectativas" e que confirmou que aquela necesidade que percibiran nas conversas previas existía realmente.

UN ESPAZO. O lema escollido, "Un espazo para nós", resume boa parte da filosofía coa que queren traballar. Non pretenden construír unha asociación arredor dunha presidenta ou dunha directiva, senón conseguir que cada participante sinta o proxecto como propio. "Este non é o proxecto dunha presidenta nin dunha directiva, senón unha asociación de todas e para todas", explican.

Ese "todas" ten especial importancia. Desde a asociación insisten en afastar a idea de que unha entidade de mulleres rurais debe estar vinculada exclusivamente ás xeracións de maior idade. Queren ás maiores, pero tamén ás novas e ás que están no medio; ás que dispoñen de tempo libre e ás que teñen que buscar un pequeno oco entre o traballo e as responsabilidades familiares. O propósito é que ningunha pense que a programación non está feita para ela.

No rural, explican, existen condicionantes que poden dificultar a vida social. As distancias, a falta de transporte, a idade, o traballo ou as obrigas familiares poden reducir as posibilidades de relacionarse. Por iso aspiran a crear un lugar próximo no que "coñecerse, aprender, compartir experiencias e sentirse acompañadas", independentemente da idade ou da situación persoal de cada muller.

MOITO MÁIS. A programación coa que comezan reflicte esa intención de diversificar. Haberá saúde, benestar, formación, cultura, lecer e convivencia. Unha das primeiras apostas será o pilates, unha actividade que, segundo comprobaron, levaba tempo sendo demandada na zona pero que non se podía ofrecer pola falta dun espazo e dun profesional dispoñible.

Finalmente conseguiron poñela en marcha con dous grupos, un de mañá e outro de tarde, buscando precisamente facilitar a asistencia de mulleres con horarios diferentes. Para a directiva, conseguir sacar adiante esta actividade foi unha das primeiras pequenas vitorias do proxecto. Pero non será a única proposta. Xa teñen pechadas varias charlas sanitarias, cuxas datas se anunciarán proximamente, e preparan unha viaxe á Televisión de Galicia para asistir á gravación de dous programas. Tamén haberá unha clase de iniciación á defensa persoal e outra de tai-chi, inicialmente como experiencias puntuais que permitirán comprobar se existe interese suficiente para darlles continuidade.

En outono pensan nun magosto acompañado dun bingo e queren colaborar co Concello nalgunha iniciativa arredor do 25N. De cara ao Nadal, a intención é organizar xornadas ou obradoiros para elaborar adornos. Son só os primeiros pasos, porque a programación irá medrando con novas saídas, encontros, cursos e actividades.



"Queremos que calquera muller, independentemente da súa idade ou situación, sinta que nesta asociación tamén hai un espazo para ela"

ESCOITAR. A directiva non quere decidir soa o futuro da asociación. Na primeira asemblea entregou unha enquisa para coñecer os gustos, intereses e necesidades das socias e incluso para localizar persoas que poidan impartir cursos ou obradoiros. A intención é evitar unha programación pechada deseñada unicamente desde a directiva.

"Queremos que nos acheguen propostas, que nos digan o que lles apetece facer, o que botan en falta e tamén aquilo que consideran que podemos mellorar", explican. A directiva asumirá a organización e a coordinación, pero ten claro que "a asociación temos que construíla entre todas".

Por iso defínense como unha directiva "aberta, próxima e accesible". O programa poderá ir cambiando segundo a resposta das participantes e as novas ideas que vaian aparecendo. O importante non será acumular actividades, senón conseguir que estas respondan a intereses reais.

Ese modelo participativo enlaza cunha das finalidades que consideran fundamentais: combater a soidade e favorecer as relacións sociais. Unha clase pode ser simplemente unha clase desde fóra, pero para quen pasa boa parte do seu tempo soa pode significar moito máis. Pode converterse nun motivo para saír da casa, conversar, coñecer xente ou iniciar unha amizade.

"Unha actividade pode parecer simplemente unha clase, unha saída ou un obradoiro, pero é unha oportunidade para saír da casa e falar"

"Unha actividade pode parecer simplemente unha clase, unha saída ou un obradoiro, pero tamén é unha oportunidade para saír da casa, falar con outras persoas, facer amizades e sentirse parte dunha comunidade", resumen desde a asociación.

A intención é crear vínculos entre xeracións e evitar que unha muller quede á marxe pola súa idade ou polas súas circunstancias. Nese sentido, a entidade reivindica tamén o papel do asociacionismo nos municipios rurais. Consideran que as asociacións crean movemento, impulsan a participación e permiten acceder a oportunidades que, doutro xeito, serían máis difíciles de encontrar. Ao mesmo tempo, serven para recuperar tradicións, transmitir coñecementos entre xeracións e tecer redes de apoio. "Cando as persoas se encontran, participan e propoñen iniciativas, o pobo mantense vivo", sosteñen.

APOIO MUNICIPAL. Para desenvolver esa programación, a asociación conta tamén coa colaboración do Concello, fundamentalmente mediante a cesión de espazos. Segundo explica a directiva, poden empregar diferentes instalacións dependendo das características de cada proposta. Entre elas está o Multiúsos, especialmente axeitado para actividades cun número elevado de participantes, así como o salón de actos. Para reunións, encontros ou propostas con grupos máis reducidos poden utilizar unha sala situada no edificio do Torreón. Contar con lugares de distintos tamaños permítelles adaptar cada actividade á participación prevista.

UN ANO. A directiva xa pensa tamén en como lle gustaría mirar cara atrás dentro de doce meses. E o éxito, explican, non se medirá exclusivamente polo número de socias nin pola cantidade de actividades organizadas. "Non se trata unicamente de contar cantas actividades fixemos ou cantas socias somos", apuntan. O importante será comprobar se conseguiron que máis mulleres saian da casa, se coñezan, creen vínculos, aprendan e desfruten.

Queren unha asociación "viva, consolidada, aberta e participativa", pero especialmente unha comunidade na que convivan diferentes xeracións. Se dentro dun ano hai novas propostas e mulleres que continúan con ganas de implicarse, sentirán que "todo o esforzo pagou a pena".

A mensaxe para aquelas que aínda dubidan é precisamente que non existen requisitos máis alá das ganas de achegarse. "Gustaríanos que todas sentisen que a asociación é un pouquiño súa", conclúen. E detrás desa frase está, en realidade, a ambición coa que comeza esta nova etapa: "xuntas facemos comunidade e xuntas facemos Lourenzá".

Podes ler a reportaxe completa en: www.amariñaxa.com

lourenzá

O PP denuncia que os premios do Entroido seguen sen pagarse

O Partido Popular de Lourenzá denuncia que os premios en metálico do concurso de Entroido organizado polo Concello continúan sen abonarse sete meses despois da celebración do desfile. Os concelleiros populares aseguran que os grupos, as charangas e as carrozas premiadas aínda non recibiron os importes correspondentes.

Desde o PP consideran que esta demora é un exemplo da "desidia" que, ao seu xuízo, caracteriza a xestión do goberno municipal socialista. A formación critica que os participantes sigan á espera do diñeiro malia o tempo transcorrido desde un evento que enche as rúas de Lourenzá de música e actividade.

Os populares sosteñen que o atraso supón un prexuízo económico para os participantes e pode xerar desilusión entre as persoas e colectivos que colaboran no desfile, que consideran un dos máis destacados da Mariña.



O grupo municipal tamén se fai eco das queixas dos colectivos afectados e reprocha ao executivo local que, segundo afirma, non dea resposta ás persoas premiadas unha vez rematado o evento. "Ignoraron aos premiados unha vez sacada a foto do desfile", sinalan os concelleiros.

Ante esta situación, o PP reclama ao goberno municipal que abone de inmediato os premios pendentes e cumpra o compromiso adquirido cos participantes, en recoñecemento ao traballo, ao esforzo e ao investimento económico que require a preparación do desfile.

Oito grupos participarán no VIII Certame de Teatro Concello de Lourenzá

O VIII Certame de Teatro Concello de Lourenzá reúne oito grupos galegos no Multiúsos Ponte de Cuñas cunha programación que se prolongará ata o 28 de novembro. O ciclo comezou o 31 de outubro con Desequilibrados, de Trípode, de Alfoz, e continuou o día 1 de novembro con Trato a cegas, a cargo de Pico do Castro, de Foz.

As próximas representacións serán o 14 de novembro, cando Avelaíña Teatro, de Pontevedra, presentará Pantasmas ás 20.00 horas, e o día 15, coa actuación de O Bicho da Barra, de Ortigueira, que levará ao escenario Unha obra para un pobo, tamén ás 20.00 horas.

A penúltima función terá lugar o 22 de novembro con A farsa de Inés Pereira, do grupo da Asociación Cultural Muíño do Vento, de Ferrol. O certame pechará as representacións o día 28 con Aquí non paga nin dios???, de Touporroutou, de Foz.

A clausura celebrarase o 19 de decembro, ás 20.00 horas, cunha gala de entrega de premios que incluirá a representación de A vida é un soño (ou case), da compañía Señor López Producións.

A Praza César Chavarría vestirá de Nadal o 20 de decembro

O Concello prepara unha nova edición do seu Mercadiño de Nadal, que terá lugar o domingo 20 de decembro na Praza César Chavarría. A actividade desenvolverase ao longo de toda a xornada, desde as 11.00 ata as 20.00 horas, cunha proposta que busca crear un ambiente festivo e ofrecer un espazo de encontro durante estas datas.

A alcaldesa, Rocío López, anima a veciñanza a participar nesta convocatoria, que define como "unha cita para desfrutar do ambiente destas datas e compartir unha xornada especial na nosa vila".

As persoas interesadas en instalar un posto xa poden formalizar a súa inscrición. A participación é totalmente gratuíta, co propósito de facilitar a presenza de expositores no mercado e favorecer o desenvolvemento da iniciativa.

O prazo para presentar as solicitudes permanecerá aberto ata o 16 de decembro. As inscricións poden tramitarse nas oficinas do Concello de Lourenzá ou chamando ao teléfono 982 121 006.

Deste xeito, o municipio volverá contar cunha proposta comercial e festiva vinculada ao Nadal, coa Praza César Chavarría como punto de encontro para a celebración.



A.C. OSORIO GUTIÉRREZ. A A.C. Osorio Gutiérrez logrou tres recoñecementos no Concurso de Música e Canto Tradicional de Sanxenxo: primeiro premio e accésit de vestiario para o grupo infantil e segundo para O Son das Fabas.

riotorto

Riotorto mellora os accesos a tres núcleos rurais con obras por valor de case 50.000 euros



O Concello de Riotorto rematou as obras de mellora dos accesos aos núcleos de Salgados e Vila de Rei, na parroquia de Aldurfe, e está a piques de finalizar a intervención no camiño rural de Veiga de Galegos, que comunica este núcleo coa estrada provincial LU-P-5505. As tres actuacións buscan mellorar a accesibilidade e a seguridade viaria nas zonas rurais.

Nos accesos a Salgados e Vila de Rei renovouse o firme, que presentaba fisuras, fochancas e deformacións. Os traballos incluíron melloras na drenaxe, coa limpeza das cunetas, e a instalación de sinais de Stop nos entronques con outras vías municipais. No ámbito de Salgados atópanse dous cabazos catalogados e protexidos polo seu valor patrimonial.

En Veiga de Galegos, o camiño presentaba unha plataforma de terra con deformacións provocadas polo tránsito de vehículos e pola acción da auga. A intervención contempla a limpeza das cunetas, a preparación do terreo e a construción dun novo firme, cunha base de grixo artificial e unha capa de cinco centímetros de aglomerado en quente. Instalarase unha sinal de Stop.

O investimento nas obras de Salgados e Vila de Rei ascendeu a 29.382,67 euros, IVE incluído, mentres que o orzamento da actuación en Veiga de Galegos alcanza os 19.999,29 euros. En ambos os proxectos, a Consellería do Medio Rural financia o importe sen IVE e o Concello de Riotorto asume o imposto. As dúas intervencións contan cun ano de garantía desde a recepción. Os traballos forman parte do esforzo municipal por manter os accesos aos núcleos rurais e facilitar a actividade económica vinculada ao sector primario.

O Concello organiza unha excursión a Xixón e Oviedo

O Concello de Riotorto organiza unha excursión a Xixón e Oviedo os días 12 e 13 de decembro, cun programa que combina visitas culturais, gastronomía e aloxamento. A actividade contará con 50 prazas e terá un prezo de 150 euros por persoa, con todos os gastos incluídos.

A saída está prevista para as 7:30 horas desde a gasolineira. O sábado 12 de decembro, a viaxe comezará cun almorzo durante o percorrido e unha visita ao Museo da Minería e da Industria do Entrego. Despois, os participantes xantarán nun restaurante local e pola tarde desprazaranse a Oviedo. A xornada rematará cunha cea ás 21:00 horas no hotel ABBA Playa Gijón, onde tamén se aloxarán.

O domingo 13, tras o almorzo no hotel, o grupo visitará Xixón e xantará nun restaurante da zona. Pola tarde, o itinerario continuará cunha visita á Universidade Laboral. A excursión finalizará cunha cea nun restaurante durante o regreso a casa.

A viaxe dispón de 50 prazas, nas que terán preferencia as persoas usuarias dos centros veciñais. As persoas interesadas deberán inscribirse cos monitores dos centros veciñais ou no propio Concello antes do 30 de novembro.

O prezo de 150 euros por persoa inclúe todos os conceptos previstos na excursión, segundo a información facilitada pola organización.

ourol

O Encontro de Maiores contará con comida e música en directo



O Concello xa prepara unha nova edición do seu Encontro de Maiores, que este ano alcanza a súa vixésimo sétima convocatoria. A celebración terá lugar o domingo 6 de decembro no Restaurante Louzao, en Viveiro, cunha xornada que combinará unha comida de confraternidade e música en directo. A iniciativa está dirixida ás persoas maiores de 55 anos empadroadas no municipio, que poderán participar de maneira gratuíta sempre que cumpran as condicións establecidas pola organización.

Tamén poderán asistir os cónxuxes que non estean empadroados en Ourol, así como aqueles que, estando empadroados, non alcancen a idade mínima esixida. Nestes casos, será necesario aboar o importe da entrada, fixado en 50,60 euros.

Ademais, as persoas dependentes que participen no encontro poderán acudir cunha persoa acompañante, que estará exenta do pagamento.

O Concello lembra que todas as persoas asistentes deberán recoller previamente a súa entrada nas dependencias municipais. O encontro busca favorecer a convivencia entre os veciños e veciñas de maior idade, ofrecéndolles unha oportunidade para compartir unha xornada de lecer e reencontro.

vegadeo

Un proxecto busca devolverlle a actividade ao Mazo de Meredo



O Mazo de Meredo, situado no municipio asturiano de Vegadeo, contará cun proxecto de recuperación funcional destinado a conservar este conxunto etnográfico do século XVIII e explorar novas posibilidades de aproveitamento vinculadas ás enerxías renovables e á actividade agraria.

A intervención contempla a rehabilitación do inmoble e a restauración dos seus mecanismos hidráulicos tradicionais, relacionados co uso da forza da auga. Estes traballos permitirán recuperar elementos característicos deste conxunto patrimonial, ao tempo que se estudan novos usos para as instalacións.

Entre as actuacións previstas figura tamén a posta en marcha dunha pequena central hidroeléctrica de 10 quilovatios de potencia, que empregará un parafuso de Arquímedes para aproveitar a enerxía da auga.

O proxecto incorpora, ademais, a adecuación dunha finca municipal para convertela nun Espazo Test Agrario. Este espazo estará orientado a facilitar o desenvolvemento de iniciativas emprendedoras relacionadas coa agroecoloxía e coa actividade no medio rural.

A proposta complétase cun programa de formación e obradoiros comunitarios arredor de cuestións como a enerxía, a alimentación e o rural, co obxectivo de vincular a recuperación do patrimonio con novas oportunidades de aprendizaxe e actividade.

O calendario establece dúas fases de execución, repartidas entre 2026 e 2027. A primeira estará centrada nos trámites necesarios e na restauración do edificio, mentres que a segunda incluirá a instalación dos novos equipamentos previstos.

o vicedo

O Vicedo celebrará o XXXII Encontro Interxeracional de Avós-Netos o 21 de novembro

O Concello do Vicedo celebrará o vindeiro 21 de novembro a nova edición do Encontro Interxeracional de Avós-Netos, que xa chega a súa trixésimo segunda edición e é unha iniciativa dirixida a fomentar a convivencia entre persoas maiores e as novas xeracións.

Poderán participar as persoas xubiladas empadroadas no municipio, os seus cónxuxes, aínda que non estean xubilados, e netos e netas con idades comprendidas entre os 3 e os 18 anos.

O prazo para anotarse estará aberto entre ata o 18 de novembro. As inscricións deberán realizarse nas dependencias municipais dos Servizos Sociais, onde se entregará a entrada para o encontro. Cada persoa adulta deberá aboar unha cota de tres euros.

As persoas que desexen acudir como acompañantes e non estean empadroadas no municipio tamén poderán participar, pero deberán pagar o importe da comida no momento da inscrición.

O PP urxe a renovación do firme e realizar o mantemento periódico da LU-P-6402



Os deputados do Grupo Provincial Popular reclaman, unha vez máis, ao goberno de PSOE e BNG "unha preocupación real polo mantemento da rede viaria provincial" xa que "a seguridade viaria non foi nin é unha preocupación para este goberno provincial á vista do nulo mantemento que realizan da súa rede viaria".

Os deputados comprobaron, entre outras estradas, a LU-P-6402 que, entre outros puntos, presenta numerosas deficiencias á altura do PK5.300, aproximadamente.

O voceiro popular, Antonio Ameijide, insiste na necesidade de renovar esta vía xa que, sobre todo nos meses de verán, conta cunha elevada densidade de circulación. "É preciso renovar o firme, así como non esquecer os desbroces e a limpeza das cunetas xa que a auga corre pola estrada, polo que aumenta o desgaste do firme e, como consecuencia, tamén diminúe a seguridade", recordou.

Ameijide tamén recordou que neste mandato "xa pedimos en varias ocasións que a Deputación poña en marcha un plan de mantemento de estradas" pero "tanto PSOE como BNG sempre votaron en contra do mesmo". Un plan que establecía que se dera prioridade a aquelas estradas nas que houbera máis anos que non se realizaban labores de mantemento ou nas que houbera que actuar de inmediato por motivos de urxencia e seguridade viaria.

Jesús Novo non se presentará ás eleccións municipais de 2027



O alcalde de O Vicedo, Jesús Novo, anunciou que non se presentará ás eleccións municipais de 2027. O rexedor deu a coñecer a súa decisión durante un xantar-baile de confraternidade de afiliados e simpatizantes do Partido Popular celebrado no restaurante Louzao, en Viveiro.

A renuncia á candidatura supón a apertura dunha nova etapa política no municipio, onde Novo leva décadas á fronte do goberno local. En setembro, o propio alcalde xa admitira que lle gustaría ir dando paso a novas xeracións, aínda que daquela non tiña tomada unha decisión definitiva sobre a súa continuidade.

Novo chegou á Alcaldía en xaneiro de 2001, tras a dimisión de Isaac Prado Villapol, cando ocupaba unha acta de concelleiro por AIPV. Nas eleccións municipais de 2003 encabezou por primeira vez a candidatura do PPdeG e conseguiu a maioría absoluta, un resultado que repetiu nas sucesivas convocatorias electorais.

Agora, a decisión de non concorrer aos comicios de 2027 abre o proceso de relevo á fronte do Concello. O enxeñeiro industrial Isaac Campo Fernández, veciño do Vicedo e afiliado ao Partido Popular, optará á Alcaldía. O seu pai é orixinario de Mañón e el estableceuse no municipio.

A marcha de Novo como candidato pon fin á súa longa traxectoria electoral á fronte do goberno municipal e abre unha nova etapa para o PP no Vicedo, que deberá afrontar as próximas eleccións cunha candidatura diferente.

DEPUTACIÓN

Carmela López propón pactar coa Xunta un modelo de financiamento municipal

A Deputación de Lugo disporá no ano 2027 dun orzamento de 155.206.521 euros, unha cifra histórica que é posible grazas á xestión económica que a Deputación veu facendo nos últimos anos e á participación nos ingresos do Estado.

As contas de 2027 crecen un 14,77% respecto ás do exercicio vixente, segundo deu a coñecer a presidenta da Deputación, Carmela López, este luns no Parlamento de Galicia. Porén, a dirixente foi máis aló e aproveitou a comparecencia na Cámara galega para retar a Xunta a abrir o debate sobre o modelo de reparto dos fondos públicos aos concellos.

"Falemos das competencias e dos servizos que estamos asumindo. Quero un acordo que nos obrigue a todos. Tamén a min. Porque hai algo que como alcaldesa de Burela teño moi claro. Non quero depender de quen goberne noutra institución. E tampouco quero que ningún dos 67 concellos dependa de quen presida a Deputación ou a Xunta de Galicia en cada momento", afirmou López.

A presidenta da Deputación quixo incidir na idea de que "os recursos públicos non son favores que conceden os gobernos", senón que "pertencen á cidadanía". Por iso, propón ir a un



modelo no que, cando cambien os gobernos non cambien as regras para os concellos. Os criterios deben ser obxectivos, estables e públicos, defendeu na Cámara galega.

Os Orzamentos da Deputación para 2027, que o goberno prevé someter a debate e a aprobación no pleno este mes, contan con case 20 millóns de euros máis que no ano vixente.

O incremento orzamentario tamén permitirá destinar máis recursos aos eixes cos que o goberno provincial trata de mellorar os servizos aos veciños e de reequilibrar e facer máis competitivo o territorio: as estradas, a atención ás persoas, a prevención e a resposta ás emerxencias e o apoio a sectores económicos que son vitais para a provincia.

Nesta liña, o capítulo de investimentos reais crecerá un 58,92%, ata os 31.053.156 euros.

"A Deputación é o concello dos concellos e a súa principal razón de ser é apoiar os 67 municipios da provincia", destacou a presidenta da institución na súa comparecencia.

Por esa razón, o Plan Deputación 2027 sobe dos 22,24 aos 25 millóns de euros. É un 12,4% máis, fronte ao incremento de 250.000 euros que se viña facendo ata agora en virtude ao acordo de goberno PSOE-BNG.

A Deputación aposta por reforzar un modelo de reparto dos fondos que parte dun mínimo fixo de 150.000 euros e que basea a parte variable en criterios obxectivos (poboación, dispersión, envellecemento...). Outra das fortalezas do Plan Deputación é que permite que sexan os concellos os que decidan o destino da axuda. Coa proposta de 2027, recibirán máis fondos 63 dos 67 concellos, posto que os outros catro xa perciben a contía máxima.

Porén, a presidenta defendeu que o obxectivo da Deputación non só é achegar financiamento aos concellos, senón dotalos de capacidade técnica. "Queremos unha Deputación que non se limite a transferir fondos, senón que tamén ofreza coñecemento, ferramentas e capacidade de xestión", sinalou.

Os Orzamentos de 2027 recollerán de novo fondos para continuar mellorando o servizo de Recadación que a institución presta aos concellos a través dunha aplicación informática que está botando a andar. A este fin irá destinado un millón de euros.

A Deputación tamén continuará investindo en Mencía, a estratexia que lanzou hai uns meses para incorporar a intelixencia artificial de maneira segura e responsable á administración provincial e aos concellos.

Os Orzamentos de 2027 tamén serán innovadores porque recollerán unha partida para impulsar un servizo provincial de drons. O obxectivo é prestar asistencia técnica aos municipios nas actuacións relativas a materias nas que a normativa o permite, como a xestión do territorio, as infraestruturas e o medio ambiente.

Case cinco millóns máis para manter a rede provincial de estradas

As comunicacións volverán ter unha importancia capital nos Orzamentos da Deputación dado que, como se sabe, ten ao seu cargo a rede de estradas máis ampla do territorio español, de 4.217 quilómetros.

A partida de estradas ascenderá a 23,65 millóns de euros, 4,75 millóns máis que en 2026. É un incremento do 25,1% que supón unha aposta pola conservación e o mantemento.

A Deputación, dentro das competencias que ten, reservará fondos en 2027 para reforzar o sistema e avanzar cara a un modelo máis robusto e adaptado á realidade territorial.

A partida de emerxencias sumará 5,51 millóns de euros, un 11% máis que en 2026. A achega ao Consorcio Provincial de Bombeiros situarase en 4,56 millóns de euros, xa que se consignará diñeiro para seguir reforzando os medios materiais e humanos do Consorcio e para tratar de avanzar na integración dos GES..

O Plan Deputación ampliarase ata os 25 millóns de euros

O Plan Deputación para 2027 incrementarase en 2,75 millóns de euros, ao contar cunha dotación total de 25 millóns. A suba do 12,4 % respecto ao exercicio actual supón un aumento histórico fronte aos 250.000 euros anuais que se viñan engadindo ata agora. Ademais, os concellos poderán recibir anticipos de ata o 80 % dos fondos asignados, fronte ao 50 % actual, para dispoñer de máis recursos desde o inicio e executar as actuacións previstas.

O incremento beneficiará a 63 dos 67 municipios da provincia. Lugo, Monforte de Lemos, Vilalba e Viveiro manterán os 600.000 euros que xa reciben, ao alcanzar o límite máximo establecido no plan. Tamén se conservará o actual sistema de reparto, baseado na poboación (40 %), as entidades singulares (25 %), a superficie (20 %) e o índice de envellecemento (15 %), así como unha achega mínima de 150.000 euros por concello.



O Plan Deputación é a principal ferramenta de cooperación económica da institución provincial cos municipios e permite financiar tanto obras e infraestruturas como servizos municipais. Entre os ámbitos aos que se destinan estes fondos figuran a Axuda no Fogar, o emprego, a cultura, o deporte, a promoción turística, as feiras e mercados, a accesibilidade ou a protección civil. A presidenta, Carmela López, defendeu o aumento dos recursos para axudar os concellos a afrontar as necesidades da veciñanza, mentres que o vicepresidente, Efrén Castro, incidiu na importancia desta achega para soster a capacidade de investimento, especialmente nos municipios máis pequenos.

Comeza o proceso para integrar os cinco GES no Consorcio de Bombeiros

A presidenta da Deputación, Carmela López, xunto á deputada Pilar García Porto e persoal técnico da institución mantivo unha reunión con representantes dos GES (Grupos de Emerxencias Supramunicipais) para comunicarlles que, tal como se comprometeu publicamente hai uns meses, a Deputación está en condicións de iniciar o traballo coa Xunta de cara á integración destes grupos no Consorcio Provincial de Bombeiros, organismo do que forman parte ambas administracións.

A Deputación incluirá nos Orzamentos do próximo ano a partida económica que lle corresponde aportar á Deputación para esa integración. A outra metade debe ser consignada pola Administración autonómica, que hai uns meses solicitou a López unha proposta de reforma do Consorcio.

A Deputación conta xa con ese documento, que inclúe unha proposta de integración tanto de medios materiais como persoais, unha proposta de estrutura organizativa e unha folla de ruta, que pasaría pola creación dunha mesa técnica para a reforma administrativa e estatutaria do Consorcio.

Os Orzamentos de 2027 recollerán partidas que permitirán ampliar o cadro do persoal do GES de Cervo, tal como veñen demandando os traballadores deste servizo e o propio Concello. A Deputación garantirá a parte que lle corresponde aportar para pasar de 12 a 18 traballadores.

Igualmente, López cumpre co compromiso de empezar a traballar para dotar os concellos da Montaña dun parque de Bombeiros.

DEPORTES

Foz prepara unha nova edición do Cross Os Castros con andaina e carreiras

O deporte popular volverá ter protagonismo en Foz o domingo 15 de novembro coa celebración do VII Cross Os Castros de Cangas 2026, unha proba organizada por Run Foz Run que combinará actividade física e competición para participantes de diferentes idades.

A programación incluirá unha andaina de 12.500 metros, pensada para quen queira completar o percorrido a un ritmo máis tranquilo, así como un cross absoluto de 6.000 metros. Esta última carreira será puntuable para o circuíto Duacode Run Foz Run.

A xornada tamén reservará un espazo para os máis pequenos cunha carreira prebenxamín de 300 metros, que servirá como preparación para o programa escolar Xogade.

Con esta combinación de modalidades, o Cross Os Castros de Cangas busca reunir nunha mesma cita a corredores, familias e afeccionados á andaina, promovendo a práctica deportiva e a participación popular.

Catro mariñáns completan o Chatarras Raid por Marrocos



Os catro participantes mariñáns do Chatarras Raid, José Ángel Sánchez, Aitor Gómez, María Inés Vázquez e Lara Rodríguez, completaron o percorrido polo deserto de Marrocos e puxeron así o broche final a unha experiencia que mesturou aventura, compañeirismo e solidariedade. A expedición, que comezou o pasado 29 de outubro en dirección a Tánxer, tiña previsto rematar en Marrakech o 6 de novembro, despois de percorrer arredor de 1.600 quilómetros polo territorio marroquí.

O equipo tivo que superar condicións meteorolóxicas adversas nalgúns momentos da ruta, pero conseguiu completar o desafío a bordo dos dous vehículos antigos cos que participou na proba: un Volkswagen New Beetle de 1999, que xa empregaran na edición de 2024, e un Passat de 23 anos.

A aventura reuniu arredor de 250 vehículos e puxo a proba a resistencia dos automóbiles, a orientación dos participantes e a súa capacidade para afrontar as dificultades do terreo. Porén, o reto foi máis alá da vertente automobilística, xa que incorporou tamén unha importante dimensión humanitaria.

Os catro mariñáns cumpriron co obxectivo solidario da iniciativa coa entrega de alimentos non perecedoiros achegados polo Concello de Cervo. A acción forma parte das colaboracións que os equipos participantes realizan durante o percorrido, mediante a distribución de material e produtos de primeira necesidade destinados ás comunidades locais.

Antes da saída, a alcaldesa de Cervo, Dolores García Caramés, e o concelleiro Adrián Arias recibiran os integrantes da expedición na casa consistorial, nun encontro no que o municipio lles fixo entrega dos alimentos e lles trasladou os seus mellores desexos para a aventura.

Unha vez completado o percorrido, o Concello felicitou a José Ángel, Aitor, María Inés e Lara polo esforzo e a capacidade de superación demostrados, así como polo seu compromiso solidario. A institución municipal destacou tamén que os catro levaron o nome de Cervo e da Mariña ata Marrocos.

O Enduro Alfoz-Valadouro regresa o 15 de novembro coa Liga da Moto

O motor volverá ser protagonista na comarca o domingo 15 de novembro coa celebración dunha nova edición do Enduro Alfoz-Valadouro 2026. A competición reunirá pilotos nos municipios de Alfoz e O Valadouro nunha xornada na que deberán demostrar a súa habilidade e resistencia sobre dúas rodas.

A cita enmárcase no Trofeo Café Candelas de Enduro e na Liga da Moto, que impulsan esta modalidade deportiva. Os participantes afrontarán un percorrido no que a destreza técnica e a capacidade para superar as dificultades do trazado serán fundamentais.

A organización xa abriu o prazo de inscrición para os interesados en tomar parte na proba. Tanto os trámites para participar como a información relativa á competición poden consultarse a través da Liga da Moto.

O evento conta coa colaboración dos concellos de Alfoz e O Valadouro, que apoian esta convocatoria deportiva compartida entre ambos e que busca reunir afeccionados ao mundo do motor na comarca.

Sachas gaña en Castropol unha esixente terceira xornada da LNB

Por Daniel Rodríguez Saavedra



Castropol acolleu o 25 de outubro a terceira xornada da LNB NorLeste, unha das citas máis complicadas da tempada. Nesta ocasión, a competición disputouse en seco, pero o forte vento racheado dificultou os lanzamentos e puxo a proba os 57 palanadores participantes. Só seis deles conseguiron alcanzar os 20 puntos.

Sachas, do equipo Troitas Bravas, foi o vencedor da categoría absoluta cun total de 22 puntos. Charli, de Carabullo, e Morás, de Madia Leva, ocuparon a segunda e a terceira posición, respectivamente, ambos con 21 puntos.

Na categoría feminina, Antía, de Troitas Bravas, celebrou a súa estrea na categoría cun primeiro podio. Cris, de Castiñeiro Milenario, foi segunda, mentres que Aroa, de Billardeiros Musicais, rematou terceira.

A competición infantil volveu ter como protagonistas a Mateo e Martín, de Troitas Bravas, que conseguiron o primeiro e o segundo posto. Mateo Lesmes, de Madia Leva, completou o podio.

Por equipos, Billardeiros Musicais, de Ribadeo, mantivo o seu bo momento de forma e sumou a terceira vitoria consecutiva. O conxunto ribadense lidera a clasificación con 248 puntos, por diante de Troitas Bravas, da Pontenova, que acumula 234, e de Madia Leva, de Lugo, con 231.

Na clasificación individual xeral, Félix e Markytos, ambos de Billardeiros Musicais, comparten o liderado con 65 puntos cada un. Morás, de Madia Leva, ocupa a terceira posición con 61 puntos.

Na categoría feminina, Cris, de Castiñeiro Milenario, encabeza a clasificación con 38 puntos. Dori, de Billardeiros Musicais, é segunda con 30, e Aroa, tamén do equipo ribadense, sitúase terceira con 27.

Entre os infantís, Mateo, de Troitas Bravas, lidera a clasificación con 54 puntos, seguido de Martín, do mesmo equipo, con 28, e de Mateo Lesmes, de Madia Leva, con 21.

A entrega de agasallos aos gañadores puxo o broche final a unha dura xornada que, unha vez máis, puxo a proba a resistencia da «serpe multicolor» da LNB. A próxima cita da competición será en Lugo o 15 de novembro, nunha nova xornada para seguir impulsando a billarda.

Dobre éxito mundial para o ourolés Francisco Rodríguez no Mundial de loita de brazos



O deportista ourolés Francisco Rodríguez volve situarse entre os mellores especialistas internacionais da loita de brazos tras conseguir dous importantes resultados no Campionato do Mundo disputado en Nova Deli, na India. O mariñán proclamouse subcampión mundial na competición coa man dereita e acadou a terceira posición coa esquerda, nunha cita que reuniu deportistas de diferentes países.

Este dobre resultado supón un novo éxito para Rodríguez, que continúa ampliando o seu palmarés nunha disciplina na que leva anos competindo e na que se converteu nun dos principais referentes galegos. O ourolés demostra así a súa capacidade para manterse entre a elite internacional tanto na competición coa dereita como coa esquerda.

A súa participación mundialista chega despois dunha tempada na que tamén conseguiu importantes resultados. O pasado mes de maio conquistou a medalla de bronce no Campionato de Europa celebrado en Budapest, na categoría máster de menos de 80 quilos coa man dereita. Posteriormente, proclamouse campión da categoría sénior de menos de 90 quilos na National Armwrestling League, disputada en Barajas (Madrid).

Aprender sobre rodas: a nova aposta deportiva en Xove

A Escola de Skate da ACD Xove comezou ofrece unha alternativa deportiva centrada na aprendizaxe, a autonomía e os hábitos saudables

Por Ana Somoza.

A Asociación Cultural e Deportiva Xove amplía a súa oferta coa creación dunha Escola de Skate, unha iniciativa que nace para aproveitar as instalacións municipais e achegar á infancia e á mocidade unha disciplina en auxe. José Manuel Blanco González, presidente e fundador da entidade, explica que a proposta responde tanto ás posibilidades que ofrece o municipio como á vontade de fomentar deportes minoritarios.

Xove conta cun *skate park* que Blanco González considera un dos mellores da provincia. A infraestrutura construíuse xunto co *pump track* e a área de autocaravanas, froito da aposta municipal por este tipo de equipamentos. O responsable da asociación destaca que estas instalacións están a ter unha boa resposta e que dispoñer delas facilitou a posta en marcha da escola.

"Pois ao dispoñer da infraestrutura, e co apoio do Concello, decidimos crear unha Escola de Skate", explica. A iniciativa busca cubrir un espazo aínda pouco desenvolvido na comarca. "Sería algo novidoso na Mariña, ao non existir moitas escolas, ou ningunha, nunha disciplina que está a coller moito auxe", sinala.

A proposta encaixa na filosofía da ACD Xove, que procura ofrecer alternativas deportivas menos habituais. A asociación contaba cunha escola de fútbol sala, cuxa xestión traspasou este ano á SD Xove FS. A partir dese cambio, decidiu diversificar a programación coa incorporación de catro modalidades: *skate*, pádel, jumping e fútbol gaélico.

"Somos moito da idea de fomentar aqueles deportes minoritarios, polos cales os nenos e nenas teñen máis dificultade de poder optar a eles e á súa práctica", indica Blanco González. Actualmente, a entidade oferta 14 disciplinas deportivas e conta con máis de douscentos alumnos e alumnas.

APRENDIZAXE. A nova escola está dirixida a participantes de entre 6 e 16 anos. Segundo explica o presidente, trátase dunha franxa de idade axeitada para iniciarse nun deporte que require habilidade, coordinación e control psicomotriz. A súa recomendación é comezar canto antes, xa que considera que os máis pequenos poden adquirir con maior facilidade as destrezas necesarias.

"Son as idades ideais para este deporte", afirma. "O ideal é que empecen con seis anos, pois canto máis pequenos, máis fácil é coller a destreza neste deporte que necesita moita habilidade e control psicomotriz", engade.

Non é necesario contar con experiencia previa para participar nas clases. A escola pretende facilitar que os rapaces e rapazas descubran esta disciplina desde cero, sen que a falta de coñecementos sexa un obstáculo. O importante, segundo Blanco González, é ter interese por aprender e ganas de practicar.

"A nivel pedagóxico e psicolóxico, o skate é un 'superalimento' para o desenvolvemento infantil"

A resposta inicial das familias está a ser positiva. O grupo está formado por 26 nenos e nenas, repartidos en dúas quendas de 13 participantes. A asociación decidiu manter esta dimensión para garantir que as sesións permitan unha atención axeitada e que cada alumno poida avanzar na aprendizaxe.

"Son dous grupos de 13 nenos e nenas, 26 en total", concreta. O presidente considera que esa cifra é suficiente para comezar e ofrecer unha actividade de calidade. "Non son máis porque é un número suficiente, para así poder impartir unha clase de calidade e que os nenos e nenas aprendan", explica.

ORGANIZACIÓN. As clases desenvolveranse os xoves, en dous grupos dunha hora de duración aproximada cada un. A distribución dos participantes realizarase segundo as idades, co obxectivo de organizar a actividade tendo en conta as características dos alumnos.

A seguridade será un dos aspectos fundamentais durante as sesións. Blanco González subliña que se trata dunha disciplina na que resulta esencial aprender a controlar os movementos e adquirir destrezas progresivamente. "A seguridade é fundamental neste tipo de deportes", recalca.

A actividade aproveitará as instalacións exteriores do municipio sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan. Durante os días de inverno nos que chova, as clases trasladaranse ao pavillón do colexio, onde a asociación dispón de varias ramplas de esvaramento.



"Ao dispoñer da infraestrutura, e co apoio do Concello, decidimos crear unha Escola de Skate"

"Días de inverno que chova, as clases serán no pavillón do colexio, para o cal dispoñemos de varias ramplas de esvaramento", explica o presidente. Deste xeito, a escola contará cunha alternativa cuberta para continuar coa actividade cando non sexa posible utilizar o *skate park ou o pump track* municipal.

Blanco González destaca precisamente a importancia de contar con estas infraestruturas para desenvolver a iniciativa. "Xove, por sorte, conta coas mellores instalacións deportivas para este deporte, grazas a que o Concello apostou no seu momento por este tipo de infraestrutura deportiva", afirma.



DESENVOLVEMENTO. A ACD Xove concibe a escola como algo máis que unha actividade física. A entidade pretende fomentar o deporte base, crear hábitos saudables e ofrecer aos nenos e nenas unha opción na que poidan aprender sen que a competición sexa o obxectivo principal.

"O ideal é que empecen con seis anos, pois canto máis pequenos, máis fácil é coller a destreza neste deporte"

"Os obxectivos da ACD Xove son simplemente fomentar o deporte base, o deporte nos nenos e rapaces, e xerar neles hábitos saudables e de formación", resume Blanco González. O responsable explica que a asociación quere afastarse parcialmente da presión por gañar que pode acompañar os deportes de equipo tradicionais.

Na súa opinión, o *skate* permite traballar capacidades relacionadas co desenvolvemento psicomotriz e neuronal, ademais da xestión emocional e do carácter. Tamén destaca a súa contribución á autoestima, á autonomía persoal, ao respecto e á diversidade.

"A nivel pedagóxico e psicolóxico, o *skate* é un 'superalimento' para o desenvolvemento infantil", afirma. Blanco González considera que estas características fan da disciplina unha alternativa interesante para a infancia e a adolescencia, máis alá da adquisición de habilidades deportivas.

A asociación entende que ofrecer distintas modalidades facilita que cada neno ou nena poida atopar unha actividade acorde cos seus intereses. Por iso, a creación da escola responde á vontade de ampliar as oportunidades de práctica deportiva no municipio e de incorporar propostas diferentes ás máis estendidas.

FUTURO. A ACD Xove tamén quere contribuír a que o *skate* gañe presenza entre a mocidade local. O seu presidente imaxina as instalacións municipais cheas de rapaces e rapazas que practiquen esta disciplina como unha forma de lecer e actividade física.

"O noso obxectivo tamén vai ser ver o *skate* de Xove cheo de nenos e mozos practicando deporte 'relaxing'", sinala. A entidade non descarta mellorar a iniciativa e ampliar a súa capacidade se a evolución da actividade o permite.

"Sempre imos intentar mellorar e achegar o deporte ao maior número de nenos e nenas"

"Sempre imos intentar mellorar e achegar o deporte ao maior número de nenos e nenas", asegura Blanco González. A prioridade inicial será desenvolver as clases e favorecer que os participantes poidan aprender nun ambiente seguro, con grupos dimensionados para atender as súas necesidades.

O presidente anima as familias a darlles unha oportunidade aos seus fillos e fillas e a achegarse a unha disciplina que, segundo defende, pode achegar beneficios físicos e persoais. "Que os apunten, pois vai ser de gran axuda para os nenos e nenas", conclúe.

MAR

Ferrol e San Cibrao moven máis de 5,2 millóns de toneladas ata setembro

Os portos de Ferrol e San Cibrao moveron 5.296.854 toneladas entre xaneiro e setembro de 2026, fronte ás 5.129.492 do mesmo período de 2025. O incremento foi de 167.362 toneladas, un 3,26 %, mantendo a evolución positiva do tráfico portuario.

A maior suba correspondeu aos graneis líquidos, que sumaron 2.298.296 toneladas, un 31,52 % máis que o ano anterior. O gas natural e o fuel oil foron os principais tráficos deste apartado. Este avance compensou parte da caída dos graneis sólidos, que descenderon un 12,57 %, ata as 2.322.455 toneladas.

A mercadoría xeral tamén rexistrou un retroceso: moveu 676.102 toneladas, fronte ás 725.586 contabilizadas nos nove primeiros meses de 2025. As tensións xeopolíticas afectan especialmente a este segmento e á carga contenerizada. Na terminal de Yilport contabilizáronse 8.093 TEU, equivalentes a 104.843 toneladas, ata o 30 de setembro. O balance global reflicte comportamentos diferentes entre os principais tipos de mercadoría.

A Ribeira de Foz incorpora un equipo para mellorar a seguridade e o mantemento



A asociación Ribeira de Foz dispón dun novo carro de varada móbil para facilitar a retirada da auga das embarcacións atracadas nos peiraos do municipio. A adquisición foi financiada cunha subvención da Deputación de Lugo.

O equipamento permite trasladar por terra barcos de ata dez metros de eslora e tres toneladas de peso. A súa incorporación facilitará os labores de mantemento e permitirá actuar ante emerxencias, como vías de auga ou elementos enredados nas hélices.

O novo dispositivo tamén reducirá o esforzo físico e os riscos durante estas operacións, especialmente para persoas maiores ou con problemas de mobilidade. Ademais, contribuirá a abaratar os custos de conservación dos barcos e facilitar o acceso ao servizo.

Fabricado por Construcións Metálicas Bidueiros, de Cervo, o carro conta coa homologación e o certificado CE. Ribeira de Foz agradeceu o apoio provincial e a colaboración municipal para mellorar os servizos aos usuarios dos peiraos e impulsar a actividade náutica local.

Morás contará cun contradique de 224 metros para reforzar a seguridade das embarcacións



O porto de Morás, en Xove, contará cun contradique de 224 metros fronte ao porto pesqueiro para mellorar as condicións de abrigo e reforzar a protección das embarcacións. O proxecto, impulsado pola Xunta a través de Portos de Galicia, permitirá pechar a dársena e incrementar a superficie de auga resgardada.

A estrutura busca aumentar a seguridade da frota pesqueira amarrada no porto e das embarcacións náutico-recreativas fondeadas, ofrecéndolles maior protección fronte ás condicións do mar. A actuación pretende, ademais, crear máis espazo abrigado no interior da dársena, o que podería facilitar unha ampliación das instalacións portuarias.

A conselleira do Mar, Marta Villaverde informou ao rexedor dos prazos de tramitación previstos para licitar os traballos, comprometidos polo ente público para a localidade.

Villaverde confirmou que a obra de Morás figura entre as once actuacións portuarias incluídas nos orzamentos da Xunta de Galicia para A Mariña lucense en 2027. O contradique constitúe unha intervención orientada tanto a mellorar a seguridade e operatividade como a favorecer as posibilidades de crecemento futuro do porto.

Ribadeo acollerá en 2027 o XVIII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia

Ribadeo acollerá do 1 ao 4 de xullo de 2027 o XVIII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia. A elección foi aprobada por unanimidade pola asemblea xeral extraordinaria de Culturmar, tras avaliar o proxecto presentado pola Asociación Cultural e Deportiva Talameira, que organizará a cita coa colaboración do Concello e da federación.

A decisión culmina o proceso iniciado en marzo, cando a candidatura ribadense recibiu o primeiro respaldo unánime. Será a primeira vez que o encontro se celebre na costa cantábrica galega, achegando esta celebración á Mariña e ampliando o seu percorrido polo litoral.

A cita permitirá divulgar o patrimonio marítimo, as embarcacións tradicionais e a cultura vinculada ao mar. De carácter bienal, o encontro celébrase desde 1993 e reúne barcos de Galicia e doutros lugares, ademais de actividades culturais, conferencias, exposicións, música, danza, artesanía e propostas de lecer. A última edición tivo lugar en 2025 en Ribeira.

Portos non ve posible reverter ao Estado os terreos da Travesía do Porto solicitados por Burela

Portos de Galicia e o Concello de Burela analizaron a proposta municipal para reverter ao Estado determinados terreos portuarios, co obxectivo de que a Administración Xeral do Estado valore posteriormente a súa posible cesión ao Concello. A reunión contou coa participación da presidenta de Portos de Galicia, Natalia Botana, e do concelleiro do Mar de Burela, Ramiro Fernández.

Durante o encontro, Botana explicou as posibilidades de utilización dos terreos incluídos na petición municipal e abordou a situación concreta de cada un deles.

No caso da parcela número 7 da Travesía do Porto, cuxo uso solicita o Concello, Portos de Galicia considera que non pode ser declarada innecesaria para a actividade portuaria. Segundo explicou a presidenta do ente público, o solo presenta posibilidades de explotación vinculadas ao sector e sitúase nunha dársena cunha destacada actividade marítimo-portuaria.

Botana incidiu así mesmo na necesidade de que Portos de Galicia dispoña de solo reservado para permitir o futuro crecemento da actividade portuaria. Neste sentido, destacou tamén a proximidade da parcela aos departamentos de usuarios do peirao.

Con todo, a presidenta de Portos de Galicia abriu a porta a estudar unha alternativa temporal. O ente público valorará se resulta compatible co uso portuario realizar unha cesión temporal ao Concello dunha parte destes terreos mentres non exista unha proposta formal de explotación portuaria.

A situación é diferente no caso do Miradoiro da Limosa, o segundo dos terreos incluídos na petición do Concello de Burela. Segundo explicou Botana durante a reunión, este espazo non forma parte do dominio público marítimo-terrestre, polo que Portos de Galicia non pode tramitar a súa reversión ao Estado.

Expomar busca reforzar os lazos pesqueiros e comerciais entre Burela e Cabo Verde



A Fundación Expomar participou na duodécima Feira das Actividades Económicas Ligadas ao Mar de Cabo Verde, que se celebrou do 15 ao 17 de outubro no porto de Mindelo, na illa de São Vicente. O evento, baixo o lema "Nôs Mar, Nôs Riqueza", reuniu máis de 50 expositores internacionais e incluíu encontros de negocios.

A entidade mariñá formou parte da misión comercial da Consellería do Mar da Xunta, xunto con outras organizacións galegas do sector, co obxectivo de reforzar os vínculos pesqueiros e comerciais entre Galicia e Cabo Verde.

O xerente de Expomar, José M. González, aproveitou a visita para promover unha misión comercial caboverdiana a Burela en maio de 2027, coincidindo coa 21ª edición da feira. A iniciativa, coordinada coa Consellería do Mar e a OPP Burela, buscou facilitar encontros entre empresas e institucións de ambos os territorios.

As xestións comezaron cunha reunión coa Cámara de Comercio de Barlovento. Expomar tamén trasladou ás autoridades locais a invitación da Fundación para participar na próxima edición da feira burelense.

COLABORACIÓNS

Unha oda ao “cuqui”

CULTURA



Rebeca Maseda

Hai proxectos culturais que teñen algo especial. Non necesariamente porque pretendan revolucionar o mundo nin porque leven detrás grandes discursos, senón porque fan algo tan sinxelo —e tan difícil— como coidar cada detalle, traballar con rigor, xerar ilusión e conseguir que a música aconteza de verdade. Camerata Penedès é, sen dúbida, un deses proxectos. Unha oda ao «cuqui», entendido na súa mellor versión: ás cousas feitas con agarimo, intelixencia, sensibilidade e, sobre todo, moito oficio.

O pasado 25 de outubro, o Auditori Maria Rosa Juncosa de Vilafranca del Penedès, localidade onde a formación ten a súa residencia, acolleu un espectáculo extraordinario arredor de Soño dunha noite de verán de F. Mendelssohn, baseada na obra homónima de W. Shakespeare. Unha proposta que partía dun clásico universal para ofrecer unha lectura contemporánea, fresca e orixinal, na que música, palabra e interpretación escénica dialogaban con absoluta naturalidade. Porque os clásicos, cando se abordan sen prexuízos e con imaxinación, non precisan ser embalsamados: están máis vivos ca nunca e seguen tendo moito que dicirnos.

O resultado foi un concerto espectacular en todas as súas dimensións. Musicalmente, pola calidade e o coidado da interpretación; artisticamente, pola coherencia dunha proposta que sabía moi ben o que quería contar; e humanamente, pola capacidade de crear unha experiencia compartida, próxima e emocionante. Neste sentido, merece unha mención moi especial o Cor Aglepta, cuxa participación foi un dos grandes acertos da velada. A súa presenza, a súa expresividade e a súa entrega achegaron unha dimensión sonora e emocional fermosísima, realmente impresionante. Tamén foi fundamental o traballo da actriz Elisabet Casanovas, que achegou á proposta unha presenza escénica chea de personalidade, frescura e naturalidade.



A súa intervención permitiu transitar polo universo shakesperiano con complicidade e sentido do humor, sen renunciar á poesía nin á forza teatral do texto. Unha maneira de achegar Shakespeare ao público actual sen simplificalo, pero tamén sen convertelo nunha peza de museo.

E aquí é onde o proxecto da Camerata adquire unha dimensión que vai moito máis alá dun concerto concreto. Porque o verdadeiramente valioso non é só o que acontece sobre o escenario, senón todo o que fai posible que aconteza. A existencia de formacións e iniciativas culturais deste tipo demostra que a excelencia artística non é patrimonio exclusivo das grandes capitais nin dos principais centros urbanos. Pódese construír unha programación ambiciosa, ofrecer propostas innovadoras e reunir artistas de enorme calidade sen necesidade de desprazar o centro de gravidade cultural ás cidades.

En definitiva, é unha cuestión de democratización cultural, pero tamén de identidade e de comunidade. Trátase de achegar a cultura aos lugares onde vive a xente, de crear hábitos, de fidelizar públicos e de conseguir que a música clásica deixe de percibirse como algo afastado ou reservado a unha minoría. Que un auditorio estea cheo non é un dato menor: é a expresión visible de que existe interese, curiosidade e vontade de participar cando se ofrecen propostas estimulantes e ben construídas. Camerata Penedès representa precisamente iso: unha maneira de entender a cultura como un espazo de encontro, de pertenza e de emoción colectiva. Un proxecto que coida a música, as/os artistas e o público, e que parece ter moi claro que a calidade non está rifada coa proximidade, nin a ambición coa sensibilidade.

Quizais por iso o concerto do 25 de outubro deixou tan bo sabor de boca. Porque, ademais de música e teatro, houbo ideas, beleza, sentido do humor e unha enorme cantidade de traballo ben feito. E porque, ás veces, a mellor maneira de facer grandes cousas é non esquecer o valor das pequenas. Si, a Camerata é unha oda ao «cuqui», pero tamén é unha excelente noticia para a cultura. Longa vida á Camerata!

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
Concello: 982 55 80 01
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
Concello: 982 12 40 02
Garda Civil: 982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
Concello: 982 58 60 00
Policía Local: 982 58 62 11
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
Concello: 982 55 77 77
Policía Local: 615 52 10 52
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
Concello: 982 14 00 27
Policía Local: 982 13 36 40
Garda Civil: 982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
Concello: 982 12 10 06
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOÑEDO
Concello: 982 52 40 03
Policía Local: 982 50 70 40
Garda Civil : 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUROL
Concello: 982 55 91 09
Garda Civil: 982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
Concello: 982 34 22 77
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
Concello: 982 12 86 50
Policía Local: 982 12 86 50
Garda Civil: 982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIOTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
Concello: 982 13 50 11
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
Concello: 982 57 40 00
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
Concello: 982 59 00 02
Garda Civil: 982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
Concello: 982 56 01 28
Policía Local: 982 56 29 22
Policía Nacional 982 56 17 11
Policía Nacional cita DNI 060/ 982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
Concello: 982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE
Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061
Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062

www.amariñaxa.com

AMARIÑAXA
Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.
Teléfono 661 464 323 redaccion@amariñaxa.com
Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@amariñaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións SL
Dep. Legal: LU 5-2019
ISSN 2660-4493

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

DE RUTA EN RUTA

Os camiños da infancia de Avelino Díaz

O percorrido parte da casa onde o poeta viviu os seus primeiros anos e atravesa espazos naturais e núcleos rurais

A ruta de Avelino Díaz comeza na parroquia de Santa Comba de Órrea, a uns 400 metros de altitude, e percorre parte dos antigos camiños que os veciños utilizaban noutra época para desprazarse ata a feira de Meira. O percorrido está ligado á infancia do poeta, que viviu os seus primeiros anos nesta contorna antes de emigrar a Bos Aires en 1910, cidade na que permanecería o resto da súa vida.

O punto de partida sitúase na casa de Avelino Díaz, na Travesa. Nesta vivenda pasou o poeta os seus primeiros dez anos xunto á súa nai, antes de trasladarse a Meira. Desde alí, a ruta continúa cara á igrexa de Órrea, un templo de planta rectangular construído en granito e restaurado a mediados do século XIX. No seu interior destacan unha capela maior de estilo rococó e dúas capelas laterais de estilo barroco.

Os primeiros quilómetros discorren por un terreo practicamente chan. O camiño atravesa o núcleo da Travesa e permite cruzar o río Mourín, afluente do Eo. A paisaxe comeza a cambiar ao chegar á Pena da Abelleira, onde se inicia unha subida de aproximadamente quilómetro e medio a través do Formigueiro.

Este tramo ofrece unha maior presenza de natureza e permite avanzar entre diferentes especies arbóreas, entre as que se atopan carballos, piñeiros e eucaliptos. A subida continúa ata alcanzar os 530 metros de altitude, punto no que aparece a Fonte da Pascua. A partir de aquí, o percorrido suavízase e o camiño deixa atrás o ascenso.

O seguinte tramo volve ser chan e conduce por varios lugares de interese, entre eles a Fonte da Cabana, a Rega do Francés e a Rega da Gadella. Despois destes puntos, o camiño emprende unha nova subida que conduce ata a cima de Xuncás, situada a 650 metros de altitude.

Xuncás constitúe o punto máis elevado de toda a ruta. Desde esta altura pódese contemplar a chaira lucense e tamén as diferentes ladeiras que a rodean, ofrecendo unha ampla panorámica da paisaxe que acompaña o percorrido.

A ruta inicia entón un pequeno descenso no que se atravesan diferentes poboacións, como Leiras, Val da Cal e Parede. O camiño continúa ata chegar á Pena, un lugar especialmente vinculado á vida de Avelino Díaz, xa que foi aquí onde o poeta pasou parte da súa infancia e da súa xuventude. Desde este punto tamén se pode observar a vila de Meira.

O percorrido remata na praza do Convento de Meira, onde a ruta ofrece a posibilidade de completar a visita cun achegamento ao patrimonio da vila. Entre os seus principais elementos atópase o Mosteiro de Santa María de Meira, relacionado coa fundación da vila e construído arredor do ano 1143.

Na actualidade consérvanse a igrexa e parte das antigas edificacións monásticas. Na fachada principal destaca especialmente un gran rosetón. Ademais do mosteiro, un paseo polas rúas de Meira permite descubrir diferentes exemplos da arquitectura civil da zona, visible en elementos como escudos e balcóns. Deste xeito, a ruta combina natureza, paisaxe e patrimonio ao longo dun percorrido estreitamente relacionado cos lugares que marcaron os primeiros anos de vida de Avelino Díaz, desde Santa Comba de Órrea ata a vila de Meira.







DATOS

- 3 horas
- 10 quilómetros
- Dificultade baixa

